

Unha aproximación á Cultura Ambiental da sociedade galega


Estudo demoscópico 2007

Coordinación da colección
Pablo A. Meira Cartea e
Miguel Pardellas Santiago

Redacción
Pablo A. Meira Cartea



Unha aproximación á Cultura Ambiental da sociedade galega



XUNTA DE GALICIA

Unha aproximación á Cultura Ambiental da Sociedade Galega

Estudo Demoscópico 2007 - Proxecto Fénix

Redacción

Pablo Ángel Meira Cartea

Coordinación Proxecto Fénix

Pablo Ángel Meira Cartea

Colaboradores

Antón Lois Estévez, Miguel Pardellas
Santiago, Pablo Montero Souto

Coordinación de área 'Cultura da Sostibilidade'

Pablo Ángel Meira Cartea

Traballo de campo

Cidadanía Soc. Coop.

Coordinación da colección

Pablo Ángel Meira Cartea e Miguel
Pardellas Santiago

Tratamento estatístico

Melania Coya García

Deseño gráfico

ográficodeseño

Maquetación

CEIDA

Revisión lingüística

Reverso Asesoramento Lingüístico S.L.

Impresión

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN (Obra Completa)

978-84-453-4869-7

ISBN

978-84-453-4871-0

DL

C 224-2010



INDICE

Presentación	5
Introdución	9
Capítulo 1. A problemática ambiental identificada pola poboación galega	15
Capítulo 2. O nivel de información e o axuste científico dos coñecementos sobre o medio ambiente	29
Capítulo 3. Actitudes e valoracións sobre a problemática ambiental e sobre as alternativas de resposta	43
Capítulo 4. Hábitos, comportamentos e prácticas sociais relacionadas co medio ambiente	51
Capítulo 5. A educación ambiental vista pola cidadanía galega: concepcións, valoracións e experiencias	71
Capítulo 6. Algunhas conclusións e recomendacións	87
Bibliografía	91
Anexo I. Ficha metodolóxica	A.1
Anexo II. Cuestionario	A.3
Anexo III. Correlacións de Pearson	A.15

Presentación

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Conse lleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

O 23 de outubro do ano 2000 Galicia marcou un fito a nivel nacional na Educación Ambiental ao ser a primeira comunidade autónoma en publicar a súa Estratexia de Educación Ambiental.

Foi este fito froito dun intenso e longo traballo que comezou a agromar o 9 de novembro de 1999 ao ser aprobada a Estratexia Galega de Educación Ambiental polo Consello Galego de Medio Ambiente.

O documento que se presenta nesta publicación é igualmente pioneiro no contexto español da Educación Ambiental ao tratarse do primeiro diagnóstico exhaustivo da situación, a nivel de comunidade autónoma, dos diversos sectores que participan da Educación Ambiental: os educadores ambientais, os equipamentos para a Educación Ambiental, o sistema educativo, as administracións, os medios de comunicación, as asociacións ecoloxistas e ambientais e un estudo demoscópico sobre a percepción da Educación Ambiental por parte da poboación.

Cada análise diagnóstico sectorial vén acompañada de recomendacións suxeridas polo propio sector e supón un punto de partida para unha futura revisión da Estratexia Galega de Educación Ambiental, para o que se precisa un debate social no que participen os sectores activos da Educación Ambiental de Galicia, pero

tamén os sectores receptores da Educación Ambiental.

A sociedade vai cambiando e a conciencia da importancia do medio ambiente é cada vez maior entre os cidadáns; as consideracións ambientais e sociais van adquirindo progresivamente unha maior relevancia na toma de decisións de persoas sensibilizadas, pero tamén de empresas e das propias administracións públicas.

Xa non se trata só de educar. A sensibilización é moi importante e hoxe hai múltiples iniciativas públicas e privadas nese sentido. Agora é tempo de solucións, de proporcionar instrumentos e ferramentas para conseguir obxectivos ambientais e facer máis sostible a nosa sociedade. É momento de unir esforzos e iniciativas públicas e privadas para conseguilo.

Este traballo, auténtica investigación social, supón unha posta a punto no eido da Educación Ambiental. É un valioso documento para reformular, non só na forma senón tamén no fondo, unha nova estratexia para un futuro máis sostible, que integre na nosa economía e infraestruturas a ordenación do territorio, coa vontade de preservar o medio ambiente considerando os aspectos sociais e reforzando a nosa cultura.

Santiago de Compostela, outubro de 2009

No ano 2006 rematou o período de seis anos (2000-2006) establecido como horizonte de aplicación da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). Pasado este tempo, a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) puxo de manifesto a través de distintos documentos a necesidade de actualizar os datos recollidos na EGEA e, ao mesmo tempo, de poñer en marcha un proceso de dinamización do conxunto da Educación Ambiental en Galicia.

En resposta a este requirimento, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible encargou á SGEA a elaboración dun documento diagnóstico base para a (nova) EGEA. Dito encargo levaríase á práctica a través dun Convenio de colaboración, asinado a tal efecto o 26 de novembro de 2006.

Durante os anos 2006 e 2007, a SGEA desenvolveu un traballo de investigación que, lonxe de buscar unicamente un produto final que servira para a elaboración dun novo documento estratéxico, pretendeu contribuír, ademais, para abrir e consolidar espazos e

canles de diálogo, colaboración e coordinación permanentes entre os distintos sectores e axentes que operan no campo da Educación Ambiental en Galicia. Isto é, un "proceso de procesos" que permitira poñer en marcha un novo marco estratéxico para a Educación Ambiental na nosa comunidade.

En novembro de 2007 foi presentado o Informe final do Proxecto Fénix –nome asignado a este proceso de procesos– á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible a partir do que a SGEA asina un novo convenio de colaboración no que, entre outros traballos, aparece recollida a elaboración das publicacións que aquí se presentan.

Con esta publicación, a SGEA, como asociación que busca a dinamización do conxunto de actores implicados na promoción da Educación Ambiental en Galicia, quere contribuír á divulgación e visibilización dun sector –o da Educación Ambiental– que está chamado a xogar un papel protagonista na construción dunha sociedade máis xusta, respectuosa e responsábel co medio ambiente.

Introdución

No marco do Proxecto Fénix, e coa dobre finalidade de realizar un diagnóstico base –unha especie de informe cero– sobre o perfil da cultura ambiental da cidadanía galega e de tentar establecer unha serie de indicadores que permitan detectar e avaliar en réplicas posteriores posibles tendencias na súa evolución, realizouse un estudo demoscópico que tomou como base unha mostra representativa da poboación galega maior de 18 anos.

Aínda que a estrutura e características deste estudo o equiparan a outros similares no campo da socioloxía ambiental, na súa concepción, na selección das cuestións que se formulan e, sobre todo, na lectura interpretativa que se fai dos datos obtidos, tentouse adoptar unha mirada “dende” e “para” a Educación Ambiental. Con esta perspectiva preténdese xerar unha radiografía, sequera esquemática, que axude a entender que cambios culturais e sociais se están a producir na sociedade galega dende a perspectiva dos destinatarios das iniciativas e dos programas educativo-ambientais. Entendemos por programas e iniciativas de Educación Ambiental, nun sentido amplo, o conxunto de accións de intencionalidade informativa, formativa, edu-

cativa ou de dinamización da participación social que teñen como finalidade principal xerar cambios significativos na percepción e valoración social da crise ambiental por parte da poboación así como nas relacións que esta mantén co medio. Con todo isto, quérese contribuír a orientar mellor as prácticas educativas que se están a desenvolver con esta finalidade e a definir de xeito máis informado as liñas estratéxicas que as enmarcan e inspiran.

Un dos obxectivos principais do Proxecto Fénix é propoñer unha serie de indicadores que permitan valorar a evolución do campo da Educación Ambiental en Galicia, tomando como referencia a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) e os principios, directrices e recomendacións para a acción socioeducativa que nela se formularon. Sendo así, entendemos que os datos que se derivan desta demoscopia poden constituír unha plataforma de información útil para esta tarefa; principalmente aqueles que tentan captar cambios ou tendencias de cambio na cultura ambiental da poboación galega ou os que exploran o papel e a incidencia que puideron ou poden ter sobre a cidadanía as iniciativas e

actuacións que agrupamos baixo o rótulo de Educación Ambiental (divulgación, información, comunicación, formación, participación, etc.).

Distintos apartados da EGEA inciden na necesidade de contribuír a xermolar unha nova “cultura ambiental”, ou unha “cultura da sostibilidade”, no conxunto da cidadanía. No enfoque que adopta o documento sobreenténdese que a Educación Ambiental é un instrumento nese labor, e a propia Estratexia unha forma de potencialo. Afírmase, por exemplo, que é preciso implicar ao “maior número de persoas na construción da cultura da sostibilidade e da calidade ambiental” (p. 26), ou que “a EGEA debe contribuír a promover unha cultura da sostibilidade en todos os ámbitos da vida” (p. 39). Cun matiz importante, tamén se recolle na súa redacción que a Educación Ambiental “debe ser un dos instrumentos para normalizala e non debe activarse tan só cando a [poboación] perciba ou se alarme diante dun problema ambiental” (p. 39). A estas referencias expresas é preciso engadir outras que aluden á necesidade de promover cambios estruturais “nos estilos de vida individuais e colectivos” (p. 37), asociados ao logro dun desenvolvemento sostible.

Para que se poidan elaborar indicadores máis relevantes para o seguimento de como a cidadanía galega vai moldeando as súas percepcións, valoracións, coñecementos e prácticas sobre o ambiente e sobre a súa sostibilidade ou insostibilidade, consideramos de especial interese contrastar os resultados deste estudo con outros posteriores, que permitan responder total ou parcialmente ás mesmas cuestións. A finalidade sería trazar unha traxectoria que facilitase a análise diacrónica da evolución da forma en que a sociedade

galega se enfrenta á problemática ambiental. Para este primeiro estudo, trataremos de paliar o baleiro de indagacións precedentes recorrendo a informes sociolóxicos que teñen abordado de xeito parcial algunhas destas cuestións, referidos ao conxunto da poboación galega ou a grupos específicos dela.

Ademais, para os efectos de enriquecer a análise e de situar a “cultura ambiental” da sociedade galega con respecto ao conxunto da sociedade española, establécense algunhas comparacións con estudos demoscópicos realizados a nivel do Estado español, tomando como referencia principal as series de eco-barómetros que o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), dependente do Goberno de España, desenvolveu na última década. Igualmente, na explotación dos datos teranse en conta os resultados obtidos nas outras áreas de análise que aborda o Proxecto Fénix, coa intención de ofrecer un retrato máis complexo e transversal da sociedade galega dende un punto de vista socioambiental.

Coa finalidade enunciada de trazar un perfil básico da “cultura ambiental” emerxente na sociedade galega, consideráronse cinco dimensións de análise, que serviron tamén para estruturar o cuestionario utilizado (ver anexo II):

- ▶ A identificación e valoración que a cidadanía galega fai sobre os problemas ambientais que máis a preocupan, en función de catro escalas espaciais: a local, a autonómica, a estatal e a global.
- ▶ A amplitude e o nivel de axuste da información e dos coñecementos que se manexan sobre o ambiente e a crise ambiental. Neste apartado dedícase especial atención ao cambio climático. Esta decisión baséase

na actualidade e na crecente relevancia que este problema está a adquirir no deseño das políticas ambientais a todos os niveis, e que está chamado a ocupar un papel cada vez máis central no deseño estratéxico das políticas de Educación Ambiental. Pode ser interesante lembrar que a ameaza do cambio climático aparece explicitamente recollida na EGEA -presentada a finais do ano 1999-, enmarcada no apartado de "problemas ambientais de ámbito global", nun confuso *caixón de xastre* que mestura "Cambio climático: efecto invernadoiro, destrución do ozono estratosférico, desertización..." (p. 43), sen acoutar antes ou despois referencias máis específicas sobre a súa concreción en Galicia.

- ▶▶ As actitudes e valoracións que se proxectan sobre a crise ambiental e sobre as políticas de resposta.
- ▶▶ Unha cala nos hábitos, comportamentos e prácticas individuais e colectivas relacionadas co ambiente.
- ▶▶ E, finalmente, un achegamento ás percepcións e valoracións da poboación galega con relación as súas experiencias en contacto con iniciativas, recursos e prácticas de Educación Ambiental.

A exploración desta última dimensión é, con toda seguridade, o aporte máis orixinal e innovador deste estudo e merece un comentario máis extenso. Non é moi usual nos estudos demoscópicos de temática ambiental interrogar sobre cuestións relacionadas coa Educación Ambiental. O máis común, en relación con esta dimensión, é tentar identificar as principais fontes de información sobre o am-

biente que manexan os cidadáns, ou indagar no nivel de coñecementos que posúen sobre o ambiente en xeral ou sobre algunha temática máis concreta do mesmo, e pouco máis.

Cadro 1. Características metodolóxicas do estudo¹

- Universo: poboación residente en Galicia maior de 18 anos.
- Tamaño da mostra: 1.200 persoas.
- Tipo de entrevista: telefónica.
- Tipo de mostraxe: polietápica, atendendo ao tamaño proporcional das catro provincias galegas e a tres tipos de hábitats (municipios de máis de 50.000 habitantes, concellos de entre 10.000 e 50.000 habitantes e concellos de menos de 10.000 habitantes).
- Nivel de erro: +-2,89%, para un nivel de confianza do 95,5%.
- Período de aplicación da enquisa: do 26 de marzo ao 24 de abril de 2007.

Empresa encargada do traballo de campo: Cidadanía

En contra desta tendencia, no presente estudo preténdense captar percepcións e valoracións da cidadanía sobre as experiencias, os recursos e os axentes sociais relacionados coa Educación Ambiental coas que puido entrar en contacto. Interesa, por exemplo, obter datos sobre o nivel de cobertura e penetración na sociedade galega da oferta educativa no campo da Educación Ambiental; e tamén interesa identificar tendencias culturais e novas necesidades que sirvan para reorientar a resposta educativa á crise ambiental no marco da sociedade galega. Con toda seguridade, son

¹ No anexo I describíense con máis detalle as características metodolóxicas relacionadas coa selección da mostra, o seu nivel de representatividade e a organización do traballo de campo.

os ítems que exploran estas cuestións os que poden aportar indicios máis directos sobre o estado da Educación Ambiental en Galicia, e son tamén os que poden servir de base para a construción de indicadores específicos que faciliten o seu seguimento e avaliación.

Dende un punto de vista metodolóxico, o cadro 1 recolle as principais características técnicas do estudo, da selección da mostra e da realización do traballo de campo, información que se amplía no anexo I.

A pesar das restricións que implica optar por unha aplicación telefónica do cuestionario, tanto dende o punto de vista do número de cuestións que se poden incorporar como da sinxeleza á que necesariamente deben cinguirse os ítems formulados, está foi a alternativa elixida dados os recursos dispoñibles para realizar o estudo. Pardos-Prado (2006: 86-87) identifica, como vantaxes das entrevistas telefónicas con respecto ás persoais que permiten unha maior rapidez na realización da enquisa, que supoñen un custo económico inferior e de que producen menores resistencias por parte dos enquisados para conceder a entrevista, ademais de proporcionar unha maior garantía de anonimato. Tamén, facilitan cubrir mostras nas áreas periféricas dunha rexión ou país, xa que a accesibilidade do enquisado non é un problema tan grande, vantaxe que en Galicia é especialmente estimable, tendo en conta a dispersión da poboación. Pero esta modalidade de enquisa tamén presenta inconvenientes. O mesmo autor (2006: 87) sinala que, ao non existir contacto persoal, o enquisado e o entrevistador poden sentirse menos implicados na entrevista e responder de xeito máis superficial. Apunta, tamén, que as entrevistas telefónicas non deben ser demasiado longas dado que, ao non haber contacto directo, o interese na

entrevista e a relación entre entrevistado e entrevistador pode deteriorarse antes. Esta limitación pode levar a simplificar excesivamente as preguntas e as respostas. Este foi, sen dúbida, o principal condicionante na concepción metodolóxica do estudo que aquí se presenta.

Aínda considerando as limitacións enunciadas, os recursos dispoñibles e a mesma temporalización da demoscopia no marco do Proxecto Fénix foron argumentos determinantes para considerar a modalidade de enquisa telefónica como a máis axeitada. Non obstante, esta alternativa implicou renunciar a formular cuestións que, pola súa complexidade ou pola necesidade de utilizar láminas ou ilustracións de apoio, non se adecuaban ás posibilidades do medio telefónico. Non está de máis recomendar, en todo caso, que, de dar continuidade a este estudo nunha serie demoscópica anual –como xa se fai noutras comunidades autónomas (Navarra, Andalucía, País Vasco, etc.)– coa finalidade de xerar series de datos e de indicadores que permitan facer un seguimento da evolución da cultura ambiental da cidadanía galega, se opte por unha modalidade de enquisa directa baseada na entrevista persoal, aínda que esta supoña un maior custo económico e loxístico.

Antes de pasar a unha análise máis pormenorizada dos datos, cómpre destacar unha tendencia xeral detectada no comportamento da mostra e que resulta altamente significativa. Na análise dos datos tivéronse en conta seis variables independentes, para cruzar coas 88 variables sobre as que se capta información na enquisa –derivadas das 27 cuestións sobre cultura ambiental que contén o cuestionario utilizado– e buscar diferenzas significativas en función de distintos perfís sociodemográficos da poboación galega representada na mostra.

Estas variables independentes son a provincia de residencia, o hábitat (considerando a súa distribución en tres categorías: cidades, municipios de 10.000 a 50.000 habitantes e municipios menores de 10.000 habitantes), o xénero, a idade (considerando catro cohortes: de 18 a 29 anos, de 30 a 45 anos, de 46 a 60 anos e maiores de 60 anos), o nivel de estudos e a relación coa actividade (tomando como referencia nestes dous casos as categorías manexadas polo CIS).

O estatístico utilizado para analizar a significación das diferenzas no seu cruce coas variables dependentes é a correlación de Pearson (con dous niveis de significación: ao 0,01 e ao 0,05). O anexo III reflicte unicamente as correlacións significantes aos niveis contemplados naquelas variables nas que se detectaron. Da súa lectura destaca o feito de que a variable que máis inflúe no comportamento diferenciado dos suxeitos da mostra é o nivel de estudos, que presenta diferenzas en 74 das 88 variables dependentes nas que foi detectada algunha diferenza significativa. En segundo lugar aparece a idade (discriminante en 68 das 88) e, en terceiro lugar, o xénero (discriminante en 52 de 88). As que menos parecen influír son, de maior a menor relevancia, o hábitat (discriminante en 48 de 88), a provincia (discriminante en 38 de 88) e a ocupación (discriminante en 28 de 88).

Se ben a lectura das correlacións que se establecen en cada ítem con respecto a estas variables ofrece moitos matices, a primeira apreciación global permite afirmar que o nivel de estudos constitúe unha variable explicativa de primeira orde para discriminar as percepcións, as actitudes e os comportamentos das persoas que integran a mostra analizada. A tendencia xeral das correlacións significativas determinadas por esta variable

independente pode expresarse así: a maior nivel de estudos téndense a asumir maiores niveis de sensibilidade ante a problemática ambiental, unha valoración maior da súa importancia e un maior nivel de asunción de actitudes e comportamentos de natureza pro ambiental.

Con respecto á variable idade, obviamente relacionada coa anterior, a formulación é inversa: a menor idade, maiores niveis de sensibilidade ante a problemática ambiental, de valoración da súa importancia ou de asunción de actitudes e comportamentos de natureza pro-ambiental.

No caso da variable xénero existe unha literatura bastante extensa que afirma unha tendencia máis acusada entre as mulleres a asumir valores ou comportamentos pro ambientais, aínda que neste caso non sempre se constata e, incluso, en moitos ítems, como se verá, as diferenzas indican un perfil máis pro ambiental entre os varóns da mostra. Sorprende, ata certo punto, a menor relevancia relativa que xogan variables como o hábitat ou a provincia, así como a escasa significación que introduce a variable ocupación. O comportamento destas tres variables pode estar indicando a existencia dunha "cultura ambiental" bastante homoxénea dende os puntos de vista da distribución territorial da poboación e do seu status socioeconómico, aínda que a consolidación desta interpretación esixa unha análise máis profunda dos datos.

1 A problemática ambiental identificada pola poboación galega

Esta dimensión foi explorada con relación a catro ámbitos espaciais: o global ou mundial, o español, o galego e o local. Por razóns metodolóxicas, tanto por tratarse dunha enquisa telefónica como para evitar condicionar os problemas citados utilizando unha listaxe previa deles, as catro cuestións enmarcadas neste apartado foron de resposta espontánea. As respostas obtidas foron codificadas posteriormente recorrendo ás categorías que utiliza usualmente o CIS nos seus estudos demoscópicos. O uso das categorías do CIS permitiu, ademais, comparar os problemas ambientais que identifica a poboación galega cos sinalados polo conxunto da poboación española. Complementariamente, para os problemas ambientais identificados en Galicia tamén se aplicou unha listaxe baseada nos problemas ambientais destacados como de interese preferente no texto da Estratexia Galega de Educación Ambiental (pp. 40 a 42). O uso desta categorización *ad hoc* para o ámbito galego, elaborada especificamente para este estudo, tiña como finalidade valorar o nivel de axuste que puidera existir entre o inventario de problemas feito na EGEA e o estado da percepción cidadá sete anos despois

de ser oficialmente aprobada e presentada en sociedade.

Esta segunda aproximación adquire máis sentido ao ter en conta que a listaxe de problemas ambientais identificados e destacados na EGEA, todos eles pertinentes, non tivo a súa orixe en ningunha avaliación en profundidade e sistemática das percepcións da cidadanía galega. Isto é, a listaxe de problemas ambientais aos que a EGEA outorga prioridade non foi froito nun proceso participado de discusión e consenso público ou entre a comunidade científica, senón que formou parte da "caixa negra" no proceso de elaboración do documento definitivo. Un coñecemento máis preciso dos problemas que os cidadáns perciben ou identifican pode permitir un mellor axuste das accións informativas, de comunicación e educativas que se poidan artellar dende os distintos axentes socioeducativos implicados na política ambiental.

Ás persoas enquisadas pedíáselles para cada ámbito espacial (mundial, español, galego e local) que mencionasen "os dous problemas ambientais máis importantes", e entendíase que a orde (1º e 2º) tamén podería aportar información relevante.

Táboa 1. Dígame cales son para Vde. os problemas ambientais máis importantes no mundo (categorización conforme ao estándar do CIS). Citados en primeiro e segundo lugar

	Fénix, 1º lugar	Fénix, 2º lugar	TOTAL*	CIS (2007)
NS/NC	20,1 % (-)	55,1 % (-)	-	25,9 % (-)
Contaminación en xeral	20,0 % (1º)	4,1 % (2º)	24,1 % (1º)	15,2 % (2º)
O cambio climático	15,5 % (2º)	6,0 % (1º)	21,5 % (2º)	28,5 % (1º)
Contaminación industrial	10,3 % (3º)	4,0 % (3º)	14,3 % (3º)	9,6 % (4º)
Contaminación atmosférica	7,1 % (4º)	2,0 % (8º)	9,1 % (4º)	10,3 % (3º)
Incendios forestais	4,0 % (5º)	3,6 % (4º)	7,6 % (5º)	1,9 % (13º)
Capa de ozono	3,7 % (6º)	1,2 % (12º)	4,9 % (6º)	-
Contaminación dos ríos	2,6 % (7º)	1,9 % (9º)	4,5 % (7º)	-
Destrucción de bosques e selvas	2,0 % (8º)	2,4 % (7º)	4,4 % (10º)	5,3 % (6º)
Excesivo número de vehículos	1,8 % (9º)	3,0 % (5º)	4,8 % (9º)	3,5 % (8º)
A sucidade, o lixo	1,8 % (9º)	4,1 % (3º)	5,9 % (8º)	1,6 % (14º)
Construción masiva	1,2 % (10º)	-	1,2 % (14º)	-
Contaminación da auga	1,2 % (10º)	1,7 % (10)	2,9 % (11º)	3,9 % (7º)
Falla de espazos verdes	1,1 % (11º)	-	1,1 % (15º)	-
Contaminación das costas	-	2,5 % (6º)	2,5 % (12º)	1,9 % (13º)
A escaseza de auga	-	1,6 % (11º)	1,6 % (13º)	8,5 % (5º)
Erosión do solo e desertificación	-	-	-	2,9 % (9º)
As centrais nucleares	-	-	-	2,8 % (10º)
A falla de educación medioambiental	-	-	-	2,5 % (11º)
O desbaratamento enerxético	-	-	-	2,3 % (11º)

N=1200. Para simplificar a lectura só se incorporan nas táboas deste apartado os problemas que recibiron un 1 % de mencións ou máis. Os problemas citados en 1º lugar da táboa suman o 92,7 % sobre o total e os citados en 2º lugar suman o 90,0 % sobre o total. As porcentaxes refírense aos enquisados que citaron cada problema en primeiro lugar e en segundo lugar.

Datos do CIS: Estudio núm. 2682 (2007). N=2485. Resposta espontánea, máximo de dúas respostas. Só se inclúen os datos que acadan máis do 1,5 das respostas emitidas. As porcentaxes refírense aos entrevistados que citaron cada problema, independentemente de que o fixeran en primeiro ou segundo lugar. Por esta razón, a suma porcentual é maior que 100.

*A terceira columna presenta as porcentaxes de persoas enquisadas que citaron cada problema, independentemente de que o fixeran en 1º ou 2º lugar. Evidentemente, as porcentaxes resultantes suman máis de 100.

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Na análise dos datos referidos á percepción da problemática mundial, o primeiro que destaca e a alta porcentaxe de enquisados que non fan mención dalgún problema, o 20,1 %, ou que mencionan só un, o 44,9 %. Este comportamento da mostra indica, posiblemente, a persistencia dunha imaxe aínda difusa e tópica dos problemas ambientais e da crise ambiental a nivel global. A táboa 1 recolle a gama de problemas mencionados polas persoas enquisadas, engadindo unha columna cos resultados extractados do último ecobarómetro realizado polo CIS (2007).

Tomando como referencia unicamente a columna que reflicte os problemas citados, sen considerar que aparezan en primeiro ou en segundo lugar, a poboación galega outorga preferencia á "contaminación en xeral" (o 24,1 %). Esta categoría, expresada literalmente por un de cada catro cidadáns enquisados, transluce unha visión esquemática e pouco elaborada da crise global. A expresión "a contaminación", sen máis especificacións, non deixa de ser un concepto "tópico" ou "comodín" da cultura común para facer referencia difusa á problemática ambiental, dentro da que non é posible identificar, polo menos para un de cada catro galegos, causas ou ameazas máis concretas. Fronte a esta lagoa, si é de destacar que o "cambio climático" ocupe o segundo lugar, ao ser aludido ou mencionado polo 21,5 % da mostra. Este dato coincide coa tendencia detectada en numerosos estudos sociais que apunta a unha crecente sensibilidade, dentro das sociedades occidentais en xeral e dentro da sociedade española en particular, fronte a este problema. De feito,

o último ecobarómetro do CIS (2007) sitúa o "cambio climático" como o problema ambiental global máis citado, superando no primeiro posto desta clasificación fatal, e por primeira vez na secuencia de estudos do CIS, á categoría da "contaminación en xeral". En concreto, e con respecto ao anterior ecobarómetro (CIS, 2005), o "cambio climático" pasa de ser citado polo 19,1 % dos cidadáns españois entrevistados a selo polo 28,5 %. O incremento de practicamente 10 puntos porcentuais é considerable, máxime tratándose dunha cuestión de resposta espontánea.

Seguindo coa lectura interpretativa da táboa 1, a "contaminación industrial" (o 14,3 %) e a "contaminación atmosférica" (o 9,1 %) toman posición en 3º e 4º lugar, respectivamente. A presenza destas categorías pode explicarse pola relevancia dos tópicos á hora de captar e explicar a crise ambiental e os seus porqués.

En liñas xerais, o comportamento da mostra galega non é substancialmente distinto ao da mostra da poboación española manexada no estudo do CIS (2007)², sobre todo cando se comparan os problemas que aparecen entre os dez máis citados. As discrepancias son, en todo caso, explicables: a mostra galega é máis sensible aos "incendios forestais" (aparecen en 5º lugar, co 7,6 % de respostas), mentres que a mostra española expresa unha maior sensibilidade coas cuestións relacionadas coa escaseza de auga (8,5 %, en 5º lugar) e coa súa contaminación (3,9 %, en 7º lugar). Aínda que cómpre destacar, con respecto aos problemas relacionados coa auga, que a "contaminación dos ríos" acada unha por-

² Tamén pode atribuírse esta diferenza a un cambio nas categorías utilizadas polo CIS no seu último ecobarómetro (CIS, 2007), dado que as utilizadas para clasificar as respostas recollidas na enquisa do Proxecto Fenix foron adoptadas do ecobarómetro realizado no ano 2005 (CIS, 2005).

centaxe relevante na mostra do Fénix, o 4,5 % (en 7º lugar), mentres que non é mencionada no estudo do CIS (2007). Tamén se pode destacar a taxa significativa de mencións que suma a “capa de ozono”, o 4,9 % na mostra galega, situándose esta problemática global no 6º lugar. En liñas xerais, o estudo do CIS mostra unha maior diversidade de problemas, mentres que na demoscopia do Fénix as respostas se concentran e se polarizan máis claramente nas problemáticas do ambiente máis tóxicas.

A táboa 2 explora as mesmas percepcións, pero referidas ao espazo do Estado español. Igual que no caso anterior, o primeiro dato que chama a atención no comportamento da mostra galega é a alta porcentaxe de enquisados que non citan ningún problema, practicamente un de cada tres galegos, e é aínda máis significativa a proporción dos que só chegan a identificar un problema na escala estatal: 6 de cada 10.

Na análise dos problemas mencionados pódese destacar que a relativa simetría no comportamento das mostras galega e española con respecto á problemática ambiental a nivel global quebra claramente cando o territorio de referencia pasa a ser España. O comodín da “contaminación en xeral”, co 19,4 %, e a “contaminación industrial”, co 16,2 %, aparecen no estudo do Fénix en 1º e 2º lugar, respectivamente. No estudo do CIS que aquí se toma como referencia comparativa (2007), o primeiro lugar está ocupado pola “escaseza de auga” (18,3 %), aínda que a continuación aparecen as ameazas ligadas á contaminación en xeral ou á contaminación industrial en particular, na mesma liña que na mostra galega.

Outra discrepancia importante é a que se refire á identificación dos “incendios fores-

tais” como problemática ambiental. A mostra galega amosa unha maior sensibilidade ante este problema, xa que é o terceiro máis citado en primeiro lugar (o 7,1 %) e ocupa a mesma posición se se suman tamén as citas en segundo lugar (o 11,2 %). Pola contra, na mostra do CIS (2007), aparece no 6º lugar, co 8,4 % das mencións. A maior sensibilidade da poboación galega ante este problema, tamén constatada a escala mundial e que aparecerá expresada aínda en maior medida nos datos referidos á problemática en Galicia e a nivel local, pode explicarse polo momento en que a enquisa foi aplicada, no que aínda perduraba o recordo da vaga de incendios forestais que asolou a xeografía galega no verán de 2006, cun impacto físico e social moito maior que noutras partes do Estado.

No apartado das semellanzas, ambas as mostras conceden unha relevancia similar ao “cambio climático”, xa que é mencionado polo 6,2 % dos enquisados na mostra galega e polo 6,7 % na mostra do CIS, e ocupa o 5º e o 7º lugar con respecto a outras problemáticas identificadas en cada caso. Tendo en conta que no ecobarómetro do CIS de 2005 o “cambio climático” aparecía no décimo primeiro lugar entre os problemas ambientais en España, cun 3,3 % de citas, pódese concluir –como tamén se expresa no espazo global– que existe unha crecente sensibilidade da poboación española e, ao parecer, tamén da galega, con respecto a esta ameaza, que tamén se pode estar expresando na concesión dunha maior relevancia a este problema en ámbitos territoriais máis próximos e significativos para o cidadán.

Táboa 2. Dígame cales son para Vde. os problemas ambientais máis importantes en España (categorización conforme ao estándar do CIS). Citados en primeiro e segundo lugar

	Fénix, 1º lugar	Fénix, 2º lugar	TOTAL *	CIS (2007)
NS/NC	29,2 % (-)	60,6 % (-)	-	20,3 % (-)
Contaminación en xeral	16,6 % (1º)	3,1 % (5º)	19,4 % (1º)	16,8 % (2º)
Contaminación industrial	12,4 % (2º)	3,8 % (3º)	16,2 % (2º)	12,6 % (3º)
Incendios forestais	7,1 % (3º)	4,1 % (2º)	11,2 % (3º)	8,4 % (6º)
O cambio climático	3,9 % (4º)	2,3 % (9º)	6,2 % (5º)	6,7 % (7º)
Contaminación atmosférica	3,8 % (5º)	1,7 % (10º)	5,5 % (7º)	10,8 % (4º)
A escaseza de auga	3,8 % (5º)	1,6 % (11º)	5,4 % (8º)	18,3 % (1º)
Excesivo número de vehículos	3,6 % (6º)	4,6 % (1º)	8,2 % (4º)	10,1 % (5º)
Construción masiva	3,5 % (7º)	2,0 % (8º)	5,5 % (7º)	3,6 % (12º)
Contaminación dos ríos	2,3 % (8º)	2,4 % (7º)	4,7 % (9º)	4,3 % (9º)
A sucidade, o lixo	2,3 % (8º)	3,4 % (4º)	5,7 % (6º)	3,9 % (10º)
Contaminación da auga	1,7 % (9º)	1,3 % (12º)	3,0 % (11º)	4,3 % (9º)
Capa de ozono	1,3 % (10º)	-	1,3 % (12º)	-
Destrución de bosques e selvas	1,3 % (10º)	-	1,3 % (12º)	3,7 % (11º)
Contaminación das costas	1,3 % (10º)	2,5 % (6º)	3,8 (10º)	-
Falla de educación ambiental	-	-	-	5,1 % (8º)
Erosión do solo e desertización	-	-	-	2,9 % (13º)
Contaminación acústica	-	-	-	2,5 % (14º)
Falla de equipamento para a protección do medio	-	-	-	2,3 % (15º)
O desbaratamento enerxético				1,6 % (16)

N=1200. Para simplificar a lectura só se incorporan na táboas deste apartado os problemas que recibiron un 1 % de mencións ou máis. Os problemas citados en 1º lugar da táboa suman o 92,7 % sobre o total e os citados en 2º lugar suman o 90,0 % sobre o total. As porcentaxes refírense aos enquisados que citaron cada problema en primeiro lugar e en segundo lugar.

Datos do CIS: Estudio núm. 2682 (2007). N=2485. Resposta espontánea, máximo de dúas respostas. Só se inclúen os datos que teñen máis do 1,5 das respostas emitidas. As porcentaxes reflicten a porcentaxe de entrevistados que citaron cada problema independentemente que sexa en primeiro ou segundo lugar. Por esta razón, a suma porcentual é maior que 100.

Fonte: Proxecto Fénix 2007

A táboa 3 recolle os datos referidos a identificación da problemática ambiental en Galicia. De novo cómpre destacar a alta taxa de “non respostas”: aínda que a porcentaxe se reduce de xeito significativo entre os que non son capaces de citar ningún problema ambiental referido a Galicia –só un de cada dez enquisados–, segue sendo considerablemente elevada para os que só son capaces de citar un problema –catro de cada dez enquisados–. Dende o noso punto de vista, este é un claro indicador da superficialidade da “cultura ambiental”, traducida aquí na capacidade limitada que demostra unha parte significativa da poboación para identificar problemas concretos. Esta superficialidade ou debilidade tamén

se expresa na preponderancia que teñen –en todas as escalas territoriais contempladas– as alusións xenéricas ou tóxicas á “contaminación en xeral” ou á “contaminación industrial”, categorías que con referencia a Galicia aparecen en 2º (13,3 %) e 3º lugar (12,7 %), respectivamente, cando se suman as mencións realizadas independentemente da orde en que aparecen.

En primeiro lugar, claramente destacada do conxunto, aparece a problemática dos “incendios forestais”, sumando ata o 43,3 % das citas realizadas, o que implica que 4 de cada 10 galegos e galegas fixeron mención dela. Como xa se comentou, a vaga

Táboa 3. Dígame cales son para Vde. os problemas ambientais máis importantes en Galicia (categorización conforme ao estándar do CIS). Citados en primeiro e segundo lugar

	Fénix, 1º lugar	Fénix, 2º lugar	1º + 2º *
NS/NC	11,0 % (-)	42,8 % (-)	-
Incendios forestais	32,9 % (1º)	10,4 % (1º)	43,3 % (1º)
Contaminación en xeral	9,7 % (2º)	3,6 % (7º)	13,3 % (2º)
Contaminación industrial	8,5 % (3º)	4,2 % (6º)	12,7 % (3º)
Contaminación das costas	6,1 % (4º)	5,9 % (3º)	12,0 % (4º)
Contaminación dos ríos	5,7 % (5º)	5,2 % (4º)	10,8 % (6º)
A sucidade, o lixo	4,7 % (6º)	6,6 % (2º)	11,3 % (5º)
Tala de árbores	4,2 % (7º)	4,6 % (5º)	8,8 % (7º)
Construción masiva	3,6 % (8º)	2,6 % (8º)	6,2 % (8º)
Excesivo número de vehículos	1,7 % (9º)	2,2 % (9º)	3,9 % (9º)
O cambio climático	1,7 % (9º)	1,5 % (11º)	3,2 % (11º)
Contaminación atmosférica	1,5 % (10º)	2,0 % (10º)	3,5 % (10º)
Calidade da auga	1,4 % (11º)	1,5 % (11º)	2,9 % (12º)
Falla de Educación Ambiental	-	1,0 % (12)	1,0 % (13º)

N=1200. Para simplificar a lectura só se incorporan na táboas deste apartado os problemas que recibiron un 1 % de mencións ou máis. *A terceira columna presenta as porcentaxes de persoas enquisadas que citaron cada problema, independentemente de que o fixeran en 1º ou 2º lugar. Evidentemente, as porcentaxes resultantes suman máis de 100. Fonte: Proxecto Fénix, 2007

de incendios do ano 2006 estaba aínda moi fresca na memoria colectiva cando a enquisa telefónica foi realizada. Queda por ver, en posteriores estudos, se esta percepción se consolida ou ten unha vixencia conxuntural. A "contaminación das costas", con bastantes referencias directas ao *Prestige*, aparece en 4º lugar, cun 12,0 % de citas, seguida pola "contaminación dos ríos" (10,8 %) e a cuestión dos "residuos" (11,3 %). Este bloque de problemas supera o 10 % de mencións sobre o total.

Tamén son relevantes as taxas alcanzadas pola "tala de árbores" (8,8 %), sobre todo ao vincular esta problemática cos incendios forestais nunha macrocategoría referida á xestión forestal, e pola "construción masiva" (6,2 %), que pode indicar unha tendencia na opinión pública galega a fixarse na relación entre a desorde urbanística e a xestión insostible do territorio. Nesta mesma liña pódense apuntar tamén as mencións ao "excesivo número de vehículos" (3,9 %). Nun sentido máis transversal, os datos mostran que as "consecuencias" (en forma de "contaminacións" varias ou "incendios forestais") tórnase máis visibles para a poboación que as causas estruturais dos procesos de degradación ambiental ("construción masiva", "talas de árbores", "excesivo número de vehículos", etc.). Probablemente sexa esta unha chamada de atención importante para a reorientación do uso dos instrumentos educativos, máxime se o que se quere é fomentar unha cultura da prevención e non simplemente actuar reactivamente, cando as consecuencias da mala xestión dos recursos ou do territorio se manifestan de xeito agudo ou catastrófico.

A táboa 4 introduce un novo punto de vista na análise dos problemas ambientais identificados pola cidadanía galega. Nela recóllese a

categorización das respostas obtidas atendendo á identificación que se fai na EGEA das cuestións ambientais máis críticas e nas que considera que é preciso focalizar as respostas educativas. A categoría que destaca claramente sobre o resto é a referida aos "incendios forestais e a xestión do monte": así a identifican practicamente 5 de cada 10 galegos (o 55,0 %). A continuación, pero a considerable distancia, aparecen unha serie de problemáticas relacionadas co tópico da contaminación e coa xestión dos residuos: a contaminación "das augas continentais" (14,3 %) e "mariñas" (11,7 %), a contaminación "sen especificar" (13,1 %), a "contaminación da atmosfera" (8,9 %), os "residuos industriais" (13,3 %) e os "residuos sólidos urbanos" (10,3 %).

Pero quizais o máis destacado da radiografía que mostra a táboa 5 é a constatación da existencia dunha serie de problemas que, se ben foron identificados na EGEA como de atención prioritaria, pasan practicamente desapercibidos para os cidadáns, se se ten en conta o baixo número de mencións que suman. Neste limbo de "problemas invisibles" aparecen:

- ▶▶ a xestión de residuos especiais (agrogandeiros, sanitarios, etc.), que unicamente suman o 2,0 % das citas;
- ▶▶ a "degradación de espazos naturais de alto valor ecolóxico" e o "empobrecemento da fauna e a flora salvaxes", que acadan respectivamente o 0,7 % e o 1,5 % das referencias, quizais nunha expresión da supervivencia do mito da "Galicia verde" e "natural"; aínda que aquí convén destacar a estimable porcentaxe de entrevistados, o 6,1 %, que fixeron referencia á degradación da paisaxe, categoría na que se agruparon tamén as alusións ás malas prácticas de urbanización;

- ▶ a “contaminación acústica”, a pesar da relevancia social e mediática que está a acadar esta modalidade de impacto ambiental na sociedade galega, unicamente suma o 0,7 % das citas realizadas; esta discrepancia entre a actualidade pública do problema e a baixa percepción que se detecta na mostra pode ser debida a que o ruído non se identifica como unha forma de contaminación ou degradación ambiental, senón como outro tipo de agresión;
- ▶ e os “impactos das explotacións mineiras”, cun mínimo 0,1 %, en contraste tamén coa atención que está comezando a xerar nalgunhas zonas de Galicia a pegada destas actividades sobre a paisaxe e o medio.

Táboa 4. Dígame cales son para Vde. os problemas ambientais máis importantes en Galicia (categorización conforme aos problemas identificados na EGEA). Citados en primeiro e segundo lugar

	Fénix, 1º lugar	Fénix, 2º lugar	1º + 2º
Incendios forestais e xestión do monte	38,8 % (1º)	16,2 % (1º)	55,0 % (1º)
Contaminación (sen especificar)	9,8 % (2º)	3,3 % (7º)	13,1 % (4º)
Residuos industriais	8,8 % (3º)	4,5 % (5º)	13,3 % (3º)
Contaminación das augas (continentais)	7,4 % (4º)	6,9 % (2º)	14,3 % (2º)
Contaminación das augas (mariñas)	6,1 % (5º)	5,6 % (4º)	11,7 % (5º)
Emissiones contaminantes á atmosfera	5,2 % (6º)	3,7 % (6º)	8,9 % (7º)
Residuos sólidos urbanos	3,8 % (7º)	6,5 % (3º)	10,3 % (6º)
Degradación da paisaxe (malas prácticas de urbanización)	3,5 % (8º)	2,6 % (8º)	6,1 % (8º)
Outros residuos (sanitarios, agrogandeiros, etc.)	1,0 % (9º)	1,0 % (9º)	2,0 % (9º)
Degradación de espazos naturais de alto valor ecolóxico	0,5 % (10º)	0,2 % (11º)	0,7 % (11º)
Empobrecemento de flora e fauna salvaxes	0,5 % (10º)	1,0 % (9º)	1,5 % (10º)
Contaminación acústica	0,4 % (11º)	0,3 % (10º)	0,7 % (11º)
Impactos derivados das explotacións mineiras	-	0,1 % (12)	0,1 % (12º)
Outros	3,6 %	5,4 %	8,0
Ningún	0,2 %	-	0,2
NS/NC	11,0 %	42,8 %	-

N=1200. Para simplificar a lectura só se incorporan na táboa deste apartado os problemas que recibiron un 1 % de mencións ou máis.

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 5. Dígame cales son para Vde. os problemas ambientais máis importantes na súa localidade (categorización conforme ao estándar do CIS). Citados en primeiro e segundo lugar

	Fénix, 1º lugar	Fénix, 2º lugar	1º + 2º	CIS (2007)
NS/NC	17,5 % (-)	59,2 % (-)	-	19,9 % (-)
Incendios forestais	13,9 % (1º)	5,0 % (2º)	18,9 % (2º)	2,4 % (15º)
A sucidade, o lixo	11,8 % (2º)	8,4 % (1º)	20,2 % (1º)	14,8 % (1º)
Contaminación industrial	9,2 % (3º)	2,4 % (5º)	11,6 % (3º)	8,3 % (6º)
Contaminación dos ríos	6,5 % (4º)	4,1 % (3º)	10,6 % (4º)	3,7 % (11º)
Contaminación das costas	5,7 % (5º)	2,5 % (4º)	8,2 % (5º)	1,2 % (18º)
Contaminación en xeral	4,7 % (6º)	2,2 % (6º)	6,9 % (6º)	12,9 % (3º)
Contaminación da auga	4,6 % (7º)	2,0 % (7º)	6,6 % (7º)	3,5 % (12º)
Destrucción de bosques e selvas	3,9 % (8º)	2,5 % (4º)	6,4 % (8º)	2,2 % (17º)
Excesivo número de vehículos	3,1 % (9º)	1,2 % (9º)	4,3 % (9º)	13,6 % (2º)
Construción masiva	2,8 % (10º)	1,7 % (8º)	4,5 % (10º)	3,2 % (13º)
Contaminación acústica	2,0 % (11º)	-	2,0 % (12º)	9,7 % (5º)
O cambio climático	1,6 % (12º)	-	1,6 % (13º)	2,9 % (14º)
Contaminación atmosférica	1,1 % (13º)	1,2 % (9º)	2,3 % (11º)	7,4 % (8º)
Escaseza da auga	-	-	-	10,5 % (4º)
Falla de equipamento para a protección do medio	-	-	-	8,2 % (7º)
Falla de educación medioambiental	-	-	-	6,5 % (9º)
Falla de espazos verdes	-	-	-	3,9 % (10º)

N=1200. Para simplificar a lectura só se incorporan na táboa deste apartado os problemas que recibiron un 1 % de mencións ou máis.

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

A táboa 5 explora os problemas ambientais percibidos no espazo local. Tal e como xa se destacou nos ámbitos anteriores, o primeiro que chama a atención é a existencia dunha porcentaxe elevada de cidadáns que non chegan a apuntar ningún problema, o 17,5 %, ou

que mencionan só un, o 59,2 %, unha proporción de 6 de cada 10 entrevistados.

A segunda apreciación que cómpre destacar é a clara diverxencia entre a mostra do Proxecto Fénix e a correspondente ao ecobarómetro do CIS (2007) en resposta ao mesmo ítem. Se

Cadro 2. Contraste entre os problemas ambientais locais sinalados pola mostra da demoscopia e os identificados polos responsables municipais na liña de investigación sobre concellos do Proxecto Fénix³

A relación entre a percepción que teñen os cidadáns da problemática ambiental local e a que manifestan os responsables municipais que cubriron as enquisas destinadas a captar a acción dos concellos galegos no campo da educación e da xestión ambiental presenta coincidencias e diverxencias importantes.

A efectos de simplificar a comparación teremos en consideración unicamente a lista dos 10 problemas ambientais locais máis citados en primeiro lugar, tanto na demoscopia como no estudo sobre a realidade municipal. En todo caso, a lectura que se faga tamén está condicionada pola non coincidencia das categorías utilizadas nun e noutro caso. O seguinte recadro sintetiza estes datos.

Demoscopia		Estudo concellos	
Incendios forestais	13,9 % (1º)	Vertedoiros de lixo incontrolados	27,5% (1º)
A sucidade, o lixo	11,8 % (2º)	Falla de depuración e saneamento de augas	23,5% (2º)
Contaminación industrial	9,2 % (3º)	Contaminación dos ríos	7,8% (3º)
Contaminación dos ríos	6,5 % (4º)	Falla de concienciación / Educación Ambiental	5,9% (4º)
Contaminación das costas	5,7 % (5º)	Falla saneamento da ría	5,9% (4º)
Contaminación en xeral	4,7 % (6º)	Contaminación acústica	5,9% (4º)
Contaminación da auga	4,6 % (7º)	Falla recursos económicos para conservación áreas protexidas	3,9% (5º)
Destrución de bosques e selvas	3,9 % (8º)	Contaminación industrial	3,9% (5º)
Excesivo número de vehículos	3,1 % (9º)	Ordenación do territorio (urbanismo)	3,9% (5º)
Construción masiva	2,8 % (10º)	Problemas de mobilidade (transportes)	3,9% (5º)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Os incendios forestais son o problema ambiental local máis citado pola mostra da demoscopia, mentres que non aparece entre os 10 máis importantes para os responsables municipais.

Cómpre recordar, para relativizar este desaxuste, que cando se fixo o traballo de campo da enquisa aínda estaba moi presente na opinión pública a vaga de incendios que asolou os montes galegos no verán de 2006. En liñas xerais, os actores municipais tenden a situar en primeiro lugar aqueles problemas máis relacionados co seu ámbito de competencias, como a xestión de residuos e as redes de subministración e saneamento de augas, con certa correspondencia coas preocupacións detectadas na mostra. Nesta precisamente, "a sucidade e o lixo" sitúanse no segundo lugar na clasificación de calamidades locais, e o deterioro e contaminación da auga continental ou mariña, dende distintas categorizacións, aparecen entre os postos 4 e 7.

3 Como se sinala na introdución, este estudo demoscópico enmárcase nunha investigación máis ampla e ambiciosa sobre o estado da Educación Ambiental en Galicia que ten como referencia a Estratexia Galega de Educación Ambiental. A súa principal finalidade é avaliar a posible incidencia deste documento na sociedade galega nos sete anos transcorridos dende que foi aprobado polo Consello Galego de Medio Ambiente o 9 de novembro do ano 1999 e publicado como Resolución no DOG núm. 205, do 23 de outubro de 2000. Ao longo do informe, e alí onde os datos o permitan, faranse algunhas lecturas transversais entre os resultados da demoscopia e os obtidos nas outras liñas de indagación que estruturan o conxunto do Proxecto Fénix, principalmente as referidas á actuación dos municipios galegos e ao labor das asociacións naturalistas e ambientalistas no ámbito da Educación Ambiental.

ben en ambas as dúas mostras coincide en primeiro lugar a problemática da "sucidade e o lixo" (co 20,2 % na mostra do Fénix e o 14,8 % na do CIS), as ameazas identificadas difiren notablemente na relevancia que acadan nun e noutro estudo. Salvo a segunda problemática identificada pola poboación galega, os "incendios forestais", co 18,9 % –claramente condicionada pola vaga de incendios acaecida o último verán (percepción potenciada, ademais, neste caso polo número anómalo de incendios que ameazaron núcleos de poboación)–, o resto dos problemas locais apuntados non difiren moito, nin en mencións nin en orde cos apuntados a outras escalas (fundamentalmente no nivel galego e español). Problemas locais nos que cabería esperar a priori cunha maior visibilidade por parte dos cidadáns, como o "excesivo número de vehículos" (4,3 %), a "contaminación acústica" (2,0 %) ou a "construción masiva" (4,5 %), obteñen porcentaxes relativamente baixas na mostra galega, mentres que no estudo do CIS (2007), polo menos os dous primeiros, acadan porcentaxes elevadas: o "excesivo número de vehículos" aparece en 2º lugar co 13,6 %, e a "contaminación acústica" en 5º lugar co 9,7 %. Estas discrepancias poden ser debidas ao maior peso da compoñente rural na sociedade galega, pero tamén poden estar indicando un recoñecemento menos fino e máis determinado polos tópicos ambientais ou polas resonancias mediáticas da problemática ambiental que afecta ao contorno máis inmediato.

Como se aprecia nas cuestións anteriores, os problemas relacionados coa degradación e a calidade da auga identificados na mostra galega aparecen nun segundo plano, o que contrasta coa relevancia que adquiren na mostra española (CIS, 2007), utilizada neste caso como referente comparativo. Con relación a este recurso, a enquisa do Fénix explora a valoración da poboación galega sobre unha cuestión que está, polo xeral, moi lastrada socialmente polos tópicos que identifican a Galicia como un territorio no que a auga é un recurso inesgotable e abondoso (ver táboa 6 e figura 1). Esta apreciación está moi enraizada na cultura común, non sen boas razóns ancoradas na percepción do clima que temos, e naturalízase en forma de expresións como o "país da chuvia", a máis turística e publicitaria "terra da auga", ou o "país dos dez mil ríos" cantado por Cunqueiro. Pois ben, atendendo aos datos da demoscopia, o 65,7 % dos galegos entende que a auga é un ben abundante, mentres que só o 6,4 % estima que se trata dun ben escaso (ver táboa 6). Dado que os entrevistados tiñan que valorar esta cuestión nunha escala de 0 –un ben máis ben escaso– a 10 –un ben máis ben abundante–, a media resultante na mostra é de 6,75 puntos. Esta media duplica matematicamente a obtida no último ecobarómetro do CIS (2007) como resposta a mesma cuestión, que reflicte un valor medio de 3,3 puntos con referencia ao conxunto da poboación española.


Táboa 6. Ata que punto pensa que a auga é un ben abundante ou escaso en Galicia? (porcentaxes)

Puntuación		
0	0,6	Un ben escaso 6,4 %
1	0,2	
2	0,4	
3	5,2	
4	3,8	Punto intermedio 29,0 %
5	12,9	
6	12,3	
7	30,5	Un ben abundante 64,6 %
8	22,1	
9	5,4	
10	6,7	
11	6,7	

N = 1.200. Fonte: Proxecto Fénix, 2007

A percepción asentada na poboación sobre a dispoñibilidade da auga como un recurso abundante no país galego, como se pode ver, pode constituír un obstáculo para as políticas ambientais e os programas educativos que se activen para tentar racionalizar o uso deste recurso vital, para regular e moderar o seu consumo e para evitar a degradación da súa calidade. Habería que comezar, en todo caso, por informar e formar á cidadanía galega sobre a fragilidade deste recurso, sobre a existencia de problemas en Galicia no que se refire á súa dispoñibilidade e xestión, e sobre a súa relevancia ecolóxica e social, desfecendo as representacións e os tópicos establecidos e indo máis aló deles.

Figura 1. Ata que punto pensa que a auga é un ben abundante ou escaso en Galicia?



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Para captar unha valoración máis global do estado do medio en Galicia, formuláronse dúas cuestións complementarias. A primeira demandaba aos entrevistados que valorasen a súa situación actual. Como se aprecia na táboa 7 (figura 2), o 47,7 % cualifícaa de "mala" ou "moi mala", fronte ao 20,8 % que a cualifica de "boa" ou "moi boa"; mentres que o 30,7 % restante entendeu que se "mantén dentro do normal" –unha resposta evidentemente ambigua que non se ofreceu como alternativa na enquisa telefónica, pero que se contabilizou cando a persoa entrevistada se expresou deste xeito–. Cómpre destacar neste ítem que non se aprecian diferenzas estatisticamente significativas en función de variables independentes consideradas (idade, nivel de estudos, sexo, etc.). A segunda cuestión á que nos referimos ía na mesma liña e interrogaba sobre se o medio en Galicia "mellorou", "empeorou" ou "segue igual", tomando como referencia temporal os últimos 10 anos (táboa 8, figura 3). Para pouco máis da metade dos galegos

e galegas da mostra (o 52,8 %), o estado do medio "empeorou" no período en cuestión, mentres que só "mellorou" para 2 de cada 10 (o 21,8 %), e "segue máis ou menos igual"


para a mesma porcentaxe da mostra (o 21,8 %). Tampouco se detectan diferenzas significativas ao cruzar estes resultados xerais coas variables independentes consideradas.

Táboa 7. Cal cre Vde. que é a situación do medio en Galicia na actualidade?

Moi boa	0,4%	20,8%
Boa	20,4%	
Mantense dentro do normal	30,7%	30,7%
Mala	39,9%	47,7%
Moi mala	7,8%	
NS/NC	0,7%	0,7%

N = 1.200. Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 2. Cal cre Vde. que é a situación do medio en Galicia na actualidade?




Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 8. Cre Vde. que o medio en Galicia nos últimos dez anos?

Mellorou	21,8%
Segue máis ou menos igual	21,8%
Empeorou	52,8%
NS/NC	3,6%

N= 1.200. Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 3. Cre Vde. que o medio en Galicia nos últimos 10 anos?



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

2 O nivel de información e o axuste científico dos coñecementos sobre o medio

Unha segunda dimensión obxecto de exploración e análise neste estudo é o axuste entre algúns coñecementos e crenzas instaladas na poboación galega sobre o ambiente e os problemas que o afectan, así como todo aquilo que a ciencia ten contrastado sobre estas realidades.

Como xa se apuntou, dada a necesaria simplicidade e brevidade do cuestionario utilizado (determinada pola súa aplicación telefónica), optouse por centrar a maior parte das indagacións deste apartado na percepción social do cambio climático. Nesta decisión pesou o feito de ser un fito ambiental emerxente, tanto dende o punto de vista da súa crecente relevancia para a opinión pública como pola importancia que se lle está a dar na definición das políticas públicas, que transcende o ámbito estrito da xestión ambiental. En certo modo, a presenza do “cambio climático” entre os problemas ambientais máis citados polos galegos a escala global –aparece en 2º lugar, superado unicamente polo tópico da “contaminación en xeral”- e a escala do Estado español –aparece en 5º lugar–, xustifican tamén esta elección.

A primeira cuestión indaga en se se ten escollido ou non falar sobre o cambio climático. O resultado é contundente: o 94,1 % da mostra

contesta afirmativamente, mentres que unicamente o 5,9 % o fai en sentido negativo (ver táboas da 9 á 11). O comportamento da mostra galega ante este ítem é perfectamente coherente co resultado doutros estudos, sobre a poboación española en particular e sobre a europea en xeral, que están a detectar un alto nivel de saturación na identificación do “cambio climático” como un problema ambiental clara e maioritariamente diferenciado pola cidadanía.

Ademais da rotundidade destes datos, aprécianse tamén diferenzas estatisticamente significativas ao cruzar outras variables. Así, a taxa de persoas que afirman non ter escollido falar sobre o cambio climático concéntrase nos colectivos de cidadáns con menor nivel de estudos (“sen estudos” e “estudios primarios/EXB”; ver táboa 9 e figura 4), nos inactivos dende o punto de vista da ocupación (“xubilados” e “os seus labores”, táboa 10) e nas cohortes de maior idade (táboa 11). Dito máis claramente, a poboación que se mantén completamente allea a esta problemática concéntrase nos sectores de poboación con máis dificultades obxectivas para acceder a información sobre el: persoas maiores, inactivas e que posúen un baixo nivel de estudos.

Táboa 9. Ten escoitado falar sobre o cambio climático? (total e por nivel de estudos, porcentaxes)

4N=1	TOTAL	Sen estudos	Primarios/ EXB	ESO	BUP/COU/ Bacharelato	FP	Universitarios medios	Universitarios superiores	NS/NC
Si	94,1	73,6	91,7	94,9	97,8	99,3	100	100	100
Non	5,9	26,4	8,3	5,1	2,2	0,7	0	0	0
	N=1.200	N=87	N=482	N=39	N=186	N=152	N=118	N=13	

Táboa 10. Ten escoitado falar sobre o cambio climático? (total e por ocupación, porcentaxes)

6N=2	TOTAL	Traballa	Xubilado	Pensionista (non ten traballado)	Parado con traballo anterior	Parado, busca o 1º emprego	Estudiante	Os seus labores	NS/NC
Si	94,1	97,3	88,6	96,8	97,4	100	100	87,9	0,2
Non	5,9	2,7	11,4	3,2	2,6	-	-	12,1	-
	N=1.200	N=520	N=298	N=32	N=78	N=12	N=91	N=16	

Táboa 11. Ten escoitado falar sobre o cambio climático? (total e por idade, porcentaxes)


N=377	TOTAL	18 a 29 anos	30 a 44 anos	45 a 60 anos	Maior de 60 anos
Si	94,1	97,9	96,8	95,2	88,3
Non	5,9	2,1	3,2	4,8	11,7
	N=1.200	N=234	N=317	N=272	

Táboa 12. Para quen ten escoitado falar sobre o cambio climático, cre que ao problema do cambio climático...?

	Fénix (2007)	CIS (2007)
Se lle está dando a importancia que ten	19,8 %	34,6 %
Se lle está dando máis importancia da que ten	9,7 %	6,6 %
Se lle está dando menos importancia da que ten	61,5 %	54,2 %
NS/NC	9,0 %	4,6 %

Fuentes: Fénix (2007, N = 1129) e CIS (2007, Estudio núm. 2682, N= 2061)

Figura 4. Ten escoitado falar do cambio climático? (nivel de estudos, porcentaxe)




Fonte: Proxecto Fénix, 2007

O dato mais elocuente nesta liña márcao a porcentaxe de maiores de 60 anos que afirma non ter escoitado falar do cambio climático, concretamente o 61,1 %.

Ás persoas que recoñeceron ter escoitado falar do "cambio climático" pediúselles unha valoración sobre a importancia que se lle está outorgando a este problema. O resultado é contundente: para 6 de cada 10 entrevistados "se lle está dando menos importancia da que ten" (o 61,4 %), mentres que pouco menos de 2 cada 10 opina que "se lle está dando a importancia que ten", e tamén algo menos de 1 de cada 10 cidadáns pensa que se lle está a dar "máis importancia da que ten". Comparando este mesmo ítem cun similar incorporado ao último ecobarómetro do CIS (2007), a poboación galega amosa claramente un maior nivel de preocupación que a española: un 61,4 % de galegos e galegas que opinan que se lle está a dar menos importancia da que ten, fronte ao 54,2 % que se expresan na mesma liña na mostra española (ver táboa 12 e figura 5).

Figura 5. Para quen ten escoitado falar sobre o cambio climático, cre que ao problema do cambio climático...?




Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 13. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? [ítems relacionados co cambio climático, porcentaxes]

	a) Totalmente verdadeira	b) Probablemente verdadeira	a+b) P. ou t. verdadeira	c) Non sei	d) Probablemente falsa	e) Totalmente falsa	d+e) P. ou t. falsa	NC
1. O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera (FALSO)	42,2	19,8	62,0	17,7	5,1	14,8	19,9	0,4
2. O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima (FALSO)	70,9	16,9	87,8	9,1	1,6	1,3	2,9	0,3
3. Cada vez que usamos carbón, petróleo ou gas contribuímos ao efecto invernadoiro (VERDADEIRO)	77,3	13,7	91,0	5,7	1,6	1,6	3,2	0,2
4. Os cancros de pel incrementaranse como resultado do cambio climático (FALSO)	56,5	27,3	83,8	8,9	3,0	4,0	7,0	0,3
5. O cambio climático está ocasionado pola actividade humana (VERDADEIRO)	69,3	20,6	89,9	4,2	3,3	2,5	5,8	0,1
6. O cambio climático provocará un aumento do nivel do mar (VERDADEIRO)	73,8	17,5	91,3	6,3	1,5	0,8	2,3	0,1
7. O incremento da temperatura media da Terra en 1°C non é demasiado importante (FALSO)	7,2	9,5	16,7	17,0	16,3	49,4	65,7	0,6
8. Galicia verase beneficiada polo incremento medio das temperaturas (FALSO)	8,8	10,4	19,2	11,8	15,1	53,5	68,6	0,4

N=1.200. Consideración da veracidade ou falsidade das afirmacións fíxose tendo en conta os informes oficiais do IPCC.
Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 6. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? (ítems relacionados co cambio climático, porcentaxes)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

O exame das crenzas e coñecementos da poboación galega sobre as causas e as consecuencias do cambio climático ofrece resultados similares a outras investigacións realizadas sobre públicos occidentais. A táboa 13 (ver figura 6) recolle unha serie de afirmacións que reflicten distintos tópicos científicos relacionados co cambio climático, coa finalidade de explorar como son captados e representados polos entrevistados.

As dúas primeiras xiran en torno á suposta –e falsa dende un punto de vista científico– relación causal entre a degradación do ozono estratosférico e o cambio climático. A literatura científico-social, que indaga sobre as percepcións e as representacións sociais do cambio climático nas sociedades occidentais, vén detectando con recorrencia o que xa se coñece como “o gran malentendido”: a

crenza errónea e xeneralizada de que existe un nexos causal entre o “burato na capa de ozono” –causa principal ou concorrente con outras– e o quecemento do planeta. Cómpre dicir, por se o lector alberga algunha dúbida, que esta relación non é tal, aínda que existen complexos procesos sociocognitivos que levaron a que esta “teoría”, propia do sentido común, se instalase fortemente no núcleo da representación social do cambio climático nas sociedades occidentais. O comportamento da mostra galega neste estudo non é, como se pode apreciar, unha excepción: o 62,0 % entende que a afirmación “O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera” é “total” ou “probablemente” verdadeira; e un máis que significativo 87,7 % asume a mesma teoría implícita ao considerar “total” ou “probablemente” verdadeira a afirmación “O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do

clima”, cunha redacción que posiblemente reproduce con maior fidelidade o tópico da creenza socialmente instaurada.

A estes dous ítems, que equiparan a representación social do cambio climático no seo da sociedade galega coa do conxunto das sociedades occidentais, habería tamén que engadir a creenza tamén errónea “Os cancros de pel incrementaranse como resultado do cambio climático”, asumida como verdadeira polo 83,8 % dos entrevistados. A asociación entre cancro de pel e cambio climático é radicalmente falsa dende un punto de vista científico. A súa instalación nas creanzas socialmente compartidas sobre o cambio climático está directamente relacionada coa identificación do “burato na capa de ozono” como causa ou como unha causa principal do quecemento global; dito doutro modo: o “cancro” é un legado da representación social máis antiga da degradación do ozono estratosférico sobre a cal se está a construír a “cultura común” sobre o cambio climático.

Se ben esta a falsa creenza que vincula “burato na capa de ozono” e cambio climático é, como

vimos afirmando, xeneralizada, o certo é que pode convivir con outras apreciacións sobre as causas desta ameaza ambiental global que si están avaladas pola ciencia do clima. Neste sentido, 9 de cada 10 galegos (o 89,9 %) asumen que o cambio climático está causado pola actividade humana –unha polémica perdida ata o momento polos “negacionistas”–; e, practicamente na mesma proporción, o 91,0 % establece un nexo causal entre o uso de combustibles fósiles e a alteración do efecto invernadoiro (ver ítem 3, táboa 13).

Este comportamento tamén se pode contrastar na táboa 14. Nela compáranse os resultados deste estudo con dúas demoscopias do CIS (2000, 2007), tomando como referencia as valoracións a dous asertos comúns ás tres investigacións: “O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera” (falso) e “Cada vez que utilizamos carbón, petróleo ou gas contribuímos ao efecto invernadoiro” (verdadeiro). O primeiro no que cómpre insistir é na creenza xeneralizada de que existe unha relación causa/efecto entre o deterioro da capa de ozono e o cambio climático, que se constata

Táboa 14. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? comparativa entre a poboación española e a galega (ítems relacionados co cambio climático, porcentaxes)

		Totalmente verdadeiro/ Probablemente verdadeiro	Totalmente falso/ Probablemente falso	Non sabe	Non contesta
O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera	2000 Esp	59,0	13,4	26,8	0,8
	2004 Esp	64,4	15,0	19,9	0,7
	2007 Gal	62,0	19,9	17,7	0,4
Cada vez que utilizamos carbón, petróleo ou gas contribuímos ao efecto invernadoiro	2000 Esp	68,8	9,3	21,1	0,7
	2004 Esp	70,6	10,0	18,8	0,6
	2007 Gal	83,8	7,9	8,9	0,4

Fuentes: CIS (2000, Estudio núm. 2390), CIS (2004, Estudio núm. 2557) e Proxecto Fénix (2007).

**Táboa 15. En que medida está Vde. de acordo con esta afirmación? (con nivel de estudos, porcentaxes)
O efecto invernadoiro débese a un burato na atmósfera (FALSO)**

	Totalmente ou probablemente verdadeira	Non sei	Totalmente ou probablemente falsa	NC
Sen estudos	52,3	41,9	4,6	1,7
Primarios/EXB	64,3	26,7	8,7	0,4
ESO	66,7	5,1	28,2	-
BUP/COU/Bacharelato	62,4	10,7	26,3	0,6
FP	68,6	7,8	23,5	-
Medios universitarios	53,4	6,8	39,0	0,8
Superiores universitarios	59,4	3,7	36,8	-

N=1.200. A consideración da veracidade ou falsidade das afirmacións fíxose tendo en conta os informes oficiais do IPCC.
Fonte: Proxecto Fénix, 2007

nos tres estudos comparados. Pero, ademais, a secuencia temporal que presentan indica que esta crenza non parece remitir co transcurso do tempo, a pesar de que, como cabe supoñer, a información científica que se filtra á sociedade sobre esta problemática é cada vez maior e de mellor calidade. O segundo que se pode destacar é o comportamento similar das tres mostras ao sinalar acertadamente a veracidade do segundo enunciado. Destaca, incluso, o comportamento especialmente positivo da mostra galega, no que pode indicar unha tendencia global na correcta identificación da causa antrópica principal á que a ciencia atribúe o quecemento anómalo do clima planetario, as emisións de gases invernadoiro froito da combustión de combustibles fósiles.

A aparente contradición que implica a convivencia de crenzas certas e erradas debe levar a reflexionar sobre como se están a construír as representacións sociais dos problemas ambientais no campo da cultura común. A primeira lección é a toma de conciencia de que non é suficiente con trasladar información científica á sociedade, nin sequera a mellor

información científica dispoñible, sobre un determinado problema ambiental para que os cidadáns adquiran espontaneamente unha visión e unha comprensión clara e científicamente correcta da ameaza. A cultura común obedece aos seus propios mecanismos e procesos de construción da realidade, posúe a súa epistemoloxía singular que opera en base a principios e procesos distintos, obviamente, aos que rexen na produción do coñecemento científico. Son estas diferenzas as que levan a que se poidan fixar socialmente e a que convivan no imaxinario colectivo sen aparente conflito representacións e crenzas que poden ser, incluso, contraditorias entre si.

A cuestión clave, en todo caso, está en saber como estas representacións, científicamente axustadas ou non, se relacionan e inflúen nas actitudes e nas respostas individuais e colectivas ante os problemas "representados". Nun sentido máis estratéxico, pode formularse a interrogante de como poden influír na aceptación ou rexeitamento das políticas sectoriais ou estruturais de resposta. É necesario destacar, en todo caso, que a representación so-

**Táboa 16. En que medida está Vde. de acordo con esta afirmación? (con nivel de estudos, porcentaxes)
O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima**

	Totalmente ou probablemente verdadeira	Non sei	Totalmente ou probablemente falsa	NC
Sen estudos	73,6	25,3	-	1,1
Primarios/EXB	86,5	11,4	1,9	0,2
ESO	92,1	7,9	-	-
BUP/COU/Bacharelato	89,2	5,9	4,3	0,6
FP	95,4	3,3	1,3	-
Medios universitarios	88,1	6,8	4,2	0,9
Superiores universitarios	91,4	3,0	6,0	-

N=1.200. Consideración da veracidade ou falsidade das afirmacións fíxose tendo en conta os informes oficiais do IPCC.
Fonte: Proxecto Fénix, 2007

cial do cambio climático está en construción e que, máis aló da necesidade de educar ou ilustrar cientificamente á cidadanía galega (ou a calquera outra no contexto das sociedades occidentais), será preciso ter en conta tamén como se integra esta información e como se modela o problema dende o punto de vista da cultura común: dende a valoración que se lle outorgue –a percepción dos riscos que derivan da ameaza coñecida e recoñecida–, ata a identificación e a asunción de responsabilidades a través de cambios substanciais nos estilos de vida e da aceptación e apoio ás políticas estruturais de resposta.

Para afondar algo máis na complexidade desta situación achéganse os datos contidos nas táboas 15 e 16. Nelas crúzanse as valoracións sobre os asertos “O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera” e “O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima” coa variable “nivel de estudos” dos entrevistados. En ambos os dous casos constátanse diferenzas estatisticamente significativas.

Con respecto á primeira afirmación, se ben se poden observar ditas diferenzas, o certo

é que se concentran na categoría “non sei”. Unha lectura interpretativa dos datos indica que, canto menor é o nivel de estudos, maior é a proporción de cidadáns que se decantan por esta alternativa de resposta. Tamén é certo que o incremento no nivel de estudos se relaciona cunha maior taxa de acertos, ata superar o 30,0 % entre quen realizaron estudos superiores. Pero é de destacar, sobre todo, que en todas as categorías, incluídas as de nivel universitario, practicamente ó de cada 10 enquisados cren, erroneamente, que están ante unha afirmación verdadeira.

Os resultados da táboa 16 son máis contundentes á hora de relativizar a relación entre o nivel de estudos e a capacidade de discriminar a veracidade dun aserto. Cabería esperar, en clave hipotética, que a un maior nivel de estudos se correspondese unha maior capacidade para discriminar a veracidade o falsidade dende unha óptica científica do enunciado en cuestión, “O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima”. Como no caso inmediatamente anterior, as diferenzas estatisticamente significativas concéntranse nas taxas de

Táboa 17. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? Comparativa entre a poboación galega e unha mostra de estudantes da USC (porcentaxes)

		Total/ Probablemente verdadeiro	Total/ Probablemente falso	Non sabe	Non contesta	(N)
O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima (FALSO)	2004 USC*	92,0	4,6	3,3	0,1	669
	2004 usc área experimental	90,2	6,6	3,0	0,3	334
	2004 USC área social	93,8	2,7	3,6	-	335
O cambio climático está ocasionado pola actividade humana (VERDADEIRO)	2007 Gal	87,8	9,1	0,3	9,1	1.200
	2004 USC*	87,5	8,1	2,8	1,6	669
	2007 Gal	89,9	4,2	0,1	4,2	1.200
Os cancros de pel incrementaranse como resultado do cambio climático (FALSO)	2004 USC*	79,9	12,3	7,5	0,3	669
	2007 Gal	83,8	8,9	0,3	8,9	1.200

Fonte: Proxecto Fénix (2007) e Meira (2004).

* A mostra da Universidade de Santiago de Compostela (Meira, 2004) estaba integrada por 669 estudantes de tres titulacións da área social (psicoloxía, pedagogía e economía) e de tres da área experimental (bioloxía, enxeñería química e farmacia), cunha presenza equilibrada de estudantes do primeiro e do último curso de cada titulación.

enquisados que optan pola alternativa “non sei”, máis altas na categoría “sen estudos” ou entre quen só cursou estudos primarios ou EXB. Pero a interpretación errada é netamente maioritaria en todas as categorías, sen que o feito de ter un maior ou menor nivel de estudos cursados pareza ser determinante nas taxas de acerto.

Os datos recollidos na táboa 17 redundan no papel secundario que parece exercer o nivel educativo na asunción dunha representación errónea das causas do cambio climático. Nela ofrécese a comparación dos datos derivados da enquisa do Fénix cos dun estudo específico realizado sobre unha mostra de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (Meira, 2004). Como se pode apreciar, o comportamento da mostra de estudantes non difire de xeito significativo do da mostra da poboación galega nos tres asertos que se someten

a verificación. Calquera razoamento hipotético previo que prognosticase que unha poboación universitaria debería ter unha maior capacidade para discriminar a falsidade ou veracidade científica dos enunciados (dado que se lle supón un maior acceso á información e, sobre todo, máis recursos intelectuais para analizar o que neles se afirma) queda claramente desmontado polos datos. Incluso, e para afondar máis nesta análise, a comparación no estudo feito na USC entre unha submostra de estudantes de titulacións da “área experimental” e outra da “área social” tampouco permitiu detectar diferenzas estatisticamente significativas. Dito con outras palabras: os estudantes universitarios comparten a mesma pauta representacional do cambio climático que a inmensa maioría dos cidadáns, a pesar de que cabería supoñer que a súa cultura científica,

Táboa 18. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? (ítems relacionados con cuestións básicas no coñecemento do ambiente e dos riscos ambientais, porcentaxes)

	a) Totalmente verdadeira	b) Probablemente verdadeira	a+b) P. ou t. verdadeira	c) Non sei	d) Probablemente falsa	e) Totalmente falsa	d+e) P. ou t. falsa	NS/NC
1. Os seres humanos necesitan do resto de seres vivos para sobrevivir (VERDADEIRO)	89,4	6,7	96,1	1,2	1,2	1,5	2,7	-
2. O osíxeno que respiramos procede das plantas (VERDADEIRO)	76,4	15,6	92,0	2,1	2,1	3,6	5,7	0,1
3. Son poucas as especies de plantas e animais que teñen desaparecido nos últimos anos (FALSO)	5,3	5,0	20,3	12,5	16,6	60,4	76,0	0,2
4. Todo produto químico artificial pode causar cancro se se consume en grandes cantidades (FALSO)	60,4	21,7	82,1	10,0	3,1	4,6	7,7	0,2
5. Os seres humanos proceden de especies animais anteriores (VERDADEIRO)	47,3	22,0	69,3	19,7	3,6	7,1	11,7	0,2
6. Todas as bacterias son prexudiciais para os seres humanos (FALSO)	25,0	10,5	35,5	8,7	12,4	43,3	55,7	0,1
7. Toda clase de radioactividade por moi pequena que sexa causa a morte (FALSO)	27,2	18,6	45,8	11,4	14,2	28,4	42,6	0,3


Fonte: Proxecto Fénix, 2007. N=1.200.

os coñecementos específicos sobre o tema aos que puideron ter acceso na súa formación especializada e a súa capacidade crítica estean por riba do resto dos cidadáns.

Lonxe de derivar desta constatación que a formación científica superior é inútil, o que se destaca é un feito que, por obvio, pode pasar desapercibido: que os "científicos" –ou a persoas con formación científica– son

tamén cidadáns, é dicir, que tenden a compartir unhas representacións semellantes sobre a realidade ás do conxunto da poboación, máxime cando as opinións, os xuízos e as interpretacións sobre a realidade se producen fóra de contextos propiamente científicos ou académicos, que son, en definitiva, nos que transcorre a maior parte da nosa vida.

Figura 7. En que medida está Vde. de acordo con estas afirmacións? (Ítems relacionados con cuestións básicas no coñecemento do ambiente e dos riscos ambientais, porcentaxes)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Ademais da exploración máis detida de tópicos relacionados co "cambio climático", e utilizando o mesmo esquema de enunciados, formuláronse outras cuestións de interese dende o punto de vista da valoración dos coñecementos e das crenzas da cidadanía galega con respecto ao medio natural e ás problemáticas conexas. A táboa 18 e a figura 7 reproducen as respostas globais a estas cuestións.

O axuste entre a percepción cidadá e a veracidade ou falsidade dos enunciados é máximo nos dous ítems que aluden á perda de

biodiversidade: o 96,1 % dos enquisados consideran "verdadeira" a afirmación "Os seres humanos necesitan do resto de seres vivos para sobrevivir", e, complementariamente, o 76,0 % entende que a afirmación "Son poucas as especies de plantas e animais que teñen desaparecido nos últimos anos" é falsa, aínda que neste caso é preciso chamar a atención sobre a porcentaxe da mostra, o 20,3 %, que entende erradamente que tal afirmación se corresponde coa realidade. Porcentaxes maioritarias da mostra tamén asumen acerta-

damente como verdadeiras as afirmacións “O osíxeno que respiramos procede das plantas” (o 92,0 %) e “Os seres humanos proceden de especies animais anteriores” (o 69,3 %), aínda que, neste caso, un de cada dez entrevistados decántase pola súa falsidade.

Os dous últimos enunciados que se someten a valoración polos cidadáns presentan unha lectura interpretativa máis complexa. Ante a afirmación “Todas as bacterias son prexudiciais para os seres humanos”, obviamente falsa dende un punto de vista científico, case 4 de cada 10 entrevistados entenden que é verdadeira (o 35,5 %), mentres que algo máis de 5 de cada 10 atinan ao considerar que é falsa (o 55,7 %). A mostra compórtase de xeito similar ante a afirmación “Toda clase de radioactividade por moi pequena que sexa causa a morte”, enunciado igualmente incorrecto. Nesta liña, os que se decantan pola súa veracidade e os que o consideran erróneo acadan porcentaxes similares: o 45,8 % e o

42,6 %, respectivamente. En ambos os dous casos queda en evidencia a importancia dos formatos e dos contextos nos que chega a información, directa ou indirectamente relacionada co medio, á cidadanía. A confusión que xeran estes enunciados ten moito que ver co feito de que tanto a información relativa ás bacterias como a que se refire ás formas de radiación soe aparecer no contexto de noticias e informacións de nesgo claramente negativo, como vectores asociados a enfermidades e problemas de insalubridade –no caso das bacterias– e a riscos relacionados co uso da enerxía nuclear, tanto no ámbito civil como no militar, ou tamén coa incidencia da “radiación ultravioleta” –no caso da radiación–. A poboación galega non é inmune, como se pode comprobar, a estes procesos de representación social.

3 Actitudes e valoracións sobre a problemática ambiental e sobre as alternativas de resposta

A terceira dimensión que se explora neste estudo ten que ver coas actitudes e os valores explícitos ou implícitos da poboación galega con respecto ao medio e á crise ambiental.

Na táboa 19 recóllense unha serie de afirmacións que pretenden sondar as actitudes da cidadanía galega fronte a posibles enfoques para posicionarse e responder ante a crise ambiental. Estas afirmacións están extraídas de preguntas usuais nas demoscopias ambientais e, máis en concreto, nos ecobarómetros que realiza periodicamente o CIS. De feito, na mesma táboa compáranse as respostas obtidas da mostra do Fénix coas do ecobarómetro realizado polo CIS no ano 2004. A pesar da diferenza entre as datas de realización, cremos que este contraste permite entender e valorar mellor as tendencias que emerxen do estudo que nos ocupa, máxime cando non existe a posibilidade de contar con estudos precedentes sobre a poboación galega (ver figura 8).

En liñas xerais, a mostra galega reflicte unha posición menos optimista e máis escéptica e crítica que a española, tanto na valoración da gravidade da crise ambiental como na con-

fianza en poder superala confiando unicamente nos avances científicos ou na dinámica de progreso económico. Esta diferenza é moi acusada na confianza, ou máis ben desconfianza, no papel que pode xogar a ciencia: o 71,2 % dos enquisados da mostra galega maniféstanse en “desacordo” ou “totalmente en desacordo” co enunciado que di “A ciencia moderna soluciona os novos problemas do medio sen que se produzan grandes cambios no noso estilo de vida”, opinión que só comparte o 36,1 % da mostra do CIS (2004), representativa da poboación española.

A mostra galega tamén amosa un maior grao de desacordo que a mostra española ante o aserto “Preocupámonos demasiado polo futuro do medio e non o suficiente pola situación dos prezos e do emprego”: o 66,3 % fronte ao 44,1 %; comportamento similar ao que se rexistra ante a afirmación “A xente preocúpase demasiado polo dano que o progreso humano causa ao medio”, coa que expresan o seu desacordo practicamente 8 de cada 10 galegos entrevistados, fronte a pouco máis de 5 de cada 10 enquisados no estudo do CIS (2004). O comportamento de ambas as poboacións é máis simétrico ante a afirmación

Táboa 19. En que medida esta Vde. de acordo ou en desacordo coas seguintes afirmacións? [porcentaxes]


		a) Totalmente de acordo	b) De acordo	a) + b)	c) Nin de acordo nin en desacordo	d) En desacordo	e) Totalmente en desacordo	d) + e)	NS/NC
A ciencia moderna soluciona os novos problemas do medio sen que se produzan grandes cambios no noso estilo de vida	Fénix	5,1	10,6	15,7	5,4	29,1	42,1	71,2	7,8
	CIS (2004)	3,0	25,8	28,8	22,5	28,9	7,2	36,1	12,6
Preocupámonos demasiado polo futuro do medio e non o suficiente pola situación dos prezos e do emprego	Fénix	6,8	13,5	20,3	11,0	26,5	39,8	66,3	2,4
	CIS (2004)	6,7	28,5	35,2	16,0	34,5	9,6	44,1	4,6
Case todo o que facemos na época actual prexudica o medio natural	Fénix	31,4	35,4	66,8	6,3	15,9	9,0	24,9	2,2
	CIS (2004)	2,2	47,3	49,5	15,2	18,9	12,8	31,7	3,6
A xente preocúpase demasiado polo dano que o progreso humano causa ao medio	Fénix	5,9	11,2	17,1	3,6	33,4	42,1	75,5	3,7
	CIS (2004)	2,5	22,2	24,7	16,4	40,7	12,3	53,0	5,9
Para protexer o medio é necesario que haxa crecemento económico en Galicia/ España	Fénix	22,0	24,4	46,4	6,8	17,8	21,2	39,0	7,7
	CIS (2004)	9,7	37,9	47,6	13,1	24,1	4,9	29,0	10,3

Fuentes: Proxecto Fénix (2007, N= 1.200). cis (2004, Estudio núm. 2557, N= 2.499).

“Para protexer o medio é necesario que haxa crecemento económico en Galicia/España”, coa que concorda o 46,4 % da mostra galega e o 47,6 % da española; aínda que tamén é certo que o nivel de desacordo é 10 puntos porcentuais mais elevado na mostra galega (o 39,0 %) que na do CIS (o 29,0 %).

Esta pauta reproducése ante o aserto “Case todo o que facemos na época actual prexudica o medio”: nas dúas mostras, unha proporción en torno a 5 de cada 10 entrevistados comparten este enunciado, pero o nivel de desacordo é menor –7 puntos porcentuais– na mostra galega que na española (o 24,9 % fronte ao 31,7 %).

Figura 8. Persoas que están “en desacordo” ou “totalmente en desacordo” coas seguintes afirmacións (porcentaxes)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

En liñas xerais, a principal conclusión que se desprende da lectura destes datos é o maior grao de escepticismo e desconfianza que se pode captar na mostra galega con respecto ás respostas convencionais á crise ambiental, polo menos en comparación cos mesmos ítems do ecobarómetro realizado polo CIS en 2004 sobre unha mostra da poboación española. Os tres anos que separan a realización dun e doutro estudo introducen un matiz que require apelar á prudencia nesta comparación.


Outro aspecto obxecto da sondaxe do Proxecto Fénix é a predisposición da poboación galega a aceptar cambios significativos en hábitos e comportamentos ligados ao estilo de vida que poidan estar relacionados coas causas da crise ambiental. A cuestión formulada forma parte tamén da serie de ecobarómetros do CIS, o que permite trazar unha comparación entre a mostra galega e outras representativas da poboación española (CIS, 2000 e 2004).

Táboa 20. Ata que punto estaría Vde. a favor de aceptar recortes no seu nivel de vida para protexer o medio? (porcentaxes)

	Moi a favor	Bastante a favor	Nin a favor nin en contra	Bastante en contra	Moi en contra	NS/NC	(N)
TOTAL	13,7	59,6	16,8	5,5	1,4	3,0	(1200)
TOTAL (b)	63,3		16,8	6,9		3,0	(1200)
CIS (2000)	2,4	29,9	22,4	27,2	14,1	4,1	(958)
CIS (2004)	2,6	25,1	21,2	29,2	17,6	4,2	(2499)
IDADE							
18 a 29 anos	14,9	63,7	13,7	3,4	1,3	3,0	(234)
30 a 44 anos	16,1	64,3	14,5	2,8	0,9	1,3	(317)
45 a 59 anos	12,5	62,9	15,8	5,5	1,1	2,2	(272)
Maiores de 60 anos	11,9	50,7	21,2	9,0	1,9	5,3	(377)
NIVEL DE ESTUDOS							
Sen estudos	11,2	44,9	30,3	7,9	0,0	5,6	(88)
Primarios/EXB	10,5	57,8	18,4	7,9	1,2	4,1	(483)
ESO	10,5	68,4	10,5	0,0	0,0	10,4	(38)
BUP/COU/ Bacharelato	14,9	62,6	15,0	3,2	1,1	3,2	(186)
FP	17,0	63,3	13,1	3,9	0,6	0,0	(153)
Universitarios medios	14,4	61,0	16,1	5,1	2,5	0,8	(118)
Universitarios superiores	21,6	60,4	11,2	2,2	3,3	0,7	(134)

Fontes: Proxecto Fénix, CIS (2000), CIS (2004).

Figura 9. Ata que punto estaría Vde. a favor de aceptar recortes no seu nivel de vida para protexer o medio natural?



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Antes de analizar con certo detalle os datos que se sintetizan na táboa 20 e na figura 9, cómpre facer unha advertencia: os estudos demoscópicos sobre cuestións ambientais son extremadamente vulnerables a procesos de “desexabilidade social”, isto é, a que as persoas tendan a asumir ou afirmar opinións, valores, actitudes e/ou predisposicións a actuar que se identifican como pro-ambientais, dado que as posicións contrarias se xulgan negativamente dende un punto de vista social. Considerando esta advertencia, a notable diferenza que reflicte o comportamento da mostra galega con respecto aos estudos do CIS (2000 e 2004) pode deberse, nunha medida difícil de estimar, a unha maior vulnerabilidade da mostraxe telefónica a este tipo de distorsións, aínda que a literatura metodolóxica sobre esta modalidade de enquisa non advirte desta posibilidade, polo menos non en maior medida que as enquisas aplicadas de xeito presencial. Podería supoñerse, incluso,

que o carácter máis puntual e impersoal do vínculo telefónico implicase unha menor incidencia deste factor sobre os resultados.

Feita esta reserva, o certo é que a mostra galega amósase “moi” ou “bastante” favorable a aceptar recortes no nivel de vida para protexer o medio natural, agrupando estas dúas alternativas de resposta a algo máis de 6 de cada 10 entrevistados. Pola contra, os que se manifestan “bastante” ou “moi” en contra non superan o 6,9 % da mostra. Esta predisposición positiva contrasta coa maior resistencia que parece asumir a poboación española a adoptar cambios: fronte ao 63,3 % de galegos que declaran estar “moi” ou “bastante” a favor de aceptar recortes no seu nivel de vida para protexer o medio natural, só se expresan na mesma liña o 27,7 % e o 32,3 % das mostras da poboación española, conforme se rexistra nos estudos do CIS realizados en 2000 e 2004, respectivamente. É dicir, a unha distancia moi estimable de 30 puntos porcentuais.

Neste sentido, semella que se produce unha maior correlación entre o comportamento da mostra galega e o recollido tamén no estudo encargado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS, 2003) e que toma como base unha mostra da poboación galega equivalente a que aquí utilizamos. A comparación directa non é posible. Impídeo a distinta formulación da pregunta coa que se explora a predisposición a cambiar –no segundo estudo, para acadar o “desenvolvemento sostible⁴–, e tamén as alternativas de resposta posibles (“si”, “non” e “depende”). Pero, a pesar destas limitacións, no mencionado estudo da DXDS (2003: 146), a porcentaxe de respostas afirmativas acada o 69,3 %, verificándose a mesma tendencia que nos datos froito do Fénix con respecto a esta cuestión.

⁴ A pregunta no cuestionario da DXDS (2004) formúlase como sigue: “Estaría Vde. disposto a cambiar os seus hábitos, o seu estilo de vida ou de consumo para contribuir a acadar o desenvolvemento sostible?”


Dentro da mostra galega do Fénix detéctanse diferenzas estatisticamente significativas atendendo a idade e ao nivel de estudos. Na táboa 20 pódese comprobar, por exemplo, que a predisposición a aceptar cambios significativos é máis acusada entre as cohortes máis novas e vai minguando conforme aumenta a idade dos entrevistados. A mesma tendencia apréciase con relación aos estudos realizados: a maior nivel acadado maior é tamén a predisposición ao cambio por motivacións pro ambientais. Tendencias, por outra parte, coñecidas e rexistradas recorrentemente no campo das demoscopías socioambientais, e mesmo tamén no informe que acabamos de mencionar da DXDS (2003: 147) ao teor deste ítem.

Os datos que aparecen recollidos na táboa 21 contrastan, dalgún xeito, cos que se acaban de expoñer. Se a predisposición a aceptar cambios significativos –recortes no nivel de vida– parece maior na poboación galega que no conxunto da poboación española, a imaxe que aquela expresa sobre as súas propias actitudes ambientais aparece lixeiramente máis negativa que a asumida sobre si mesma pola sociedade española (figura 10). Neste sentido, o 37,8 %

da mostra galega sinala que os galegos “teñen moi pouco respecto e preocupación polos problemas do medio”, fronte a unha porcentaxe oito puntos inferior na mostra española, o 29,3 % (CIS, 2007), aínda sendo certo que son máis os galegos que valoran en positivo as actitudes de respecto e preocupación dos seus concidadáns, o 22,2 %, que os españois, o 17,7 %. E tamén son máis os cidadáns españois que identifican na sociedade española actitudes de respecto polo medio natural, pero non de preocupación, o 48,1 % fronte ao 39,7 % na mostra galega.

A que razóns aluden os enquisados da mostra para explicar o déficit actitudinal que perciben na poboación galega? A táboa 22 recolle os seus argumentos. Para un terzo (o 30,6 %), a principal razón é a “falta de educación” en cuestións ambientais, e outro cuarto, nunha xustificación similar, apela á “escasa información” da cidadanía galega sobre o ambiente (o 19,4 %). A continuación débúllanse outras razóns nas que a “despreocupación e a desidia”, así como o “egoísmo” e a “falta de perspectiva de futuro”, ocupan posicións relevantes que non convén esquecer.

Figura 10. Imos a falar das actitudes dos galegos/españóis ante os problemas do medio natural. Cre Vde. que os galegos/españóis en xeral...?



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 21. Imos a falar das actitudes dos galegos/españóis ante os problemas do medio. Cre Vde. que os galegos/españóis en xeral? (porcentaxes)

	Fénix	CIS (2007*)
Senten respecto e preocupación polos problemas do medio	22,2	17,7
Aínda que lles inspira respecto, non están o suficientemente preocupados	39,7	48,1
Teñen moi pouco respecto e preocupación polos problemas do medio	37,8	29,3
NS/NC	0,3	4,9
	N = 1.200	N = 2.485

Fonte: Proxecto Fénix (2007) e CIS (2007, Estudio núm. 2682)

Táboa 22. A que cre que é debido principalmente que os galegos non se preocupen ou teñan pouco respecto polo medio natural? (resposta espontánea, para os que sinalan as alternativas 2 e 3 na táboa anterior) (porcentaxes)

1º. A falta de educación nestes temas	30,6
2º. A escasa información sobre o ambiente	19,4
3º. Falta de interese, despreocupación, desidia	9,3
4º. Por individualismo, egoísmo	5,9
5º. Falta de perspectiva sobre o futuro	5,4
6º. Porque non se perciben os problemas	4,7
7º. A sensación de non poder participar na solución	3,9
8º. Falta de concienciación	3,5
9º. Por comodidade	2,0
10º. Porque Galicia é moi verde, ten moita natureza	1,7
11º. Pola nosa mentalidade, pola idiosincrasia dos galegos	1,6
NS/NC	4,7
	N=930

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

4 Hábitos, comportamentos e prácticas sociais relacionadas co medio

Pasados cinco anos da catástrofe do *Prestige* pode parecer improcedente e anacrónico ocuparse dela nun estudo coas características e os obxectivos do que aquí se está a presentar. Pero son moitas as aprendizaxes sobre a cultura ambiental da cidadanía galega que poden derivarse da análise da resposta social á que este suceso deu lugar. Para ben e para mal, a catástrofe do *Prestige*, con todo o que a rodeou no seu momento máis álxido e coas consecuencias que tivo a posteriori, constitúe, con toda seguridade, o suceso ambiental máis importante acaecido en Galicia no transcurso da última década. Dende o punto de vista das finalidades deste informe, son moitas as cuestións relacionadas con este suceso que poden resultar interesantes. Así, un debate recorrente no quinquenio transcorrido dende aqueles fatídicos meses vén xirando en torno á natureza e ás motivacións dunha resposta da sociedade galega que foi para moitos imprevisible e absolutamente inesperada, tanto pola súa intensidade como pola súa magnitude.

Para algúns analistas, o *Prestige* marcou o nacemento dunha nova actitude da sociedade galega fronte ás ameazas ambientais e ao

medio en xeral. Así vista, a catástrofe marcaría un antes e un despois en forma de revelación ambiental e cívica que racharía cunha tradición social inobilista, resignada e pasiva. Para outros, á catástrofe converteuse no incidente crítico que fixo emerxer cara ao exterior, e incluso tamén cara ao interior da sociedade galega, un proceso de cambio xeracional que se viña xestando durante o último cuarto do século pasado. O proceso de mutación sociocultural revelado polo *Prestige* no eido ambiental sería o froito combinado da acción dinamizadora do movemento ecoloxista e da choiva fina que, a través das iniciativas da Educación Ambiental dentro e fóra do ensino formal e da penetración social das cuestións ambientais a través dos medios de comunicación, foi calando as mensaxes e as actitudes pro ambientais no seo da sociedade galega, ou polo menos nos sectores da cidadanía máis dinámicos e mellor formados. Nas derivacións desta polémica aparecen outras cuestións relacionadas, das que son de especial interese as que xiran en torno á natureza reactiva ou proactiva do movemento cívico de resposta e as que tratan de fixar a súa magnitude e perfil sociodemográfico. Vexamos como os datos

deste estudo poden axudar a iluminar en algo estas cuestións.

Do conxunto da mostra, practicamente un terzo (o 34,6 %) afirma ter participado nalgunha acción ou iniciativa social de resposta relacionada coa catástrofe do *Prestige*, a pesar de tratarse dunha porcentaxe minoritaria, constitúe un colectivo mobilizado moi importante: unha ampla minoría especialmente activa que, co seu dinamismo, foi quen de influír notablemente no curso dos acontecementos, ata o punto de condicionar a resposta das administracións implicadas, a política informativa dalgúns medios de comunicación e a actitude do conxunto da sociedade galega. Pode afirmarse que esta minoría foi quen de construír a mesma catástrofe, a contracorrente do programa negacionista que algúns sectores institucionais, mediáticos, políticos e da mesma sociedade pretenderon impulsar para negala nun principio, ou para minimizala cando xa se fixo fisicamente incuestionable.

O feito de participar ou non na resposta cívica á marea negra ecolóxica e sociopolítica desencadeada polo *Prestige* presenta diferenzas significativas cando se atende a variables como a idade, a provincia de residencia e o nivel de estudos.

O comportamento das distintas cohortes de idade contempladas (ver táboa 29) apunta a unha clara compoñente xeracional no movemento social de resposta, que confirma unha das peculiaridades sociodemográficas que foi bastante perceptible nas imaxes dos participantes nas múltiples manifestacións e accións públicas que se emprenderon. Así, a cohorte de idade entre os 18 e os 25 anos é a única na que unha maioría de entrevistados afirma ter participado nalgunha iniciativa de resposta: o 54,3 % fronte ao 45,7 % que di non ter participado, cunha brecha de prac-

ticamente 10 puntos de diferenza (ver figura 11). Esta relación xa se inverte na cohorte dos 30 aos 44 anos: os que participaron, o 45,1 %, son 10 puntos menos que os que afirman non telo feito, o 54,9 %. Entre os 45 e os 59 anos, a taxa de participación volve a minguar, ata o 34,8 %, para quedar reducida a un 13,3 % entre os maiores de 60 anos.

As diferenzas no comportamento da mostra por provincias son tamén acusadas. As provincias costeiras, Pontevedra e A Coruña, impoñen o seu maior dinamismo social e demográfico fronte ás provincias interiores, claramente lastradas, neste caso, polo envellecemento e o retroceso da súa poboación entre outras posibles variables. A maior taxa de participación, co 41,8 %, rexístrase en Pontevedra, seguida da Coruña co 32,6 % e Ourense co 30,5 %, quedando a submostra de Lugo, co 26,1 %, a 15 puntos porcentuais da primeira.


O nivel de estudos tamén permite rexistrar diferenzas estatisticamente significativas, de tal xeito que resulta que a maior nivel de estudos, maior e foi tamén a taxa de participación. De feito, a porcentaxe de persoas que afirman ter participado nas mobilizacións de resposta á catástrofe do *Prestige* é mínima entre os galegos "sen estudos" (o 3,4 %), e escasa entre os que cursaron estudos primarios ou EXB (unicamente o 19,3 %). Esta proporción increméntase notablemente entre os que cursaron estudos de formación profesional (o 46,4 %) ou ESO (o 50,0 %) e convértese en maioritaria entre os que teñen cursado BUP/COU ou bacharelato (o 51,3 %) e, sobre todo, entre os que posúen estudos universitarios medios ou superiores, con taxas de participación do 51,7 % e do 54,5 %, respectivamente (ver figura 12).

Táboa 23. Participou Vde. nalgunha acción ou iniciativa social relacionada co naufraxio do Prestíxe? (porcentaxes)

	Si	Non	NS/NC	(N)
TOTAL	34,6	65,4	0,0	(1199)
IDADE				
18 a 29 anos	54,3	45,7	0,0	(234)
30 a 44 anos	45,1	54,9	0,0	(317)
45 a 59 anos	34,8	65,2	0,0	(272)
Maiores de 60 anos	13,3	86,7	0,0	(377)
PROVINCIA				
A Coruña	32,6	67,3	0,0	(484)
Lugo	26,1	73,8	0,0	(163)
Ourense	30,5	69,5	0,0	(153)
Pontevedra	41,8	58,2	0,0	(399)
NIVEL DE ESTUDOS				
Sen estudos	3,4	96,6	0,0	(88)
Primarios/EXB	19,3	80,7	0,0	(483)
ESO	50,0	50,0	0,0	(38)
BUP/COU/Bacharelato	51,3	48,7	0,0	(186)
FP	46,4	53,6	0,0	(153)
Universitarios medios	51,7	48,3	0,0	(118)
Universitarios superiores	54,5	45,5	0,0	(134)


Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 11. Participou Vde. nalgunha acción ou iniciativa social relacionada co naufraxio do Prestige? (por grupos de idade)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 12. Participou Vde. nalgunha acción ou iniciativa social relacionada co naufraxio do Prestige? (por nivel de estudos)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Retomando as cuestións formuladas na introdución á análise destes datos, a súa lectura apunta a que o *Prestige* serviu para desvelar un proceso de cambio sociocultural que xa se viña producindo na sociedade galega e que atopa o seu motor social nas que poderían ser identificadas como “xeracións da educación ambiental” (Meira, 2003, 2005). Son precisamente as cohortes de idade cuxa socialización ambiental se configurou totalmente no transcurso das tres últimas décadas as que nutriron o movemento de resposta. Este comportamento xeracional está obviamente moi vinculado á elevación xeral do nivel educativo

entre os cidadáns galegos, e ten a súas semelanzas nos anos setenta, en relación co impulso modernizador dado ao sistema escolar pola Lei Xeral de Educación de 1970, cos cambios sociais e culturais incubados na transición da ditadura franquista á democracia, e coa aparición pola mesma época na escena social galega dos colectivos e movementos ecoloxistas e naturalistas.

Para afinar máis a comprensión dos feitos sociais desencadeados polo *Prestige* quixemos saber que tipo de iniciativas concretaron a participación dos cidadáns máis activos. A táboa 24 recolle as respostas a esta cuestión.

Táboa 24. Para os que participaron nalgunha iniciativa social relacionada co Prestige, en que tipo de acción ou iniciativa participaron? (porcentaxes)

1º. En manifestacións e actos públicos de protesta	72,1 (25,0)
2º. Traballando como voluntario na limpeza de praias	34,5 (11,9)
3º. Asinando manifestos e documentos de protesta	28,4 (9,8)
4º. Vinculándome á plataforma Nunca Máis	2,9 (1,0)
5º. Enviando cartas de protesta ou denuncia	2,4 (0,8)
6º. Participando en iniciativas e actividades culturais relacionadas co Prestige	2,2 (0,8)
7º. Participando dende o meu colectivo ou asociación	1,9 (0,7)
8º. Creando un grupo ou colectivo específico para responder á situación	1,7 (0,6)
9º. Outras	7,9 (2,8)
	N=415

Fonte: Proxecto Fénix (2007). Entre paréntese aparecen as porcentaxes con respecto ao conxunto da mostra. O total suma máis do 100 % dado que as persoas poden ter participado en máis dun tipo de iniciativa.

En primeiro lugar, cabe destacar que 3 de cada 4 cidadáns implicados na mobilización social fixérono a través da participación en "manifestacións e actos públicos de protesta". Sobre o conxunto da mostra este dato supón falar de 1 de cada 4 cidadáns galegos, unha proporción máis que estimable e que explica o carácter multitudinario de moitas das concentracións realizadas, tanto das convocatorias centrais como das moitas accións locais de protesta que se realizaron por todo o país. O "traballo voluntario na limpeza de praias", co 34,5 %, e o feito de "asinar manifestos e documentos de protesta", co 28,4 %, aparecen nunha segunda escada con porcentaxes notablemente elevados, sobre todo no que respecta á realización de accións de voluntariado, dado o nivel de implicación e compromiso que comportan, cun alto custo en tempo de dedicación, e dada tamén a natureza esixente do traballo a realizar.

As fórmulas de participación que indican e requiren un maior nivel de compromiso suman porcentaxes notablemente menores, pero tamén relevantes dende o punto de vista das minorías máis activas que asumiron o liderado na mobilización social: integrando a plataforma cidadá Nunca Máis (o 2,9 %) ou actuando dende outros grupos que se formaron para a ocasión (1,7 %), ata os que orientaron a súa implicación a través doutros colectivos ou asociacións xa constituídos (o 1,9 %). Son, por retomar o fío do discurso, as minorías máis activas e con maior nivel de compromiso e implicación social dentro, á súa vez, da minoría relativa representada por ese terzo da cidadanía mobilizada pola catástrofe.

A táboa 25 recolle as respostas a outra cuestión que pode ser especialmente relevante para entender mellor o sucedido. Ao preguntar pola "principal motivación" que levou a cada

unha destas persoas a mobilizarse ante a catástrofe, buscábase información que permitira ponderar a natureza reactiva ou proactiva do movemento xerado. É dicir, para valorar se foi unha activación social case instintiva, de resposta a un feito percibido como unha agresión ou unha ameaza moi grave para o corpo social e ante a que se experimentaba un es-

tado de indefensión; ou, pola contra, se se trataba dunha resposta lóxica, conseqüente e premeditada dun sector da sociedade, engrosado polas "xeracións da educación ambiental", que estaba especialmente maduro dende o punto de vista do desenvolvemento dunha nova conciencia ambiental e un alto compromiso cívico.

Táboa 25. Para os que participaron nalgunha iniciativa social relacionada co Prestige, cal foi a súa PRINCIPAL motivación para mobilizarse ante a catástrofe? (porcentaxes, resposta espontánea)

1º. Porque non me podía quedar sen facer nada ante a magnitude do desastre	22,5
2º. A defensa do medio de vida e a solidariedade coas persoas que viven do mar	19,7
3º. A indignación ante a torpe reacción da Administración	17,3
4º. A miña conciencia ecoloxista ante o desastre ambiental	14,7
5º. O intento por parte da Administración de minimizar a catástrofe	9,9
6º. Pola aldraxe a nosa terra	9,6
7º. Por colaborar como cidadán nun problema de todos	0,7
Outras	5,6
	N=415

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Obviamente, sería sumamente inxenuo pensar que o comportamento das persoas mobilizadas pola catástrofe foi estimulado ou determinado por unha única motivación. Non obstante, os resultados obtidos iluminan certas tendencias neste sentido, máxime ao ter en conta que a resposta foi, neste caso, espontánea. En liñas xerais, o primeiro que se observa é que priman as motivacións que se poden caracterizar como "reactivas": "porque non podía quedar sen facer nada" (22,5 %), "a defensa do medio de vida" (19,7 %), "a indignación ante a torpe reacción da Administración" (17,3 %) ou "o intento por parte da Administración de minimizar a catástrofe"

(9,9 %), sumando o conxunto destas categorías o 70,0 % das principais motivacións esgrimidas. A outro nivel, pero tamén cunha alta compoñente reactiva, aparecen motivacións que teñen certo carácter identitario, reflectidas nese 9,6 % de respostas que aluden á "aldraxe á nosa terra". O outro polo de motivacións, que poden indicar unha compoñente máis proactiva na resposta, exprésase de xeito claramente minoritario: o 14,7 % apela á súa "conciencia ecoloxista", mentres que un testemuñal 0,7 % fai alusión ao compromiso cívico ante un "problema de todos".

A lectura interpretativa feita dos datos da táboa 25 pode contradicir o xa expresado so-

bre a natureza xeracional e cultural do movemento social que emerxeu da sociedade galega ante a crise desencadeada polo *Prestige*. A identificación das principais motivacións apuntaría a un movemento de natureza esencialmente reactiva, detonado por unha catástrofe que ocasionou un impacto ecolóxico e económico obxectivamente superior a outros sucesos similares acaecidos nas costas galegas nos últimos trinta anos, sucesos que non chegaron a producir unha reacción cívica da envergadura da que aquí se analiza.

O certo é que nos decantamos por considerar que ambas as interpretacións poden ser, en gran medida, complementarias: é posible pensar que o carácter reactivo, cunha compoñente emocional que se expresou intensamente nas primeiras semanas da catástrofe, foi a mecha que prendeu nunha sociedade culturalmente predisposta, e tamén preparada, para mobilizarse, cunha maior sensibilidade ante o deterioro do medio—se se quere, expresado doutro xeito, cun maior nivel de conciencia ou de “cultura ambiental”— e tamén cunha maior madurez cívica. Neste sentido, pódese afirmar que o *Prestige* puxo en evidencia, mostrou ou desvelou un proceso de cambio, larvado na sociedade galega, con respecto ao medio ou, quizais con maior rigor, con respecto á problemática ambiental, visualizándose unha traxectoria sociocultural na que é preciso seguir aprofundando e indagando.

Ademais dos comportamentos e das tendencias socioculturais revelados polo *Prestige*, tamén se exploran na enquisa o nivel de penetración doutros hábitos e condutas máis puntuais relacionados co medio. As táboas 26, 27, 28 e 29 dan conta destes resultados. Na mesma liña que en cuestións anteriores, estas táboas recollen, cando é posible, datos de estudos similares realizados sobre a poboación galega (DXDS, 2003) ou sobre a española (CIS,

2007; CIS, 2000) coa intención de sondar liñas de evolución e de establecer comparacións que permitan entender mellor o comportamento da mostra aquí obxecto de análise.

A táboa 26 ocúpase de explorar certos hábitos da poboación galega relacionados cos usos enerxéticos e coa mobilidade (ítems 1 e 2), cos comportamentos cotiás que poden xerar contaminación acústica (ítem 3) e coa conservación da biodiversidade (ítem 4). O primeiro que chama a atención, e que se pode xeneralizar aos resultados mostrados nas táboas 27, 28 e 29, é a notable discrepancia que se aprecia entre os resultados da nosa enquisa e a encargada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible no ano 2003 (DXDS, 2003). De feito, os resultados da mostra do Fénix achéganse máis, en practicamente todos os ítems destas táboas, ao comportamento da mostra estatal manexada polo CIS no seu último ecobarómetro (realizado no 2007) que ao estudo precedente sobre a poboación galega por encargo da DXDS (2003).

Esta falta de sintonía pode ser debida, nunha medida difícil de estimar, a tres cuestións: aos catro anos que separan a realización do traballo de campo que serviu de base para cada estudo—que coinciden en manexar unha mostra de 1200 persoas—; ás distintas modalidades de enquisa utilizadas—a aplicación telefónica na demoscopia que aquí se presenta fronte á aplicación presencial no estudo feito para a DXDS—; e á distinta definición do obxecto que se vai explorar e das finalidades de cada investigación dado que nesta, o que se pretende é trazar un perfil da “cultura ambiental da poboación galega”, mentres que o estudo encargado pola DXDS quería analizar a posición da poboación ante o concepto de desenvolvemento sostible.

Táboa 26. A maioría das nosas actividades teñen unha repercusión directa no ambiente e, indirectamente, na nosa calidade de vida. Das seguintes actuacións que lle vou mencionar, podería dicirme con que frecuencia as realiza Vde.? Enerxía, mobilidade, conservación e ruído (porcentaxes)

		Sempre (3)	Ás veces (2)	Nunca (1)	NS/NC (ou non procede)
1. Utilizar transporte público para os seus desprazamentos	Fénix	24,3	28,4	47,1	0,2
	DXDS (2003)	11,6	41,6	44,9	1,9
	cis (2007)	24,5	23,0	35,3	17,2
2. Empregar na súa vivenda enerxías renovables e/ou un cerramento para o aforro enerxético	Fénix	12,3	21,5	64,6	1,6
	DXDS (2003)	31,6	22,6	40,8	5,0
3. Evitar actividades ruidosas no seu domicilio	Fénix	78,9	9,6	10,8	0,7
	DXDS (2003)	63,6	27,3	5,9	3,2
	cis (2007)	69,7	20,9	7,6	1,8
4. Respetar a flora e a fauna do seu contorno	Fénix	97,5	1,7	0,2	0,6
	DXDS (2003)	82,0	13,0	2,0	3,0

Fonte: Proxecto Fénix (2007, N= 1.200), DXDS (2003, N= 1.200), CIS (2007, N= 2.485)

Acceptando que estes ou outros factores non identificados puideron influír nas diferenzas detectadas, os comportamentos pro ambientais da cidadanía galega aparecen, en xeral, máis destacados no estudo do Proxecto Fénix que na investigación precedente da DXDS (2003). Con referencia á táboa 26, os cidadáns entrevistados no marco do Fénix que afirman que “sempre” utilizan o transporte público (24,3 %), que evitan actividades ruidosas no seu domicilio (78,9 %) e que respectan a fauna e a flora do contorno (97,5 %) superan en máis de dez puntos porcentuais aos seus equivalentes do estudo encargado pola DXDS no ano 2003. Diverxencia que é menos acusada ao comparar estas porcentaxes da mostra do Fénix cos resultados dos mesmos ítems no

marco do último ecobarómetro dispoñible do CIS (2007).

A única anomalía nesta pauta aparece no ítem 2, relativo ao uso na vivenda de “enerxías renovables e/ou un cerramento para o aforro enerxético”. Neste caso, o comportamento da mostra da DXDS (2003) é significadamente máis pro ambiental: un 31,6 % afirma facelo “sempre”, fronte ao 12,3 % na mostra do Fénix. En contraste, a porcentaxe de enquisados neste mesmo ítem que sinalan a alternativa “nunca” na mostra do Fénix (o 64,6 %) supera en máis de 23 puntos aos que a indican no estudo da DXDS (o 40,8 %). Dado que non sería demasiado lóxico pensar que nos catro anos transcorridos entre un e outro estudo se tivera

producido un retroceso significativo neste tipo de comportamentos relacionados co aforro enerxético (de alto custo subxectivo e obxectivo, dado que implican cambios estruturais nos fogares), só cabe especular na influencia de factores metodolóxicos relacionados coa aplicación das enquisas -resultantes da súa realización telefónica ou presencial- ou coa categorización das respostas -diferenzas sobre o que se entende como comportamento

de aforro enerxético, sobre todo no relacionado á penetración das enerxías renovables no ámbito doméstico-.

A táboa 27 explora os resultados de catro ítems relacionados con hábitos relacionados co manexo dos residuos domésticos. Como nos ítems anteriores, a mostra do Fénix volve presentar un perfil pro ambiental máis acusado que nos estudos que serven de comparación. O contraste dos datos é elocuente:

Táboa 27. A maioría das nosas actividades teñen unha repercusión directa no ambiente e, indirectamente, na nosa calidade de vida. Das seguintes actuacións que lle vou mencionar, podería dicirme con que frecuencia as realiza Vde.? Lixo e residuos (porcentaxes)

		Sempre (3)	Ás veces (2)	Nunca (1)	NS/NC (ou non procede)
1. Separar lixo segundo sexa vidro, envases, papel, etc.	Fénix	73,1	10,6	16,2	0,1
	DXDS (2003)	37,6	31,4	28,0	3,0
	CIS (2007)	56,6	21,5	18,1	3,7
2. Utilizar as papeleiras nas rúas	Fénix	96,6	2,0	1,1	0,3
	DXDS (2003)	80,9	12,9	2,3	3,9
	CIS (2007)	67,8	18,4	10,8	3,0
3. Separar a materia orgánica do lixo doméstico para facer compost na casa	Fénix	44,1	8,5	46,9	0,5
4. Tirar pilas ou baterías no lixo normal	Fénix	8,6	3,6	86,8	1,0

Fonte: Proxecto Fénix (2007, N= 1.200), DXDS (2003, N= 1.200), CIS (2007, N= 2.485)

- ▶▶ 7 de cada 10 entrevistados (o 73,1 %) afirma separar o lixo conforme ás distintas fraccións que se identifican usualmente nos sistemas de xestión dos RSU. Neste ítem apréciase, de novo, unha notable diverxencia cos resultados do estudo da DXDS (2003) e, de novo tamén, unha maior coincidencia co perfil condutual reflectido no último eco-barómetro do CIS (2007).
- ▶▶ Practicamente todos os enquisados, exactamente o 96,6 %, afirman que sempre usan as papeleiras públicas.
- ▶▶ 4 de cada 10 declaran que sempre separan a materia orgánica para facer compost na casa, proporción que pode resultar relativamente alta, pero que pode estar relacionada coa alta taxa de ruralidade -social e residencial- que aínda caracteriza á poboación galega e coa

supervivencia de prácticas agropecuarias tradicionais para o manexo doméstico dos residuos orgánicos.

- ▶▶ 8 de cada 10 entrevistados afirman que “nunca” se desfán das pilas botándoas no lixo normal.

A táboa 28 refírese a unha serie de comportamentos que se poden encadrar baixo o epígrafe xenérico de “aforro e consumo”. No que explora as condutas de aforro de auga e de papel, a mostra do Fénix volve a amosar unha cidadanía galega máis claramente pro ambiental que no estudo precedente da DXDS (2003):

- ▶▶ 7 de cada 10 cidadáns entrevistados recoñecen que “sempre” orientan o seu com-

portamento cara ao aforro de auga (4 de cada 10 na mostra da DXDS, 2003);

- ▶▶ Practicamente 7 de cada 10 afirman que sempre seguen condutas tendentes a limitar o consumo de papel, por só 4 de cada 10 entrevistados na mostra da DXDS (2003).

Os hábitos relacionados coa merca de produtos ecolóxicos (táboa 28, ítem 3) son claramente minoritarios. Neste caso, as tres mostras (Fénix, 2007; DXDS, 2003 e CIS, 2007) sintonizan case que simetricamente: entre 1 e 2 cidadáns de cada 10 afirman que sempre procuran mercar este tipo de produtos, fronte a 4 de cada 10 que afirman non facelo “nunca”.

Táboa 28. A maioría das nosas actividades teñen unha repercusión directa no ambiente e, indirectamente, na nosa calidade de vida. Das seguintes actuacións que lle vou mencionar, podería dicirme con que frecuencia as realiza Vde.? Aforro e consumo (porcentaxes)

		Sempre (3)	Ás veces (2)	Nunca (1)	NS/NC (ou non procede)
1. Realizar prácticas de aforro de auga (ducha en vez de baño, pechar as billas...)	Fénix	72,9	15,7	11,4	0,1
	DXDS (2003)	44,8	31,8	20,6	2,8
	CIS (2007)	49,4	24,2	24,5	1,8
2. Aforrar papel (uso polas dúas caras, reciclado)	Fénix	68,7	17,6	12,8	0,9
	DXDS (2003)	42,1	35,0	19,9	3,0
3. Procurar mercar produtos ecolóxicos	Fénix	18,1	36,8	44,3	0,8
	DXDS (2003)	18,3	34,2	42,0	5,5
4. Usar aerosois ou sprays	CIS (2007)	11,6	43,6	40,6	4,2
	Fénix	13,0	46,9	39,7	0,4

Fonte: Proxecto Fénix (2007, N= 1.200), DXDS (2003, N= 1.200), CIS (2007, N= 2.485)

Ata aquí foron examinados unha serie de comportamentos que se poden describir, en liñas xerais, como simples. Para executalos con frecuencia non é necesario posuír unha representación moi sofisticada da problemática ambiental, nin teñen por que obedecer, na súa orixe, a motivacións que impliquen cambios significativos nos valores ou na cultura ambiental da poboación. De feito, existe unha evidente correlación entre a simplicidade e o baixo custo obxectivo ou subxectivo de cada comportamento explorado e as taxas de realización que acadara. Neste sentido, son os comportamentos máis simples e menos custosos os que suman maiores taxas de realización (separar o lixo, usar as papeleiras nas rúas,

respectar outras especies, aforrar auga ou papel, evitar facer ruído, non tirar as pilas no lixo normal, etc.); en contraste con aqueles outros que poden implicar un maior gasto económico (introducir enerxías renovables na vivenda, mercar produtos ecolóxicos) ou que implican un custo subxectivo que non se está disposto a asumir (usar o transporte público ou separar a materia orgánica para facer compost). Unha tendencia congruente coa literatura dispoñible no campo da psicoloxía ambiental, que fala da limitada relación entre os valores proambientais asumidos e os comportamentos consecuentes, así como da tendencia a asumir aquelas condutas que presenten menos custos obxectivos ou subxectivos.

Táboa 29. A maioría das nosas actividades teñen unha repercusión directa no ambiente e, indirectamente, na nosa calidade de vida. Das seguintes actuacións que lle vou mencionar, podería dicirme con que frecuencia as realiza Vde.? Hábitos sociais (DXDS, 2003) (porcentaxes)

		Sempre (3)	Ás veces (2)	Nunca (1)	NS/NC (ou non procede)
Asinar contra unha actuación que prexudique o medio natural	Fénix	33,6	10,4	54,2	1,9
	CIS (2000)	18,0 (si)		81,5 (non)	0,5
Dar diñeiro para unha campaña de conservación da natureza	Fénix	6,7	9,7	81,9	1,7
	CIS (2000)	7,3 (si)		92,4 (non)	0,3
Participar en manifestacións contra proxectos que danen o medio	Fénix	19,7	12,0	67,7	0,7
	CIS (2000)	9,0 (si)		90,8 (non)	0,2

Fonte: Proxecto Fénix (2007, N=1200), cis (2000, N=958). No estudo do CIS a formulación da pregunta preguntaba se os comportamentos se tiñan producido nos últimos 5 anos.

Os datos recollidos na táboa 29 veñen a reforzar esta lectura. Os comportamentos detallados nela supoñen, en principio, un maior compromiso ambiental por parte dos cidadáns. Que se leven a cabo denota, polo xeral, a existencia dun grao de conciencia cívica e ambiental máis

desenvolvido, así como a adopción dun rol público máis activo e crítico ante a problemática do medio ambiente. Neste caso, a mostra da poboación galega compárase coa dun estudo do CIS (2000) que permite contrastar as mesmas prácticas. Unha vez máis, a cidadanía ga-

Táboa 30. Pertence ou pertenceu Vde. a algún colectivo ou asociación naturalista ou ecoloxista? (porcentaxes)

	Si, pertencín	Si, pertenzo	Non	NS/NC	(N)
TOTAL	2,2	1,6	89,9	6,3	(1200)
IDADE*					
18 a 29 anos	2,1	2,1	93,7	2,1	(142)
26 a 35 anos	4,4	1,0	89,7	4,9	(329)
36 a 50 anos	3,3	2,4	91,3	3,0	(329)
51 a 65 anos	0,8	1,5	87,0	10,7	(261)
Máis de 65 anos	0,7	0,4	89,5	9,4	(267)
NIVEL DE ESTUDOS					
Sen estudos	0,0	0,0	82,9	17,1	(88)
Primarios/EXB	0,8	0,4	91,1	7,7	(483)
ESO	0,0	0,0	100,0	0,0	(38)
BUP/COU, bacharelato	2,7	3,2	87,1	5,4	(186)
FP	3,3	2,0	93,4	1,3	(153)
Medios universitarios	3,4	3,4	89,8	3,4	(118)
Superiores universitarios	6,0	3,0	86,5	4,5	(134)

* Nesta táboa, as categorías de idade están alteradas para utilizar os mesmos intervalos usados no estudo realizado, dentro do mesmo Proxecto Fénix, sobre o papel dos colectivos naturalistas e ecoloxistas galegos no ámbito da ea (ver cadro 3).

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

lega declara asumir comportamentos pro ambientais en maior medida que a española. Dos tres comportamentos avaliados, o que acadou un maior nivel de realización é o asinamento de documentos en contra de actuacións que prexudiquen o medio, que afirman practicar “sempre” (o 33,6 %) ou “as veces” (10,4 %) 4 de cada 10 galegos enquisados. O nivel de práctica redúcese de xeito significativo cando o comportamento consiste en “dar diñeiro para unha campaña de conservación da natureza”, que só é declarado, sumando as alternativas “sempre” e “ás veces”, polo 16,4 % da mostra. Conforme prognostica a psicoloxía ambiental, apréciase unha vez máis neste ítem a relación que existe entre o maior custo obxectivo ou

subxectivo dun comportamento –neste caso súmanse un custo de carácter económico e outro de implicación– e a tendencia a non asumilo. A participación en “manifestacións contra proxectos que danen o medio” sitúase nun nivel intermedio, ao ser practicada “sempre” ou “ás veces” por un terzo (o 31,7 %) dos enquisados.

Entendendo que os hábitos e as prácticas de participación social poden ser bos indicadores para detectar e dimensionar os colectivos de poboación máis concienciados e sensibilizados coa problemática ambiental, o cuestionario contén tres preguntas complementarias, relacionadas coa militancia no asociacionismo ambientalista –naturalista ou

Cadro 3. Contraste entre os datos sobre militancia ambientalista da demoscopia e os facilitados polos colectivos ecoloxistas galegos no marco do Proxecto Fénix

Ata que punto coincide o perfil sociodemográfico dos cidadáns da mostra que sinalan a súa pertenza a colectivos ecoloxistas cos datos sobre os seus militantes facilitados por estes mesmos grupos?

Unha primeira coincidencia significativa conséntase na súa distribución atendendo á variable xénero. Na demoscopia, os homes constitúen o 61,1 % dos militantes declarados e as mulleres o 38,9 %, taxas practicamente coincidentes cos datos facilitados polos colectivos ecoloxistas sobre o perfil dos seus militantes atendendo a esta mesma variable: o 67 % de homes fronte ao 33 % de mulleres. Esta simetría, máis aló de confirmar dende dous procesos de indagación distintos a compoñente masculina da militancia ecoloxista –un varón por cada dúas mulleres asociadas–, contribúe a reforzar a confiabilidade da radiografía da sociedade galega que ofrece o Proxecto Fénix.

A coherencia nos datos referidos ao xénero non se repite, polo menos coa mesma intensidade, cando a variable de comparación é a idade. Conforme aos datos facilitados polos colectivos ecoloxistas, a cohorte de militantes máis numerosa situárase no intervalo de 26 a 35 anos, sumando o 40,0 % da súa masa social, seguida a curta distancia polo intervalo de 36 a 50 anos, co 35,0 % dos seus militantes. No perfil demográfico que se obtén da demoscopia, a cohorte de 36 a 50 anos concentra o 44,4 % dos casos, fronte a só o 11,1 % no intervalo de 26 a 35 anos. Neste caso, a proporción de militantes de 55 a 65 anos, o 22,2 %, tamén duplica a cifra que facilitan os colectivos ecoloxistas, o 11,0 %.

Como interpretar esta disonancia? Por unha parte, a pirámide demográfica que se extrae dos datos aportados polos colectivos ecoloxistas obedece a un perfil “normal”, que contradí a existencia da ruptura xeracional que se detecta na demoscopia. Sen cuestionar a fidelidade dos datos aportados polos grupos que participaron no estudo, pode ser que se tendese a dar unha resposta máis baseada na percepción ou na imaxe “xuvvenil” que pode ter o movemento sobre si mesmo que a unha contabilización precisa da idade dos integrantes. Dende o punto de vista da demoscopia, é posible que a presenza proporcional dos distintos grupos de idade na mostra inflúa no perfil dos e das ecoloxistas detectados, a pesar da consistencia e coherencia que mostran outros parámetros –a taxa de filiación ecoloxista, con respecto a estudos de ámbito nacional, ou a distribución por sexos, por exemplo–. Trátase, sen dúbida dunha cuestión polémica sobre a que será necesario seguir indagando.

ecoloxista (táboa 30)– e co coñecemento e implicación dos cidadáns nas experiencias de Axenda 21 Local que se realizaron ou están aplicándose na actualidade nun número importante de municipios e comarcas de Galicia (táboas 31 e 32).

Cabe pensar que os cidadáns que están asociados ou pertencen a colectivos cívicos organizados de carácter ambientalista asumen un marco de valores e unha concepción da sociedade na que o ambiente e a crise ecolóxica ocupan un lugar central. A pesar da crecente presenza e influencia do movemento ecoloxista na sociedade galega, patente no transcurso das últimas décadas, o certo é que non parece terse traducido nun

incremento significativo da afiliación aos colectivos que o integran. Esta situación, aparentemente paradoxal, tamén é detectada por Lidia Morales ao avaliar a evolución do asociacionismo cívico e político no Estado español, chegando a afirmar que “as organizacións da chamada «nova política» –dentro das que considera o ecoloxismo– tampouco teñen sido capaces de atraer cara a si a un número relevante e crecente de españois” (Morales, 2005: 62).

Como xa se comentou ao analizar as distintas formas de implicación activa na resposta social á catástrofe do *Prestige*, a participación a través de asociacións ou colectivos organizados foi certamente importante, pero minori-

Táboa 31. Podería mencionar o nome ou as siglas de dous grupos ecoloxistas e naturalistas que recorde neste momento? (porcentaxe de integrantes da mostra que mencionaron a cada grupo)

Non citan ningún grupo	40,5
Só citan un grupo	25,5
1º. Greenpeace	52,3
2º. adena-wwf	13,2
3º. Adegas	9,8
4º. Amigos da Terra	0,8
5º. Verdegala	0,8
6º. SGHN	0,7
7º. Erva	0,6
8º. Ecoloxistas en Acción	0,5
9º. Los Verdes	0,5
10º. Anabam	0,4
11º. Asociación de Defensa da Ría	0,4
12º. Nunca Máis	0,4
13º. Guerrilleiros das Fragas	0,3
Outras	3,25
	N= 1.200

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

taria con respecto a fórmulas de acción cívica menos esixentes e comprometidas (como asinar escritos de protesta, manifestarse, etc.). Situándose nesa mesma tendencia, a porcentaxe de cidadáns que afirman pertencer a un colectivo naturalista ou ecoloxista sitúase no 1,6 %, mentres que o 2,2 % afirma ter militado no pasado, aínda que agora xa non o fai. Esta taxa é coincidente coa rexistrada polo CIS (2000) nun estudo realizado para analizar as actitudes e as prácticas solidarias dos españois, no que se sitúa a taxa de afiliación a "asociacións e grupos ecoloxistas" no 1,5 %.

E tamén concorda cun informe máis recente realizado polo mesmo organismo (CIS, 2002), no que a taxa de afiliación ecoloxista se fixa no 1,4 %. Para ponderar o significado relativo destas porcentaxes con respecto aos niveis de filiación noutros ámbitos asociativos, cómpre apuntar que as organizacións e clubs deportivos acollen ao 13,0 % da poboación española maior de 18 anos, que a militancia sindical aglutina ao 5,2 % do mesmo perfil de idade, ou que os colectivos culturais aglutinan ao 6,9 % dos cidadáns españois (CIS, 2002).

Ao extrapolar a taxa de afiliación, o 1,6 %, ao universo de poboación do cal se extraeu a mostra –a poboación galega maior de 18 anos, en concreto 2.366.909 habitantes conforme o padrón de 2005–, traduciríase nunha cifra absoluta de 37.870 persoas que militarían en colectivos ecoloxistas e ambientalistas. Esta cifra supera con moito os 4.454 asociados que afirman ter censados os 23 grupos ecoloxistas e naturalistas que participaron no estudo sobre este sector no marco do Proxecto Fénix. As razóns desta notable discrepancia poden ser varias. En primeiro lugar, o estudo sectorial sobre este movemento non contemplou asociacións de ámbito nacional, sendo estas as máis coñecidas e citadas polos enquisados (ver táboa 31) e, como suposición, tamén as que concentran máis asociados e asociadas en Galicia. En segundo lugar, é posible que moitos asociados o sexan de colectivos e movementos sociais que non encaixan na tipoloxía de grupos ecoloxistas utilizada no Proxecto Fénix, pero que, dende o seu punto de vista, si actúan neste sector; pénsese, por exemplo, no colectivo Nunca Máis ou en asociacións locais de índole máis cultural ou veciñal que consideran entre os seus obxectivos a defensa do patrimonio natural. En terceiro lugar, tampouco é descartable que parte da militancia declarada o sexa en función da desexabilidade social, atendendo á imaxe positiva que a persoa entrevistada tende a dar dela mesma diante do entrevistador e da sociedade en xeral.

Dende un punto de vista máis matizado, os estatísticos utilizados na análise dos datos permiten detectar diferenzas significativas no comportamento da mostra con respecto á relación da militancia ecoloxista con variables como a idade e o nivel de estudos (táboa 30).

Atendendo á idade, cabería esperar unha maior concentración da militancia ambientalista nas cohortes máis novas, pero os datos que se visualizan non reflicten exactamente dita pauta. A taxa máis alta de afiliación actual concéntrase no intervalo de 36 a 50 anos, o 2,4 %, seguida pola que se verifica na submostra de 18 a 25 anos, o 2,1 %. No intervalo de 26 a 35 anos prodúcese un fenómeno ata certo punto anómalo: o 4,4 % afirma ter pertencido a algunha organización ambientalista no pasado, pero unicamente o 1,0 % segue conservando a súa militancia no presente. Algo parecido, aínda que a unha escala menor, sucede na cohorte de 36 a 50 anos: o 3,3 % que declara ter pertencido a este tipo de colectivos fronte ao 2,4 % que segue militando neles. Dito doutro xeito: na evolución do movemento ecoloxista en Galicia existe o que poderíamos chamar unha xeración perdida, intercalada entre os pioneiros que participaron na fundación dos primeiros colectivos ecoloxistas creados en Galicia nos anos setenta ao abrigo da transición democrática, e as novas xeracións, nas que parece apreciarse unha recuperación da militancia. A “xeración perdida”, situada a cabalo entre as cohortes de 26 a 35 anos e de 36 a 50, chegou, non obstante, a acadar altas taxas de militancia se se consideran os datos que revela a enquisa, pero, por razóns que non son facilmente explicables (dende cambios sociais relacionados coa perda de intensidade da actividade sociopolítica despois da transición democrática ata dinámicas xeracionais, por citar só dous posibles factores explicativos), colapsou ata reducir substancialmente a súa presenza proporcional dentro do movemento.

As diferenzas significativas que se observan no vínculo entre a militancia ambientalista e o nivel de estudos son máis lóxicas: as taxas

Táboa 32. Sabe se se está a desenvolver a Axenda 21 Local no seu municipio? (porcentaxes)				
	Si	Non	NS	(N)
TOTAL	3,9	49,9	46,2	(1200)
OCUPACIÓN				
Traballa	4,4	52,4	43,2	(521)
Xubilado/pensionista (ten traballado)	3,0	49,3	47,7	(298)
Pensionista (non ten traballado)	0,0	75,0	25,0	(32)
Parado (ten traballado antes)	8,9	46,8	44,3	(79)
Parado (busca primeiro emprego)	7,7	69,2	23,1	(13)
Estudante	6,6	37,4	56,0	(91)
Os seus labores	1,2	44,0	54,8	(166)
PROVINCIA				
A Coruña	3,3	56,8	15,9	(484)
Lugo	8,6	44,2	47,2	(163)
Ourense	1,3	53,2	45,5	(154)
Pontevedra	3,7	42,6	53,7	(399)
HÁBITAT				
Ata 10 000 habitantes	3,9	45,1	51,0	(410)
De 10 001 a 50 000 habitantes	3,8	51,0	45,2	(365)
Máis de 50 000 habitantes	4,0	53,4	45,6	(426)
NIVEL DE ESTUDOS				
Sen estudos	3,4	52,3	44,3	(88)
Primarios/EXB	1,4	51,3	44,3	(483)
ESO	5,3	52,6	42,1	(38)
BUP/COU/Bacharelato	5,9	50,0	44,1	(186)
FP	2,7	39,2	58,1	(153)
Medios universitarios	11,9	48,3	39,8	(118)
Superiores universitarios	5,2	54,5	40,3	(134)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 33. En caso de saber da existencia dunha A21L no seu municipio, participou ou participa Vde. nalgunha actividade relacionada co seu desenvolvemento? (porcentaxes)

	Si	Non	(N)
TOTAL	6,7	93,3	(48)
	(0,3)	(3,7)	(1200)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007. Entre paréntese a porcentaxe sobre o total da mostra.

de filiación aumentan conforme o fai o nivel de estudos, rexistrándose as taxas máis altas entre os que posúen estudos universitarios. Este patrón vale tanto para quen milita no presente como para os que o fixeron no pasado.

O relativamente escaso compromiso da cidadanía galega –similar ao conxunto do Estado– co movemento ecoloxista está en directa relación co descoñecemento que se ten del. Na táboa 31 expóñense os grupos ambientalistas que foron identificados polos enquisados cando se lles solicitou citar o nome ou as siglas dalgún deles.

Son varias as lecturas que permite esta táboa. A primeira debe resaltar a porcentaxe de enquisados que non son capaces de referir ningún grupo ecoloxista, o 40,5 %, ou que só son capaces de citar un, o 25,5 %. A segunda lectura destaca a invisibilidade dos grupos ecoloxistas galegos dentro do tecido social, que se percibe como máis aguda ao destacar a visibilidade que si conseguen asociacións de ámbito estatal ou internacional. Entre Greenpeace e ADENA-WWF suman o 65,5 % das citas realizadas, moi por diante do primeiro colectivo galego, Adegas, mencionado polo 9,8 % dos entrevistados. A continuación aparecen unha serie de gru-

pos e colectivos fundamentalmente galegos que non chegan a ser recoñecidos en ningún caso por máis do 1 % da mostra. Son, pois, os colectivos ecoloxistas de ámbito internacional, que fundamentan a súa actividade na presenza mediática e na captación de socios que se vinculan, fundamentalmente a través do pago de cotas, os que identifican a este movemento ante a maior parte da poboación galega. Salvo o caso de Adegas, que roza o 10 % de coñecemento, o resto dos colectivos galegos son descoñecidos pola inmensa maioría. As razóns desta invisibilidade poden ser diversas: a profusión de grupos pequenos que operan fundamentalmente a escala local, a heteroxeneidade en canto a obxectivos e formas de acción e organización interna, a dificultade para xerar unha imaxe común que identifique a todo o movemento, etc.

O segundo tópico explorado con relación ás prácticas de participación en dinámicas cívico-sociais relacionadas co medio xira en torno ás axendas 21 locais. Como é ben sabido, un dos principios fundamentais que se destaca en todos os documentos que fundamentan teórica e metodoloxicamente este tipo de iniciativas estratéxicas para avanzar cara á sustentabilidade é o da participación social, como vía para que as poboacións implicadas asuman, se apropien e se impliquen

no desenvolvemento dos procesos dende as fases iniciais de diagnóstico ata a súa implementación e avaliación⁵. Certamente, para que a participación sexa posible, unha condición absolutamente indispensable é que o proceso sexa visible e transparente para o conxunto da cidadanía potencialmente implicada. Pois ben, como se aprecia na táboa 32, unicamente o 3,9 % dos cidadáns galegos entrevistados afirma saber que no seu municipio se está a desenvolver unha axenda 21 local; a metade, o 49,9 %, responde negativamente e outra porcentaxe similar afirma non sabelo, o 46,2 %.

Para entender mellor o significado destas cifras é preciso achegar algúns datos complementarios. Na actualidade, os concellos que desenvolveron ou están a desenvolver axendas 21 locais en Galicia, aproximadamente uns 72, suman un total estimado de 1.382.653 habitantes. Esta cifra supón practicamente o 50,0 % do total da poboación galega. Aínda que a enquisa se aplicou a persoas maiores de 18 anos e aínda que non se pode saber cantos cidadáns entrevistados residen en concellos nos que se aplicou ou estea a aplicar este programa, resulta obvio que a porcentaxe de entrevistados que viven nalgún destes concellos ten que ser –simplemente por azar– moi superior ao 3,9 % que afirma saber da súa existencia. Dito doutra forma, non se cumpre unha condición básica para que os cidadáns se poidan interesar e implicar activamente nas estratexias locais relacionadas cos obxectivos da sostibilidade: saber que existen. A análise deste ítem aten-

dendo a outras variables, como a ocupación, a provincia de residencia, o hábitat ou o nivel de estudos –nas que se detectan diferenzas estatisticamente significativas–, introduce algúns matices nesta conclusión inicial (ver táboa 32), pero non cambia o substancial: as axendas 21 locais son procesos invisibles para a inmensa maioría dos cidadáns que residen nos territorios municipais ou supramunicipais nos que se desenvolveron ou están a desenvolver.

A segunda cuestión formulada con relación á implicación cidadá no desenvolvemento das axendas 21 locais está claramente condicionada pola anterior e desvela un panorama cívico aínda máis depresivo. Aos entrevistados que afirmaron coñecer a existencia desta estratexia de xestión ambiental no seu municipio preguntóuselles se nalgún momento chegaran a participar ou se estaban participando nalgunha actividade relacionada co seu desenvolvemento (táboa 33). A esta cuestión respondeu afirmativamente o 6,7 % da submostra de referencia, o que implica falar dun testemuñal 0,3 % sobre o total da mostra que serve de base para esta investigación.

Sobra, con toda probabilidade, calquera comentario valorativo ante un déficit que se antolla suficientemente elocuente, tanto pola súa expresión numérica como pola clara discrepancia que se manifesta entre a relevancia formal que se lle outorga á participación social nos procesos de Axenda 21 Local e o que está a suceder na translación destas iniciativas á realidade galega. Existe, ademais, unha coherencia preocupante entre estes da-

5 No punto 1.13 da *Carta de Aalborg* (1994), sobre "O protagonismo dos cidadáns e a participación da comunidade", dise textualmente que as entidades locais asinantes debe asumir o compromiso de garantir "o acceso á información a todos os cidadáns e grupos interesados, e velaremos por que poidan participar nos procesos locais de toma de decisións. Perseguiremos por todos os medios a educación e a formación en materia de desenvolvemento sostible [...]".

tos e algúns dos que se poden extractar do estudo realizado sobre o sector municipal no marco do mesmo Proxecto Fénix. Conforme á información facilitada polos responsables municipais na enquisa dirixida a este sector, o 52 % dos concellos con axendas 21 locais afirman que “non saben” ou non contestan á cuestión sobre a fase da mesma na que se atopan, e unha taxa similar, o 53 %, declara descoñecer quen foi o promotor inicial da axenda 21. Diríase, á vista destes datos, que a invisibilidade deste instrumento estratéxico alcanza tamén aos responsables técnicos e políticos da súa aplicación, e que a súa relevancia no marco da acción municipal é moi escasa.

5 A educación ambiental vista pola cidadanía galega: concepcións, valoracións e experiencias

Como xa se comentou nun inicio, a parte máis orixinal deste informe con respecto a outros estudos similares radica na relevancia que se lle concede á Educación Ambiental. A intención, ao incorporar esta dimensión, é captar información sobre a súa penetración na sociedade galega, tanto dende o punto de vista das prácticas coas que os cidadáns entran en contacto e que identifican coa Educación Ambiental, como dende o punto de vista das concepcións, percepcións e valoracións que proxectan sobre as súas experiencias neste ámbito. Entendemos aquí a Educación Ambiental nun sentido amplo, abarcado todas aquelas accións de intencionalidade socio-educativa nos ámbitos da información e a comunicación social, da formación, da dinamización da participación cidadán e da educación. Cómpre recordar, a este respecto, que na Estratexia Galega de Educación Ambiental (2000: 16) se define a Educación Ambiental como “unha dimensión da educación integral e global das persoas e colectividade sociais que, nas súas diversas manifestacións e prácticas, promove o coñecemento, interpretación e concienciación respecto das diferentes problemáticas ambientais, do seu impacto local e planetario, activando competencias e valores dos que se deriven actitudes e comportamen-

tos congruentes coa ética ecolóxica que se precisa para participar na construción dun desenvolvemento humano sostible”.

Unha primeira cuestión clásica refírese á principal fonte de información sobre o medio á que recorren os cidadáns (ver táboa 34). Neste ítem, o comportamento da mostra galega segue a mesma pauta detectada noutros estudos. As principais vías de acceso á información son os medios de comunicación, encabezados pola “televisión”, que se destaca cunha porcentaxe do 53,0 %, seguida da “prensa diaria” (23,0 %) e da “radio” (14,5 %). Nun segundo plano emerxe “Internet” (co 4,7 %) e despois aparecen, con taxas mínimas, outras fontes ligadas á prensa escrita, “revistas especializadas” (1,4 %) e “revistas semanais” (0,3 %), xunto cos “comentarios doutras persoas” (1,1 %).

A continuación tamén se preguntou aos enquisados polo grao de interese co que seguen as noticias relacionadas cos problemas do medio natural (táboa 35). O resultado é bastante contundente: 7 de cada 10 compoñentes da mostra afirman que o fan con “moito” ou “bastante” interese. Desagregando a mostra en función da idade e do nivel de estudos, pódense discernir, non obstante, diferenzas que

resultan estatisticamente significativas. Así, o maior grao de interese, claramente por enriba da media da mostra, dáse entre os máis novos (o 78,2 % entre os 18 e os 25 anos) e entre os que posúen estudos medios (o 81,1 % entre os que cursaron BUP/COU ou bacharelato) ou universitarios (o 82,3 % nos universitarios de

nivel medio e o 80,4 % nos de nivel superior). En congruencia con outros datos xa comentados e co que outros estudos demoscópicos mostran recorrentemente, o maior nivel de estudos soe indicar tamén maior interese e preocupación polas cuestións relacionadas co medio.

Táboa 34. A través de que medio accede principalmente ás noticias relacionadas co medio? (porcentaxes)

1º	Da televisión	53,0	6º	Por comentarios doutras persoas	1,1
2º	Da prensa diaria	23,0	7º	De revistas semanais	0,3
3º	Da radio	14,5	-	Outros	0,8
4º	De Internet	4,7	-	Non sei	1,2
5º	De revistas especializadas	1,4			

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Táboa 35. Con que interese segue Vde. as noticias relacionadas cos problemas do medio natural? (porcentaxes)

	Moito	Bastante	Moito + bastante	Pouco	Ningún interese	Pouco + ningún	NS/NC	N
TOTAL	13,3	57,6	70,9	26,7	2,0	28,7	0,4	(1200)
IDADE								
18 a 29 anos	16,2	62,0	78,2	20,5	0,8	21,3	0,4	(234)
30 a 44 anos	13,6	58,3	71,9	26,8	1,3	28,1	0,0	(317)
45 a 59 anos	13,2	57,9	71,1	26,0	2,2	28,2	0,7	(272)
Maiores de 60 anos	11,1	53,8	64,9	31,0	3,4	34,4	0,5	(377)
NIVEL DE ESTUDOS								
Sen estudos	5,7	43,7	49,4	42,6	6,9	49,5	1,1	(88)
Primarios/EXB	8,5	56,5	62,0	31,9	2,7	34,6	0,4	(483)
ESO	10,5	55,3	65,8	31,6	2,6	34,2	0,0	(38)
BUP/COU/Bacharelato	16,1	65,0	81,1	17,7	0,6	18,3	0,6	(186)
FP	20,3	53,6	73,9	25,5	0,6	26,1	0,0	(153)
Medios universitarios	20,4	61,9	82,3	16,9	0,0	16,9	1,5	(118)
Superiores universitarios	18,6	61,9	80,4	17,9	1,5	19,4	0,0	(134)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Os resultados xerais aparecen rexistrados na táboa 36 (figura 13). Para facilitar a lectura interpretativa dos datos obtidos, os distintos axentes pódense agrupar en tres grandes grupos. Nun primeiro figuran aqueles actores que inspiran os niveis máis elevados de confianza e os máis baixos de desconfianza. A escala aparece encabezada polas "universidades e os centros de investigación" (un 70,0 % de "con-


fianza" fronte a un 2,6 % de "desconfianza"), seguida dos "centros de ensino" (64,7 % fronte a 3,4 %) e dos "educadores ambientais" (56,2 % fronte a 6,2 %). Nestes tres axentes, a taxa de confianza está por riba do 50 % da mostra e a de desconfianza non supera o 10 %. Dentro deste primeiro grupo tamén aparecen "os científicos" (51,8 % fronte a 14,15) e os "grupos ecoloxistas" (46,0 % fronte a 15,9 %).

Táboa 36. Que grao de confianza lle merece a Vde. a información sobre o medio natural subministrada por...? Por orde de maior a menor grao de confianza (porcentaxes)

	a) Moita confianza	b) Bastante confianza	a) + b)	Certa confianza	c) Non demasiada confianza	d) Case ningunha	c) + d)	NS/NC
1. Universidades e centros de investigación	26,6	43,4	70,0	13,0	1,5	1,1	2,6	14,3
2. Os centros de ensino	17,6	47,1	64,7	17,3	2,3	1,1	3,4	14,6
3. Os educadores ambientais	14,8	41,4	56,2	18,7	4,5	1,7	6,2	18,8
4. Os científicos	19,4	32,4	51,8	27,6	10,6	3,5	14,1	6,5
5. Os grupos ecoloxistas	11,2	34,8	46,0	32,7	11,8	4,1	15,9	5,4
6. A radio	3,5	27,0	30,5	45,0	14,9	3,2	18,1	6,3
7. Un amigo ou familiar	7,7	20,7	28,4	41,6	10,0	5,8	15,8	14,1
8. A televisión	2,8	23,5	26,3	45,4	19,3	3,2	22,5	3,9
9. Os xornais	2,2	23,9	26,1	46,8	17,1	4,8	21,9	5,2
10. Internet	2,7	11,2	13,9	17,7	7,6	3,1	10,7	57,8
11. A Administración autonómica	1,7	10,9	12,6	30,7	31,6	18,5	50,1	6,7
12. Os concellos	1,2	11,2	12,4	27,3	33,4	21,3	54,7	5,5
13. A Administración central	1,7	8,6	10,3	29,4	33,4	19,0	52,4	7,9
14. Os políticos	0,2	2,7	2,9	23,9	46,8	17,1	63,9	4,2
15. As industrias	0,1	1,9	2,0	7,6	33,4	50,6	84,0	6,5

Fonte: Proxecto Fénix, 2007, N= 1.200

Figura 13. Grao de confianza que lle merece a información sobre o ambiente subministrada por...



Fonte: Proxecto Fénix, 2007

O máis inesperado e significativo desta clasificación radica no alto nivel de confianza que se proxecta na figura do "educador ambiental", maior do que inspiran, por exemplo, actores como os "científicos" ou os "ecoloxistas". Esta lectura positiva só está lixeiramente velada por unha taxa de descoñecemento, o NS/NC suma o 18,8 % das respostas, que pode estar expresando a invisibilidade que esta figura socioprofesional ten aínda para unha parte da poboación galega. Con todo, o potencial de confianza que atesoura o colectivo de educadores e educadoras ambientais debería ser capitalizado con moito tacto polo

propio sector, así como polas institucións que decidan apostar pola Educación Ambiental como un instrumento estratéxico para o artellamento de políticas públicas orientadas cara á sostibilidade. Tamén cómpre destacar a maior credibilidade que inspiran as institucións ligadas ao ensino e á creación científica (centros de ensino, universidades e centros de investigación). A cooperación con estes actores (profesores, educadores, científicos e ecoloxistas) e coas institucións que proxectan maior credibilidade social (universidades, centros de investigación, centros de ensino) pode identificarse como un eixe estratéxico

para a promoción de accións, programas e políticas públicas de Educación Ambiental destinadas a influír de xeito relevante na sociedade galega.

Nun segundo grupo aparecen os medios de comunicación de masas, encabezados pola "radio" (o 30,5 % de "confianza" fronte ao 18,1 % de "desconfianza"), a "televisión" (26,3 % fronte a 22,5 %) e os "xornais" (26,1 % fronte a 21,9 %), entre os que se intercala a referencia a "un amigo ou familiar" (28,4 % fronte a 15,8 %). Neste agregado de actores as taxas de confianza aínda superan ás de desconfianza, pero

tenden a equilibrarse, cunha alta proporción de entrevistados que adoptan unha posición intermedia (de "certa confianza", entre o 40,0 % e o 46,0 % en cada caso).

Facendo de engarce entre o segundo e o terceiro grupo de mediadores aparece "Internet": a súa taxa de confianza (13,9 %) aínda supera a de desconfianza (10,7 %), pero a súa influencia social está condicionada pola baixa cobertura de acceso e de uso que aínda ten entre a poboación galega, cun 57,8 % de enquisados que non fan uso deste medio.

Táboa 37: Valoración da Educación Ambiental recibida na etapa escolar (porcentaxes)

	a) Moi boa	b) Boa	a) + b)	c) Regular	d) Mala	e) Moi mala	d) + e)	f) Non tivo	NS/NC non procede	N
TOTAL	2,8	17,2	20,0	12,0	8,7	4,9	13,6	52,8	1,5	(1200)
IDADE										
18 a 29 anos	5,1	38,2	43,3	20,6	15,0	3,9	18,9	16,7	0,4	(234)
30 a 44 anos	1,6	12,9	13,5	17,0	12,6	7,9	20,5	47,8	0,3	(317)
45 a 59 anos	2,9	13,1	16,0	6,6	6,2	5,1	11,3	65,0	1,1	(272)
Maiores de 60 anos	2,7	10,6	13,3	6,4	3,4	2,9	6,3	70,5	3,5	(377)
NIVEL DE ESTUDOS										
Sen estudos	1,1	5,7	6,8	2,3	4,6	1,1	5,7	77,1	8,1	(88)
Primarios/EXB	2,1	15,6	17,7	10,4	5,4	5,0	10,4	60,2	1,4	(483)
ESO	0,0	36,8	36,8	36,8	2,6	5,3	7,9	15,8	2,6	(38)
BUP/COU/Bacharelato	3,7	28,4	32,1	11,2	11,2	1,6	12,8	43,4	0,5	(186)
FP	5,2	15,0	20,2	16,3	18,3	7,8	26,1	37,2	57,4	(153)
Medios universitarios	3,4	10,2	13,6	13,7	6,0	8,5	14,5	57,4	48,9	(118)
Superiores universitarios	2,2	17,1	19,3	12,6	12,6	5,9	18,5	48,9	0,7	(134)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

O terceiro grupo está integrado polos mediadores, actores e institucións, entre os que a taxa de desconfianza supera con amplitude á de confianza. No furgón de cola da credibilidade aparecen as administracións públicas (autonómica, local e central, por esta orde), seguidas dos “políticos” e das “industrias” (ver táboa 36, figura 13). En todos estes casos a taxa de desconfianza está por riba do 50 %, mentres que a taxa de confianza só supera o 10 % nos tres niveis da Administración Pública, quedando por debaixo do 3 % nos “políticos” (2,9 %) e nas “industrias” (2,0 %).

Os datos que se reflicten na táboa 37 enfocan de xeito máis directo as percepcións que expresan os cidadáns galegos sobre as súas experiencias relacionadas coa Educación Ambiental. Neste primeiro apunte solicítaselles que fixeran unha valoración global da Educación Ambiental recibida na súa etapa escolar. Certamente, o seu xuízo é subxectivo e está baseado, especialmente nesta cuestión, na visión retrospectiva sobre un pasado escolar que é, en moitos casos, remoto. Trátase, pois, dun indicador de satisfacción subxectiva, máis que dun índice que permita avaliar a Educación Ambiental desenvolvida ata agora no marco do sistema educativo. En todo caso, os datos obtidos si ofrecen a posibilidade de analizar a evolución das vivencias escolares relacionadas co ambiente para vincularlas a variables independentes, como a idade ou o nivel de estudos, que son, ademais, as únicas das consideradas que presentan diferenzas significativas neste ítem. Neste sentido, os datos mostran o desenvolvemento xeracional destas experiencias, incrementando a súa presenza en paralelo á incorporación da Educación Ambiental ao currículo escolar, que arranca de xeito tímido nos anos setenta e se vén ampliando durante as tres últimas décadas.

O primeiro que cabe destacar dos datos expostos na táboa 37 é a porcentaxe de enquisados que afirman non ter experimentado a Educación Ambiental durante a súa traxectoria escolar, que suman practicamente a metade da mostra (o 52,6 %). Como era de esperar, este déficit maniféstase de xeito máis acusado nas cohortes de maior idade, de 45 anos ou máis, e entre os cidadáns que posúen menor nivel educativo. Con relación á variable “nivel de estudos” é necesario, con todo, introducir algún matiz: se ben son os que non teñen estudos (o 77,1 %) ou os que cursaron estudos primarios ou EXB (o 60,2 %) quen afirman en maior medida non ter contactado coa Educación Ambiental durante a súa escolarización, as porcentaxes de persoas que están na mesma situación tamén son significativas entre os que realizaron estudos universitarios medios (o 57,4 %) ou superiores (o 48,9 %). Pódese apreciar, nesta pauta, unha compoñente xeracional que se expresa na idade e tamén entre os que construíron itinerarios académicos máis longos e, polo tanto, máis prolongados no tempo. No mesmo sentido, son os enquisados que teñen cursado ESO (o 36,8 %) ou BUP/COU/Bacharelato (o 32,1 %) os que valoran de xeito máis positivo as súas experiencias coa Educación Ambiental no ensino formal e os que contestan en menor medida non ter experimentado con este eixe curricular na súa traxectoria académica. Esta distribución viría a indicar que o pulo dado á Educación Ambiental coa súa inclusión como “área transversal” na LOXSE (1990) estableceu un antes e un despois nas oportunidades de ter contacto con iniciativas curriculares de finalidade educativo-ambiental dentro do sistema educativo, e tamén a valoración máis positiva destas experiencias. De feito, son os entrevistados máis novos, de 18 a 29 anos, os que cualifican en maior medida estas experiencias de “moi boa” ou “boa” (o 43,3 %),

mentres que só afirman non telas o 16,7 % dos enquisados do mesmo grupo de idade. Este panorama é coherente coa historia da Educación Ambiental con relación ao sistema educativo e ao seu desenvolvemento curricular en Galicia nas últimas tres décadas.

Para afondar nas percepcións públicas da Educación Ambiental formulouse unha cuestión para sondar as concepcións que sobre esta práctica pedagóxica se están a construír a nivel cidadán. Non se trataba de “comprobar” se os enquisados teñen ou non unha noción “correcta” do que é a Educación Ambiental, senón de mirar no espello da sociedade que enfoques da Educación Ambiental se están a potenciar para contrastar esa percepción pública coas recomendacións, finalidades e modelos pedagóxicos que se están a promover dende as instancias que se ocupan da súa institucionalización e fundamentación teórica e meto-

dolóxica. Dito doutra forma, preténdese obter información para tentar discernir ata qué punto a Educación Ambiental que reciben e perciben os cidadáns coincide coa que se estima como desexable en documentos como a Estratexia Galega de Educación Ambiental (2000) ou outros marcos estratéxicos similares.


A lectura da táboa 38 (figura 14) ofrece as claves deste contraste. Antes de desvelalas convén destacar que a resposta das persoas enquisadas a esta cuestión foi espontánea. É dicir, que na entrevista telefónica non lles foron lidas previamente as posibles alternativas de resposta, senón que foi anotada cada contestación singular á pregunta formulada (Que entende cando escoita falar de Educación Ambiental?) para despois ser codificada en función do seu encaixe nas categorías previstas ou en novas categorías que puideran emerxer da análise das respostas rexistradas.

Táboa 38. Que entende cando escoita falar de Educación Ambiental? (porcentaxes, resposta espontánea)

1º	Algún tipo de actividade educativa relacionada coa natureza	30,9
2º	Algún tipo de actividade que pretende cambiar os hábitos e comportamentos das persoas con respecto ao ambiente	23,8
3º	Algún tipo de actividade educativa na escola e/ou con nenos que ten que ver co ambiente	14,1
4º	Algún tipo de actividade para mellorar o coñecemento das persoas sobre o ambiente	13,7
5º	Algún tipo de actividade educativa que pretenda mudar as formas de relación entre as persoas/comunidades humanas e o ambiente	2,0
6º	Algún tipo de actividade educativa para denunciar un problema ambiental	1,4
7º	Algún tipo de actividade educativa para concienciar á xente sobre o medio natural	1,3
8º	Algún tipo de actividade educativa para promover o desenvolvemento sostible	0,1
-	Outras	2,8
-	Non sei	9,9

Fonte: Fénix (2007), N= 1.200

Figura 14. Que entende cando escoita falar de Educación Ambiental? (porcentaxes, resposta espontánea)



Fonte: Proxecto Fénix, 2007.

Certamente, os resultados coinciden bastante cos que cabería presupoñer dende un punto de vista hipotético. As concepcións máis amplamente estendidas na mostra analizada coinciden coas visións máis redutoras e supostamente superadas da Educación Ambiental: aquelas que a identifican como unha actividade educativa relacionada no medio natural (o 30,9 %), que a asocian co cambio de hábitos e comportamentos asociados co ambiente (o 23,8 %), con actividades dirixidas á infancia (o 14,1 %) ou con actividades educativas que buscan mellorar o nivel dos coñecementos ambientais das persoas (o 13,7 %). Entre estas catro acepcións suman o 82,5 % de toda a mostra. Como é evidente, a maioría

dos cidadáns comparten visións da Educación Ambiental nas que se impoñen os tópicos reducionistas que veñen sendo cuestionados dende as etapas iniciais do movemento da Educación Ambiental: a identificación entre ambiente e natureza, a distorsión paidocéntrica que entende que a Educación Ambiental debe dirixirse principalmente á infancia (para evitar que os adultos do futuro cometan os mesmos erros que cometemos no presente), e a que se asocia coa transmisión de coñecementos sobre o medio natural. Este panorama indica que existe unha notable diverxencia entre as finalidades e modelos teóricos enunciados como desexables e a oferta educativo-ambiental que se está a propiciar.

Que as percepcións simplificadas e deturpadas da Educación Ambiental sexan dominantes a nivel popular é un feito que debe preocupar e facer recapacitar ao conxunto dos axentes que planifican, promoven e realizan actividades e programas de Educación Ambiental en Galicia. A recapacitar sobre o sentido do que se está a facer e a promover na práctica baixo o rótulo de Educación Ambiental. Sen dúbida, nesta tarefa crítica e autocrítica é preciso someter a revisión, e con toda probabilidade a redefinición, as orientacións metodolóxicas, teóricas e axiolóxicas que –explícita ou implicitamente– están a propiciar unhas experiencias educativo-ambientais que alimentan as nocións reducionistas detectadas. Quizás conveña apelar aquí á coñecida frase de Albert Einstein cando recomenda que “se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo”

Na mesma táboa 38, aquelas concepcións sobre as finalidades da Educación Ambiental que están máis na liña das recomendacións internacionais, estatais e das contidas en documentos como a EGEA, que xiran en torno ao cambio das relacións que manteñen as persoas e as comunidades co medio ou á promoción do desenvolvemento sostible, aparecen con porcentaxes practicamente residuais: o 2,0 % e o 0,1 %, respectivamente.

A segunda concepción en importancia, a que relaciona a Educación Ambiental con accións orientadas ao cambio de hábitos e comportamentos, expresada polo 23,8 % da mostra, merece un comentario máis extenso. A relevancia que adquire esta noción está a captar, probablemente, a intensificación dos programas e campañas –principalmente nos medios de comunicación, pero tamén en programas comunitarios e escolares– cuxa finalidade é que a cidadanía mude condutas cotiás relacio-


nadas coa problemática ambiental: referidas á selección e manexo dos residuos sólidos domésticos, ao consumo de auga e enerxía, aos patróns de mobilidade, etc. O risco deste tipo de enfoques que, como resulta evidente, están calando na cultura ambiental da poboación, é que se reduza a resposta á crise ambiental a cambios puntuais nos repertorios condutuais, cambios que son necesarios pero que non implican de xeito automático mudanzas substanciais nos estilos de vida individuais ou colectivos, sobre todo se non van acompañados de cambios máis fondos nos contextos e nas estruturas sociais e culturais de referencia.

A imaxe e as concepcións que a cidadanía expresa sobre a Educación Ambiental poden ter algunha relación coas experiencias que se teñen vivido en contacto con ela. Os datos da táboa 39 (figura 15) permiten afirmar que tal contacto é bastante limitado, polo menos ao considerar o período que abarca os últimos cinco anos. Non esperabamos nin buscábamos con esta cuestión detectar a influencia que puido ter a Estratexia Galega de Educación Ambiental sobre as oportunidades que os cidadáns tiveron para participar en actividades ou experiencias de Educación Ambiental. Para facer a análise desta evolución sería necesario contar con estudos previos á presentación oficial da EGEA, cun formato similar para que se puideran facer contrastes e comparacións. A pesar de non ser o caso, o quinquenio tomado como referencia coincide tamén co da EGEA, o que pode ser interesante, sobre todo para facer un seguimento posterior das taxas de cobertura da Educación Ambiental no seo da poboación galega maior de 18 anos.

Táboa 39. Recorda Vde. ter participado nalgunha actividade de Educación Ambiental nos últimos cinco anos? (porcentaxes)

		%	N
	En ningunha	72,6	(1200)
	En caso afirmativo... (algunha)	27,4	(1200)
1º	Asistín a unha charla ou conferencia	8,2	(1200)
2º	Nunha actividade de sensibilización sobre cuestións ambientais	7,0	(1200)
3º	Unha visita organizada a un lugar de interese ambiental	4,3	(1200)
3º	Nunha visita organizada a un espazo natural protexido	4,3	(1200)
4º	Nun curso, taller ou obradoiro sobre algún tema relacionado co medio	3,4	(1200)
5º	Nunha actividade de formación ambiental relacionada coa miña profesión	3,1	(1200)
6º	Nun programa comunitario para introducir novos comportamentos no manexo do medio (separación doméstica de residuos, compostaxe doméstica, aforro enerxético...)	2,3	(1200)
7º	A visita a unha exposición de temática ambiental	1,3	(1200)
8º	Unha visita ou estadía nunha granxa escola ou centro de Educación Ambiental	0,3	(1200)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

Figura 15. Recorda Vde. ter participado nalgunha actividade de Educación Ambiental nos últimos cinco anos?

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

A este respecto, o dato máis relevante é que 7 de cada dez persoas enquisadas, o 72,6 %, afirman non ter participado en ningunha actividade de Educación Ambiental nos últimos cinco anos. Visto en sentido negativo, pódese

afirmar que a “taxa de cobertura bruta”, como indicador de penetración da Educación Ambiental na sociedade galega, está por debaixo do 30 % da poboación (o 27,4 %), aínda que cómpre recordar que a mostra non contempla aos menores de 18 anos. A “taxa de cobertura bruta” defínese aquí como a porcentaxe de poboación que afirma ter participado nun período dado, neste caso un quinquenio, nalgunha actividade que o propio entrevistado considera de Educación Ambiental. Se ben cabe reiterar a salvagarda de que se están a captar “percepcións” dos cidadáns sobre o que entenden ou non por Educación Ambiental, non cabe dúbida de que este indicador pode ser interesante para facer un seguimento específico da evolución desta dimensión: a cobertura ou a audiencia social da Educación Ambiental para os próximos anos, no caso de que este estudo teña continuidade.

Táboa 40. Recorda ter participado nalgunha actividade de Educación Ambiental nos últimos cinco anos? (percentaxes)

	En ningunha	Nalgunha	(N)
TOTAL	72,6	27,4	(1200)
XÉNERO			
Home	66,7	33,3	(571)
Muller	78,0	22,0	(628)
IDADE			
18 a 29 anos	59,2	40,8	(234)
30 a 44 anos	65,9	34,1	(317)
45 a 59 anos	76,2	23,8	(272)
Maiores de 60 anos	83,8	16,2	(377)
PROVINCIA			
A Coruña	80,2	19,8	(484)
Lugo	71,3	28,6	(163)
Ourense	57,8	42,2	(154)
Pontevedra	69,8	30,3	(399)
HÁBITAT			
Ata 10 000 habitantes	74,9	24,1	(410)
De 10 001 a 50 000 habitantes	76,4	23,6	(365)
Máis de 50 000 habitantes	67,1	32,9	(426)
NIVEL DE ESTUDOS			
Sen estudos	90,9	9,1	(88)
Primarios/EXB	83,8	16,2	(483)
ESO	51,3	48,7	(38)
BUP/COU/Bacharelato	65,1	34,9	(186)
FP	67,1	32,9	(153)
Medios universitarios	58,5	41,5	(118)
Superiores universitarios	56,4	43,6	(134)

Fonte: Proxecto Fénix, 2007

A análise deste indicador en función doutras variables independentes axuda a entender e precisar o significado desta taxa. As diferenzas estatisticamente significativas contabilízanse en función do nivel de estudos, da idade, da provincia de residencia, do xénero e do hábitat, por esta orde de importancia (ver táboa 40).


Pódese apreciar que a porcentaxe de homes que declaran ter participado nalgunha actividade de Educación Ambiental nos últimos cinco anos supera en 10 puntos ao de mulleres (o 33,3 % fronte ao 22,0 %), o que indica certo sesgo de xénero nesta cuestión. A distribución da taxa de cobertura por idades presenta unha lóxica máis clara: os entrevistados do grupo de 18 a 29 anos son os que rexistran unha taxa máis alta, do 40,8 %, que despois vai diminuindo conforme avanza a idade ata sumar un exíguo 16,2 % entre os maiores de 60 anos.

O comportamento da mostra en función do nivel de estudos tamén obedece a unha lóxica evidente: a maior nivel acadado tamén é maior a posibilidade de que os cidadáns participan nalgunha actividade que relacionan coa Educación Ambiental durante quinquenio de referencia. Este patrón só se ve alterado entre os enquisados que alcanzaron a ESO, a única submostra que se achega ao 50,0 % (o 48,7 %), pero esta anomalía é relativa, posto que a maioría deles estanse referindo, con bastante probabilidade, a experiencias de Educación Ambiental vividas aínda na súa etapa escolar.

As diferentes taxas de cobertura por provincias non parecen seguir un perfil tan lóxico. A contracorrente do que cabería esperar, é dicir, unha maior taxa de participación nas provincias atlánticas en contraste coas provincias interiores, o certo é que a maior taxa de cobertura verifícase en Ourense, co 42,2 %, e a menor na Coruña, co 19,8 %. Pontevedra

e Lugo ocupan postos intermedios. Este é un comportamento da mostra que non é fácil de explicar. A referencia ao hábitat tamén ofrece diferenzas significativas: como era de esperar, dado que boa parte das iniciativas de Educación Ambiental están dirixidas fundamentalmente a audiencias urbanas (teñan ou non a súa sede neste entorno), a taxa de cobertura é maior nas cidades, alcanzando o 32,9 % da submostra de residentes neste tipo de hábitat. En contraste, a taxa é moi parella entre as persoas que residen nos outros dous tipos de hábitat considerados: o 24,1 % nos municipios de ata 10 000 habitantes e o 23,6 % nas localidades intermedias de 10 001 a 50 000 habitantes. A diferenza de practicamente 7 puntos porcentuais é moi elocuente, e pode indicar un desequilibrio na oferta, máis focalizada e acomodada aos intereses das audiencias urbanas, ou no acceso á oferta, máis difícil para quen reside fóra das cidades, ben por falta de oportunidades ou de información.

Estas taxas de participación expresan, sobre un panorama xeral que se pode cualificar de bastante deficitario, a existencia de amplos estratos da poboación galega que teñen poucas oportunidades de participar en iniciativas educativas relacionadas co medio: son as persoas de maior idade, as mulleres, as que posúen un baixo nivel de estudos e as que residen en contornos de perfil rural ou vilego. Obviamente, as actividades ou programas especificamente deseñados e adaptados para estes colectivos son escasos. Dadas as súas particulares condicións sociais e culturais, e o seu evidente peso demográfico en Galicia, sería de suma importancia identificar liñas estratéxicas que potenciasen programas de Educación Ambiental adaptados aos seus perfís específicos, ás súas necesidades e posibilidades.

Figura 16. Actividades de Educación Ambiental nas que se afirma ter participado nos últimos cinco anos

* [separación doméstica de residuos, compostaxe doméstica, aforro enerxético...]

Volvendo aos datos reflectidos na táboa 39 e visualizados na figura 16, a lectura da tipoloxía de actividades ás que concorren os enquisados que afirman ter participado nalgunha iniciativa de Educación Ambiental (o 27,4 %) ofrece unha información de gran valor estratéxico. As actividades nas que máis se manifesta participar son as “charlas e conferencias”, sinaladas polo 8,2 % dos enquisados, e as “actividades de sensibilización sobre cuestións medioambientais”, apuntadas polo 7,0 % da mostra. Nun segundo plano aparece a participación en visitas organizadas a “un lugar de interese ambiental” ou a un “espazo natural protexido”, que comparten a mesma porcentaxe, o 4,3 % (probablemente porque ambas as dúas categorías se confunden).

Como se pode apreciar, trátase de actividades fundamentalmente divulgativas e de carácter puntual, que non formulan nin pretenden, polo xeral, grandes obxectivos dende un punto de vista educativo e ambiental.

A realización de “talleres ou obradoiros” (3,4 %) ou a participación en “actividades de formación ambiental” relacionadas co exercicio profesional e laboral dos enquisados (3,1 %) son experiencias que se sitúan nun terceiro plano. Cabe entender, sobre todo con relación a este último dato, que está a expresar unha profunda lagoa no subámbito da Educación Ambiental ligada á formación profesional e ocupacional. A participación en “programas comunitarios” orientados cara á promoción de novas formas de relación co

medio tamén acada unha baixa porcentaxe que suma unicamente ao 2,3 % dos enquisados.

Máis testemuñal aínda é a presenza de persoas que afirmen ter “visitado ou feito unha estadía nunha granxa escola ou centro de Educación Ambiental”, que unicamente supoñen o 0,3 % da mostra. Dito de xeito claro: ademais de amosar unha participación que se limita a un cuarto da poboación, as actividades máis frecuentes son as de carácter máis puntual e superficial dende un punto de vista socioeducativo. O caso das visitas a “exposicións de temática ambiental”, declaradas unicamente polo 1,3 % da mostra, encaixa tamén neste perfil, pero chama a atención o

baixo impacto social dun dos recursos máis utilizados polas institucións públicas, polas ONG e por outros actores como vehículo divulgativo para trasladar á sociedade información e valores relacionados co medio natural. Esta reflexión debe levar, necesariamente, a reformular o seu deseño e, probablemente, o sentido estratéxico que ten o seu uso cando está desligado doutros recursos e instrumentos pedagóxicos máis intensivos e significativos para influír sobre a cidadanía destinataria, sobre todo se a finalidade é captar o interese das audiencias adultas e promover a súa participación na promoción de cambios sociais significativos na relación sociedade-ambiente.

6 Algunhas conclusións e recomendacións

1. A sociedade galega presenta un perfil ambiental asimilable a outras sociedades do contorno. Non obstante, pódense destacar algunhas características que singularizan a súa percepción e valoración da problemática ambiental e do ambiente froito das súas peculiaridades ambientais (a súa situación xeográfica, por exemplo), sociais (a dispersión da poboación), culturais (a persistencia de mitos relacionados coa "Galicia verde"), históricos (o impacto na cidadanía da recente catástrofe do *Prestige*) ou conxunturais (a vaga de incendios forestais que asolou Galicia no verán de 2006).
2. Os tres problemas máis presentes a nivel global son a "contaminación en xeral", o "cambio climático" e a "contaminación industrial", pero un de cada cinco entrevistados non foi quen de identificar nin sequera un problema a este nivel, e cinco de cada dez só puideron identificar un único problema.
3. A nivel do territorio español os tres problemas que máis se identifican son a "contaminación en xeral", a "contaminación industrial" e os "incendios forestais".

Os entrevistados teñen maior dificultade para sinalar problemas ambientais nesta escala territorial: un de cada tres non cita ningún, e seis de cada dez só citan un problema.

4. En referencia ao territorio galego e utilizando as categorías do CIS (2004), os cinco problemas máis sinalados son os "incendios forestais" –apuntados polo 43,3 % da mostra–, a "contaminación en xeral", a "contaminación industrial", a "contaminación das costas" e os "residuos". A dificultade para identificar problemas ambientais a este nivel é menor, pero segue sendo moi significativa: un de cada dez entrevistados non cita ningún problema e 4 de cada dez só cita un.
5. Utilizando un modelo de categorías elaborado a partir dos problemas ambientais destacados como prioritarios na EGEA (2000), a lista de calamidades ambientais percibidas en Galicia presenta algún cambio: nos primeiros lugares aparecen os problemas ligados aos "incendios forestais e á xestión do monte" –destacados polo 55,0 % dos entrevistados–, a "contaminación das augas continentais",

os “residuos industriais”, a “contaminación en xeral” e a “contaminación das augas mariñas”.

6. No nivel local, os cinco problemas máis citados son a “sucidade e o lixo”, os “incendios forestais”, a “contaminación industrial”, a “contaminación dos ríos” e a “contaminación das costas”. Outra vez, o máis destacable é a proporción de entrevistados que non son quen de sinalar sequera un problema ambiental local, dous de cada dez, e seis de cada dez que só sinalan un.
7. En liñas xerais, en comparación co conxunto da sociedade española, os cidadáns galegos decláranse máis pesimistas na valoración do estado do ambiente e máis escépticos e desconfiados coas posibilidades das estratexias de resposta convencionais á crise ambiental (como o crecemento económico, a ciencia e a tecnoloxía ou a confianza no progreso). Cinco de cada dez entrevistados opinan que o medio empeorou en Galicia nos últimos dez anos, por só dous de cada dez que pensan que mellorou.
8. Pola contra, os cidadáns galegos tamén expresan unha maior vontade ou predisposición para adoptar cambios no seu estilo de vida se serven para mellorar o estado do medio: o 53,3 % se manifesta moi ou bastante a favor, fronte ao 6,9 % que se expresa bastante ou moi en contra.
9. Practicamente nove de cada dez galegos teñen escoitado falar sobre o cambio climático, e seis de cada dez expresa que se lle está dando menos importancia da que ten.
10. A exploración dalgúns coñecementos básicos relacionados co cambio climático mostra que a poboación galega comparte as mesmas representacións e crenzas sobre esta ameaza que outras sociedades occidentais. Así, asume maioritariamente a crenza de que existe un nexo causal entre o “burato na capa de ozono” e o “cambio climático”, pero tamén se identifican maioritariamente como causa deste cambio o consumo de combustibles fósiles e a emisión de gases invernadoiro.
11. Un de cada tres cidadáns participou nalgunha iniciativa ou acción cívica relacionada coa catástrofe do *Prestige*. O perfil sociodemográfico deste terzo de poboación sinala os máis novos e as persoas con maior nivel de estudos, o que indica claramente unha compoñente xeracional na activación social. A forma de implicación máis usual foi a participación en manifestacións e actos públicos de protesta (sete de cada dez cidadáns mobilizados), seguida da integración no voluntariado (tres de cada dez). Outras formas de participación, que esixen un maior grao de implicación, resultan máis minoritarias.
12. A análise dunha serie de hábitos e comportamentos relacionados co medio sinala un patrón de comportamento estandarizado: altas taxas de realización de hábitos que implican poucos custos obxectivos ou subxectivos (como “respetar a fauna e a flora” ou “utilizar papeleiras”) e significativamente máis baixas en comportamentos que implican maiores custos obxectivos ou subxectivos (como “procurar mercar produtos ecolóxicos” ou “dar diñeiro para unha campaña de conservación da natureza”).
13. En relación á participación social relacionada co medio, a taxa de afiliación a grupos ecoloxistas ou naturalistas é do 1,6 %

da mostra, asimilable á taxa de afiliación a nivel do estado (que oscila entre o 1,4 % e o 1,5 %, en función dos estudos). O perfil sociodemográfico dos militantes indica un baleiro xeracional na cohorte de 30 a 40 anos, como dato máis salientable.

14. No mesmo plano da relevancia cívica das cuestións relacionadas co medio, unicamente o 3,9 % dos enquisados teñen noticia de que se estea a implementar unha axenda 21 local no seu concello, dato que contrasta co feito de que practicamente o 50 % da poboación galega vive en concellos ou comarcas que a están a desenvolver ou a desenvolveron en épocas recentes. Do conxunto da mostra, un testemuñal 0,3 % afirma ter participado nalgunha actividade ligada a este instrumento de planificación local.
15. Os actores e as institucións que producen ou transmiten a información sobre o medio que maior confianza xeran entre os cidadáns enquisados son, por esta orde, as universidades e os centros de investigación, os centros de ensino, os educadores ambientais, os científicos e os grupos ecoloxistas. No polo oposto, os actores e as institucións que máis desconfianza producen son as administracións (central, autonómica e local), os políticos e as industrias. Nun lugar intermedio sitúanse os medios de comunicación.
16. A maior parte da poboación non ten o coñecemento, o interese ou a oportunidade para realizar ou participar en iniciativas de Educación Ambiental: sete de cada dez afirma non ter participado en ningunha nos últimos cinco anos. Neste sentido, propónse a adopción dunha "taxa bruta de participación" que permita calibrar a evolución do grao de "cobertura" nun intervalo de tempo determinado, a partir da porcentaxe de persoas que recoñecen realizar actividades de Educación Ambiental sobre unha mostra representativa da poboación galega.
17. A percepción que comparte a cidadanía galega sobre a Educación Ambiental sinala os estereotipos e os tópicos reduccionistas que a vinculan co "medio natural", co público infantil e escolar e coa transmisión de coñecementos sobre o ambiente. As visións máis complexas, relacionadas co cambio das relacións home-medio ou co logro dunha sociedade sostible non aparecen no imaxinario social sobre este ámbito educativo. Esta constatación debe levar a repensar e reformular a oferta educativo-ambiental existente, posto que, probablemente, non sexa coherente na súa metodoloxía e nas súas temáticas cos principios e coas finalidades de cambio moral, cultural e social atribuídos á Educación Ambiental contemporánea.
18. Sería interesante planificar a continuidade anual deste estudo, replicando as cuestións máis básicas para dar lugar a series de datos que permitan seguir a evolución dalgúns parámetros e indicadores relacionados coa cultura ambiental da sociedade galega. Tamén se recomenda introducir novas cuestións en función das conxunturas e das necesidades de planificación estratéxica das políticas ambientais e de Educación Ambiental. De programarse réplicas posteriores sería de interese que se realizasen a través de enquisas presenciais e ampliando o rango de idades da mostra, polo menos, a persoas de 14 a 18 anos.

Bibliografía

- CIS (2000). **Medio Ambiente (International Social Survey Programme)**. Estudio núm. 2390. Junio 2000. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- CIS (2004). **Opiniones de los españoles sobre el medio ambiente**. Estudio núm. 2557. Febrero-marzo 2004. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- CIS (2005). **Ecología y medio ambiente**. Estudio núm. 2590. Enero-febrero 2005. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- CIS (2007). **Ecología y medio ambiente (III)**. Estudio núm. 2682. Junio 2007. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.
- DXDS (2003). **Enquisa sobre a percepción, valoración, coñecemento e actitude ante o concepto de desenvolvemento sostible**. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (inédito).
- MEIRA, P. A. (2003). "El poder de la Educación Ambiental". **Cuadernos de Pedagogía (monográfico sobre el Prestige)**. Núm. 329, pp. 51-56.
- MEIRA, P. A. (2004). **Análise das representacións sociais dos problemas ambientais globais como base para o desenvolvemento de materiais e programas de Educación Ambiental: o caso do cambio climático**. Programa de Investigación en Medio Ambiente (I+D). 1999-2001 (2001/PX168), da Xunta de Galicia. Inédita.
- MEIRA, P. A. (2005). "Educación Ambiental en tiempos de catástrofe: la respuesta educativa al naufragio del Prestige". **Educação e Pesquisa. Education and Research**. Vol. 31, núm. 2, pp. 265-284.
- MORALES, L. (2005). "¿Existe una crisis participativa? La evolución de la participación política y el asociacionismo en España". **Revista Española de Ciencia Política**. Núm. 13, Octubre, pp. 51-87.
- PARDOS-PRADO, S. (2006). "Técnicas de observación de la opinión pública en el ámbito medio ambiental". En Anduiza, E. (Coord.); Di Masso, M.; Pardos-Prado, S. e Tábara, S. **Opinión pública y medio ambiente**. Graó, Barcelona, pp. 70-118.

Anexos

Anexo I Ficha técnica da enquisa

Universo: Poboación residente en Galicia maiores de 18 anos.

Tamaño da mostra: 1.200 unidades.

Deseño da mostra: Polietático. Nunha primeira fase realizouse unha afixación proporcional segundo o tamaño poboacional das catro provincias galegas. Posteriormente, realizouse unha asignación non proporcional segundo tres tipos de hábitats (7 cidades, concellos de entre 10.000 e 50.000 habitantes, concellos de menos de 10.000 habitantes). A selección dos fogares realizouse aleatoriamente sobre un directorio telefónico actualizado. A selección dos entrevistados realizouse mediante un sistema non proporcional de cotas de xénero e idade.

Erro da mostra: Na hipótese dunha mostraxe aleatoria simple, cun nivel de confianza do 95,5% (dous sigmas) e supoñendo unha distribución dicotómica igualitaria de respostas ($p=q=0,5$) o erro máximo admitido para o conxunto da mostra é de $\pm 2,89\%$.

Distribución da poboación e mostra

Cadro 1: Distribución da poboación segundo provincia		
	Poboación	%
A Coruña	967.148	40,80
Lugo	313.764	13,30
Ourense	297.747	12,60
Pontevedra	788.250	33,30
Total	2.366.909	100,00

Datos: Padrón 2005

Cadro 2: Distribución da mostra segundo provincia		
	Poboación	%
A Coruña	490	40,80
Lugo	160	13,30
Ourense	151	12,60
Pontevedra	399	33,30
Total	1.200	100,00

Datos: Cidadanía Soc. Coop., 2007

Cadro 3: Poboación segundo tipo de hábitat.

	Poboación	%
Sete cidades	838.935	35,4
Entre 10000 e 50000	719.886	30,4
Menos de 10000	808.087	34,1
Total	2.366.909	100,00

Datos: Padrón 2005

Cadro 4: Distribución da mostra segundo tipo de hábitat.

	N	%
Sete cidades	402	33,50
Entre 10000 e 50000	388	32,30
Menos de 10000	410	34,20
Total	1.200	100,00

Datos: Cidadanía Soc. Coop., 2007

Cadro 5: Poboación segundo xénero e idade. (en porcentaxe).

	Homes	Mulleres	Total
18-23	9,90	9,60	19,50
30-44	13,2	13,2	26,40
45-59	11,2	11,5	22,70
Maiores de 59	13,4	18,00	31,40
Total	47,6	52,40	100,00

Datos: Padrón 2005

Cadro 6: Distribución da mostra segundo xénero e idade. Valores absolutos.

	Homes	Mulleres	Total
18-23	112	135	247
30-44	139	201	340
45-59	130	152	282
Maiores de 59	148	183	331
Total	529	671	1.200

Datos: Cidadanía Soc. Coop., 2007

Cadro 7: Distribución da mostra segundo xénero e idade. En porcentaxe

	Homes	Mulleres	Total
18-23	9,30	11,30	20,6
30-44	11,60	16,80	28,30
45-59	10,80	12,70	23,50
Maiores de 59	12,30	15,30	27,60
Total	44,10	55,90	100,00

Datos: Cidadanía Soc. Coop., 2007

Cadro 8: Coeficientes de ponderación segundo tipo de hábitat por xénero e idade (porcentaxes)

	Sete cidades		10.000-50.000 hab.		Menos de 10.000 hab.	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
18-29	1,365442211	0,81930589	1,02051543	1,09603480	0,85172680	0,71662323
30-44	1,10018845	1,08049416	1,11069956	0,66358059	0,85172680	0,69085350
45-59	1,08037328	0,93572927	1,08781439	0,91617653	0,95883484	0,86897102
Maiores de 59	1,02989146	1,03288301	0,79195640	1,12208107	1,47255871	1,37506523

Datos: Cidadanía Soc. Coop., 2007

Anexo II Cuestionario

1. Anotar o xénero do entrevistado

- Home Muller

2. Cantos anos cumpriu vostede no seu último cumpreanos?

A. A identificación e a valoración que a cidadanía galega fai sobre problemática ambiental a nivel local, autonómico e global.

3. ¿Cal cre Vd. que é a situación do medio ambiente en Galicia na actualidade?

- Moi boa
 Boa
 Mantense dentro do normal (non ler e só anotala se o entrevistado contesta algo similar)
 Mala
 Moi mala
 NC/NS

4. ¿Cre Vd. que o medio ambiente en Galicia nos últimos 10 anos, mellorou, empeorou ou segue igual?

- Moi boa
 Boa
 Mantense dentro do normal (non ler e só anotala se o entrevistado contesta algo similar)
 Mala
 Moi mala
 NC/NS

5. Dígame cales son para Vd. os dous problemas ambientais máis importantes no Mundo [codificar conforme a Tarxeta 1]

- 1.
- 2.

Dígame cales son para Vd. os dous problemas ambientais máis importantes en España.

- 1.
- 2.

Dígame cales son para Vd. os dous problemas ambientais máis importantes en Galicia.

- 1.
- 2.

Dígame cales son para Vd. os dous problemas ambientais máis importantes na súa localidade.

- 1.
- 2.

B. A amplitude e o nivel de axuste da información e dos coñecementos que se manexan sobre o medio ambiente e a crise ambiental.

6. ¿Ten escoitado falar sobre o cambio climático?

- Si
- Non
- NC/NS

6.1. Si contesta afirmativamente na anterior, ¿Cre Vd. Que ao problema do cambio climático se lle está dando a importancia que ten, máis importancia da que ten ou menos importancia da que ten?

- A importancia que ten
- Máis importancia da que ten
- Menos importancia da que ten
- NC/NS

6. Rogaríalle que me dixera para cada unha das frases que lle vou ler ata que punto cree Vd. que é verdadeira ou falsa:

	Totalmente verdadeira	Probablemente verdadeira	Non sei	Probablemente falsa	Totalmente falsa	NC
Os seres humanos necesitan do resto de seres vivos para sobrevivir						
O efecto invernadoiro débese a un burato na atmosfera						
O osíxeno que respiramos procede das plantas						
Cada vez que usamos carbón, petróleo ou gas contribuímos ao efecto invernadoiro						
Os cancros de pel incrementaranse como resultado do cambio climático						
Son poucas as especies de plantas e animais que teñen desaparecido nos últimos anos						
Todo produto químico artificial pode causar cancro si se consume en grandes cantidades						
O burato na capa de ozono contribúe ao quecemento do clima						
Os seres humanos proceden de especies animais anteriores						
Todas as bacterias son prexudiciais para os seres humanos						
O cambio climático está ocasionado pola actividade humana						
O cambio climático provocará un aumento do nivel do mar						
Toda clase de radioactividade por moi pequena que sexa causa a morte						
O incremento da temperatura media da Terra en 1º non é demasiado importante						
Galicia verase beneficiada polo incremento medio das temperaturas						

C. As actitudes e valoracións sobre a crise ambiental e sobre as políticas de resposta

8. ¿En que medida esta Vd. de acordo ou en desacordo coas seguintes afirmacións?

	Totalmente de acordo	De acordo	Nin de acordo nin en desacordo	En desacordo	Totalmente en desacordo	NS/NC
A ciencia soluciona os problemas do medio ambiente sen que se produzan cambios no noso estilo de vida						
Preocupámonos demasiado polo futuro do medio ambiente e non o suficiente pola situación dos prezos e do emprego						
Case todo o que facemos na época actual prexudica o medio ambiente						
A xente preocúpase demasiado polo dano que o progreso humano causa ao medio ambiente						
Para protexer ao medio ambiente é necesario que haxa crecemento económico en Galiza						

9. ¿Ata que punto cre Vd. que a auga é un ben escaso ou abundante en Galicia. Nunha escala de 0 a 10, na que o 0 significa que a auga é un ben escaso e o 10 que a auga é un ben abundante.

0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	
Ben escaso (0 a 3)				Punto intermedio (4 a 6)			Ben abundante (7 a 10)				NS/NC

10. ¿Ata que punto estaría Vd. a favor de aceptar recortes no seu nivel de vida para protexer o medio ambiente?

- Moi a favor
 Bastante a favor
 Nin a favor nin en contra
 Bastante en contra
 Moi en contra
 NS/NC

11. Imos a falar das actitudes dos galegos diante dos problemas do medio ambiente ¿Cre Vd. que os galegos en xeral? [ler tódalas as alternativas]

- Senten respecto e preocupación polos problemas do medio ambiente
- Anque lles inspira respecto, non están o suficientemente preocupados polos problemas do medio ambiente
- Teñen moi pouco respecto e preocupación polos problemas do medio ambiente

12. Para quen conteste alternativas 2 e 3 na cuestión anterior, ¿a que cree que é debido principalmente que non se preocupen ou que teñan pouco respecto polo medio ambiente? [resposta espontánea]

- Á falla de educación nestes temas
- Á escasa información sobre o medio ambiente
- Á sensación de non poder participar na solución
- Outra resposta, ¿cal?
- NS/NC

13. ¿Participou Vd. nalgunha acción ou iniciativa social (manifestacións, sinatura de manifestos, enviando cartas de protesta...) relacionada co naufraxio do Prestige?

- Si
- Non
- NS/NC

14. Para os que contestan afirmativamente na anterior, ¿en que tipo de acción ou iniciativa participou? [resposta espontánea, sinalar tódalas que se mencionen]

- En manifestacións e actos públicos de protesta
- Traballando como voluntario/a na limpeza das praias
- Participando dende o meu colectivo ou asociación nas iniciativas sociais
- Vinculándome á Plataforma Nunca Máis
- Enviando cartas de protesta e denuncia á Administración e/ou aos Medios de Comunicación
- Participando en iniciativas e actividades culturais relacionadas co Prestige
- Creando un grupo ou colectivo específico para responder á situación
- Outra, ¿cal?

**15. ¿Cal foi a súa PRINCIPAL motivación para mobilizarse diante da catástrofe do Prestige?
[resposta espontánea]**

- A miña conciencia ecoloxista diante do desastre ambiental
- A indignación diante da torpe reacción das Administracións
- O intento por parte da Administración de minimizar a catástrofe cando era evidente
- A defensa do medio de vida e a solidariedade coas persoas que viven do mar
- Polo aldraxe que estaba a sufrir a nosa terra e a nosa identidade
- Porque non me podía quedar sen facer nada diante da magnitude do desastre
- Outra, ¿cal?

D. Os hábitos e as prácticas individuais e colectivas relacionadas co medio ambiente.

16. A maioría das nosas actividades teñen unha repercusión directa no medio ambiente e, indirectamente na nosa calidade de vida. Das seguintes actuacións que lle vou mencionar, ¿podería dicirme con que frecuencia as realiza Vd.?

	Si, sempre (3)	As veces (2)	Non, nunca (1)	NS /NC
1. Utilizar transporte público para os seus desprazamentos				
2. Separar lixo segundo sexa vidro, envases, papel, etc.				
3. Realizar prácticas de aforro de auga (ducha en vez de baño, pechar as billas...)				
4. Empregar na súa vivenda enerxías renovables e/ou un cerramento para o aforro enerxético				
5. Asinar contra unha actuación que prexudique ao medio ambiente				
6. Utilizar as papeleiras nas rúas				
7. Aforrar papel (uso polas dúas caras, reciclado)				
8. Procurar mercar produtos ecolóxicos				
9. Usar aerosoles ou sprays				
10. Separa a materia orgánica do lixo doméstico para facer compost na casa				
11. Tirar pilas ou baterías no lixo normal				
12. Dar diñeiro para unha campaña de conservación da natureza				
13. Evitar actividades ruidosas no seu domicilio				
14. Participar en manifestacións contra proxectos que danen o medio ambiente				
15. Respetar a flora e a fauna do seu contorno				

17. ¿Que grao de confianza lle merece a Vd. a información sobre o medio ambiente subministrada por...?

	Moita confianza	Bastante confianza	Certa confianza	Non demasiada confianza	Case ningunha confianza	NS /NC
Os científicos						
As industrias						
Os grupos ecoloxistas						
Os educadores ambientais						
Os concellos						
A administración autonómica						
A administración central						
Un amigo ou familiar						
Internet						
Os políticos						
Os periódicos						
A radio						
A televisión						
As universidades e os centros de investigación						
Os centros de ensino						

18. ¿Sabe se sé está a desenvolver a Axenda 21 Local no seu municipio?

- Si
- Non
- NS/NC

18.1. En caso afirmativo, participou ou participa Vd. nalgunha actividades relacionada co seu desenvolvemento?

- Si, en cal?
- Non
- NS/NC

E. As experiencias da poboación relacionadas coa información, a formación e a educación ambiental

19. ¿Como valoraría a Educación Ambiental recibida na súa etapa escolar?

- Moi boa
- Boa
- Regular
- Mala
- Moi mala
- Non tivo

20. ¿Que entende Vd. cando escoita falar de Educación Ambiental? [non ler as alternativas de resposta e anotar a máis aproximada].

- Moi boa
- Non sei
- Algún tipo de actividade educativa relacionada coa natureza e a súa conservación
- Algún tipo de actividade educativa para denunciar un problema ambiental
- Algún tipo de actividade educativa na escola e/ou con nenos que ten que ver co medio ambiente
- Algún tipo de actividade para mellorar o coñecemento das persoas sobre o medio ambiente
- Algún tipo de actividade que pretenda cambiar os hábitos e comportamentos das persoas con respecto ao medio ambiente
- Algún tipo de actividade educativa que pretende mudar as formas de relación entre as persoas e as comunidades humanas e o ambiente
- Outra., ¿cal?

21. ¿Con que interese segue Vd. as noticias relacionadas cos problemas do medio ambiente?

- Medio Bastante
- Pouco Ningún interese
- NS/NC

22. ¿A través de que medio accede principalmente a este tipo de noticias? [sinalar a que corresponda, resposta espontánea]

- Da prensa
- Da Radio
- Da Televisión
- De revistas semanais
- De Revistas especializadas
- Por comentarios doutras persoas
- De internet
- Outro, ¿cal?

23. Podería Vd. mencionar o nome ou as siglas de dous grupos ecoloxistas ou naturalistas que recorde neste momento? [resposta espontánea, citar en 1º e 2º lugar]

- Adegas
- Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)
- Amigos da Terra-Amigos de la Tierra
- Greenpeace
- Adena-WWF
- Seo-Birdlife
- Ecoloxistas en Acción
- Verdegaia
- Federación Ecoloxista Galega
- Verdegaia
- Outro, ¿cal?

24. Pertence ou pertenceu Vd. a algún colectivo ou asociación naturalista ou ecoloxista?

- Si, pertencín
- Si, pertenzo
- Non
- NS7NC

25. Ten fillos escolarizados ou os tivo no pasado?

- Si
- Non
- NS/NC

26. No caso de haber tido fillos escolarizados ou de telos no presente, ¿con que frecuencia falou ou fala con eles de cuestións relacionadas co medio ambiente?

- Moi frecuentemente
- Frecuentemente
- Ocasionalmente
- Case nunca
- Nunca

27. ¿Recorda Vd. ter participado nalgunha actividade ou iniciativa de Educación Ambiental nos últimos 5 anos?, recorda en cal ou cales?

- En ningunha
- Nun curso, taller ou obradoiro sobre algún tema relacionado co medio ambiente
- Unha visita organizada a un lugar de interese ambiental
- Nunha visita organizada a un espacio natural protexido
- A visita a unha exposición de temática ambiental
- Unha visita ou estada nunha "granxa escola" ou centro de educación ambiental
- Nun programa comunitario para introducir novos comportamentos no manexo do medio ambiente (separación doméstica de residuos, compostaxe doméstica, aforro enerxético...).
- Nunha actividade de formación ambiental relacionada coa miña ocupación ou profesión
- Nunha actividade de sensibilización sobre cuestións medioambientais
- A asistencia a unha charla ou conferencia

Datos sociodemográficos

28. Podería dicirme cal é nivel de estudos máis alto que ten cursado?

- Sen estudos
- Primarios/EXB
- ESO
- BUP/COU/Bacharelato
- FP
- Medios Universitarios
- Superiores
- NS/NC

29. En cal das seguintes situacións se atopa vostede actualmente?

- Traballa
- Xubilado/pensionista (ten traballado)
- Pensionista (non ten traballado)
- Parado que ten traballado antes
- Parado e busca o seu primeiro emprego
- Estudante
- As súas labores
- Outra situación
- NS/NC

30. Que ocupación laboral desempeña vostede na actualidade? (Anotar literalmente)

.....

Anexo III Correlación de Pearson

Variables	Provincia	Hábitat	Xénero	Idade	Estudos	Traballo
P3		,053(*)				
P4			,062(*)			
P6		-,092(**)	,061(*)	,154(**)	-,228(**)	,058(*)
P6_1	,070(**)	-,058(*)			-,069(**)	
P7_1				,103(**)	-,144(**)	
P7_2			-,072(**)	-,108(**)	,135(**)	
P7_3						
P7_4	-,064(*)	-,054(*)		,102(**)	-,175(**)	
P7_5			-,054(*)			
P7_6				-,173(**)	,159(**)	-,049(*)
P7_7		,081(**)	-,151(**)	-,087(**)	,236(**)	-,086(**)
P7_8	-,075(**)		-,083(**)	,171(**)	-,113(**)	
P7_9			,108(**)	,287(**)	-,215(**)	,058(*)
P7_10	-,050(*)	,151(**)	-,130(**)	-,399(**)	,469(**)	-,084(**)
P7_11				,088(**)		
P7_12	-,079(**)	-,048(*)	,074(**)	,205(**)	-,152(**)	
P7_13	-,120(**)		-,138(**)	-,317(**)	,424(**)	-,073(**)
P7_14	,061(*)		-,102(**)	-,318(**)	,318(**)	-,074(**)
P7_15			-,107(**)	-,237(**)	,230(**)	-,078(**)
P8_1	-,084(**)	-,085(**)	,069(**)	,223(**)	-,260(**)	,084(**)
P8_2	-,090(**)	-,049(*)	,070(**)	,267(**)	-,243(**)	,054(*)
P8_3			,083(**)		-,141(**)	
P8_4	-,068(**)	-,112(**)	,051(*)	,261(**)	-,272(**)	
P8_5			,093(**)	,211(**)	-,229(**)	,061(*)
P9	-,102(**)	,075(**)	-,070(**)			
P10		-,081(**)		,141(**)	-,154(**)	
P11			,048(*)		,051(*)	
P13	-,064(*)	-,197(**)		,323(**)	-,330(**)	
P14_1	,104(**)	,201(**)		-,277(**)	,317(**)	
P14_2		,080(**)	-,078(**)	-,241(**)	,154(**)	

** A correlación é significante no nivel 0,01 (unilateral).

* A correlación é significativa no nivel 0,05 (unilateral).

Variabes	Provincia	Hábitat	Xénero	Idade	Estudos	Traballo
P14_3	,137(**)	,153(**)		-,094(**)	,207(**)	-,069(**)
P14_4		,068(**)				
P14_5		,066(*)	-,049(*)	-,070(**)	,063(*)	
P14_6	,067(**)				,064(*)	
P14_7	,052(*)				,092(**)	
P14_8		,068(**)		-,068(**)		
P14_9			-,066(*)	-,050(*)	,091(**)	
P16_1		,210(**)	,109(**)			,204(**)
P16_2	-,087(**)	,087(**)			,087(**)	
P16_3		,056(*)				
P16_4	-,073(**)	-,063(*)	-,072(**)	,054(*)		
P16_5	,057(*)	,116(**)	-,054(*)	-,159(**)	,223(**)	
P16_6		,084(**)		-,060(*)	,107(**)	
P16_7	-,124(**)	,118(**)		-,148(**)	,203(**)	
P16_8			,060(*)	-,065(*)	,074(**)	
P16_9		-,112(**)		,060(*)	-,110(**)	
P16_10		-,176(**)			-,088(**)	
P16_11	,148(**)	-,082(**)	,051(*)	,101(**)	-,152(**)	
P16_13	-,086(**)	,076(**)			,063(*)	
P16_14		,175(**)		-,221(**)	,219(**)	
P16_15			,077(**)			
P17_1				,053(*)		
P17_2			,079(**)	,167(**)	-,153(**)	,064(*)
P17_3			,096(**)		-,068(**)	
P17_4	,109(**)			,052(*)	-,050(*)	
P17_5		-,065(*)	,091(**)	,104(**)	-,123(**)	,077(**)
P17_6	-,049(*)	-,084(**)	,090(**)	,070(**)	-,103(**)	,053(*)
P17_7		-,089(**)	,102(**)	,080(**)	-,122(**)	,061(*)
P17_8		-,088(**)	,051(*)	,104(**)	-,130(**)	
P17_9		-,120(**)	,115(**)	,458(**)	-,425(**)	

** A correlación é significativa no nivel 0,01 (unilateral).

* A correlación é significativa no nivel 0,05 (unilateral).

Variabes	Provincia	Hábitat	Xénero	Idade	Estudos	Traballo
P17_10	-,055(*)		,071(**)	,120(**)	-,057(*)	
P17_11	-,053(*)		,103(**)	,061(*)	-,166(**)	,098(**)
P17_12			,104(**)	,054(*)	-,111(**)	
P17_13			,070(**)	,073(**)	-,131(**)	,059(*)
P17_14	,100(**)			,121(**)	-,056(*)	
P17_15	,054(*)			,185(**)	-,104(**)	
P18	,096(**)	-,064(*)	,053(*)		-,058(*)	,070(**)
P18_1				-,263(*)	-,261(*)	
P19				,368(**)	-,119(**)	-,129(**)
P20	,160(**)	,100(**)	-,087(**)	-,248(**)	,296(**)	
P21	-,058(*)	-,063(*)	,057(*)	,111(**)	-,206(**)	
P22_1	,080(**)			-,137(**)		,070(**)
P22_2		-,080(**)	,055(*)		-,130(**)	,078(**)
P23_1		-,175(**)	,144(**)	,365(**)	-,448(**)	,061(*)
P23_2		-,127(**)	,194(**)	,216(**)	-,362(**)	,134(**)
P24		-,084(**)		,131(**)	-,176(**)	,071(**)
P25	,072(**)		-,131(**)	-,536(**)	,279(**)	,056(*)
P26		-,138(**)		,168(**)	-,252(**)	
P27_1	-,133(**)	-,073(**)	,126(**)	,212(**)	-,252(**)	
P27_2	,092(**)			-,105(**)	,129(**)	
P27_3			-,050(*)	-,064(*)	,147(**)	
P27_4		,062(*)	-,056(*)	-,080(**)	,097(**)	
P27_5		,048(*)		-,068(**)	,100(**)	
P27_6					,055(*)	
P27_7	,075(**)			-,129(**)	,099(**)	
P27_8		,067(**)		-,110(**)	,193(**)	-,052(*)
P27_9	,064(*)		-,091(**)	-,145(**)	,107(**)	
P27_10	,084(**)		-,125(**)	-,146(**)	,183(**)	

** A correlación é significativa no nivel 0,01 (unilateral).

* A correlación é significativa no nivel 0,05 (unilateral).